# Decamerón

Giovanni Boccaccio

Tradución de Xavier Rodríguez Baixeras

ATG
asociación de
tradutores
galegos

# Giovanni Boccaccio

## Decamerón

Versión galega de Xavier Rodríguez Baixeras

**COMEZA O LIBRO CHAMADO DECAMERÓN, APELIDADO PRÍNCIPE GALEOTO. NO CAL SE CONTEÑEN CEN CONTOS CONTADOS EN DEZ DÍAS POR SETE DONAS E POR TRES MOZOS**

PROEMIO

Humana cousa é ter compaixón dos aflictos; e, por ben que a toda persoa lle aproveita, requírese especialmente de aqueles que xa tiveron mester de consolo e atopárono noutros; entre os cales, se alguén houbo que tivo necesidade del, ou lle foi grato, ou del recibiu pracer, eu son un. Pois, desde a miña máis remota mocidade ata agora, tendo sido inflamado en exceso por altísimo e nobre amor, moito máis se cadra de canto parecería convirlle á miña humilde condición, e son eu quen falo, por máis que logo fose loado e altamente considerado por aqueles que eran discretos e foron sabedores, moito traballo sufrín con el, e non, de certo, por crueldade da muller amada, mais polo excesivo lume concibido na mente a causa dun desordenado apetito; o cal, como non me deixaba ficar satisfeito en ningún termo conveniente, facíame a miúdo sentir máis mágoa cá necesaria. E en tal mágoa tanto refrixerio me prestaron os pracenteiros razoamentos dalgún amigo e os seus loábeis consolos, que teño por firmísima opinión que, por aconteceren, eu non estea morto. Mais, tal como lle prougo a Aquel que, sendo infinito, lles deu por lei inmutable a todas as cousas mundanas teren fin, o meu amor, máis afervoado ca ningún outro e ao cal ningunha forza de vontade nin de consello nin de vergoña evidente, nin perigo que o puidese seguir, dera roto nin dobregado, no decurso do tempo minguou por si mesmo, de xeito que a penas me deixou na mente aquel pracer que adoita outorgar a quen, navegando, non penetra nos seus máis tenebrosos pélagos; polo que, se antes adoitaba ser doloroso, ao borrar todo afán, sinto que ficou pracenteiro.

Mais, aínda que a mágoa cesou, non por iso fuxiu a memoria dos beneficios entón recibidos, dados por aqueles a quen, pola súa benevolencia, lles pesaban as miñas fatigas; nin nunca ha de pasar, coido eu, senón coa morte. E porque teño para min que a gratitude, entre as outras virtudes, é a máis digna de ser loada, e de ser reprobada a súa contraria, para non parecer ingrato, propúxenme no pouco que eu puider, a troco do que recibín, agora que me podo dicir libre, prestarlles algún alivio, se non a

aqueles que me axudaron, a quen, se cadra, mercé ao seu siso ou á súa boa ventura, non lles é mester, cando menos aos que precisan del. E por ben que o meu apoio, ou que diga consolo, poida ser e for moi pouco para os necesitados, coido, así e todo, que debe prestarse alí onde a necesidade parece meirande, tanto porque será de maior utilidade como tamén porque será máis prezado.

¿E quen ha negar que, por pequeno que sexa, non conveña moito máis prestarllo ás xeitosas donas moito antes que aos homes? Elas, temendo ou avergoñándose, gardan ocultas as amorosas chamas, as cales, canta máis forza teñen cás manifestas, ben o saben os que as probaron; e, para máis, obrigadas polas arelas, polos praceres, polas ordes dos pais, das nais, dos irmáns e dos maridos, permanecen o máis do tempo recluídas no ámbito das súas cámaras, sedentes e case folgadas, querendo e, asemade, non querendo, argallando diversos pensamentos que non poden ser ledos sempre. E se, a causa deles, unha melancolía, movida por fogoso desexo, sobrevén nas súas mentes, con grande mágoa debe nelas demorarse, se non é remexida por novos razoamentos; á parte de que, soportándoa, elas son menos fortes cós homes; o cal non lles ocorre aos homes namorados, como manifestamente podemos ver. Eles, se os aflixe algunha melancolía ou pesadume, teñen moitas maneiras de superar ou aliviar ese estado, pois, de quereren, nunca lles falta o paseo, oír e ver moitas cousas, paxariñar, cazar, pescar, cabalgar, xogar ou mercadear; distintos modos con que cada un adquire a forza para, en todo ou en parte, recuperar o ánimo e apartalo do seu anoxoso pensamento cando menos por algún espacio de tempo, após do cal, así como así, sobrevén o consolo ou decrece a mágoa.

Por tanto, a fin de que poida remediar, cando menos en parte, o torto que lles fixo a fortuna, que, onde menos obrigado era, como vemos nas delicadas donas, máis avara foi de apoio na axuda e no refuxio daquelas que aman, pois as outras xa teñen abondo coa agulla, o fuso e a debandoira, fago mentes de contar cen contos, ou fábulas, ou parábolas, ou como as queiramos chamar, contados durante dez días por un honesto grupo de sete donas e de tres mozos, formado no tempo pestilente da pasada mortaldade, e algunhas cántigas cantadas polas devanditas para o seu pracer. Nos cales contos veranse pracenteiros e ríspetos casos de amor e outros azarosos sucesos acontecidos tanto nos tempos modernos coma nos antigos; nos que as ditas donas que os leren poderán pillar deleite das divertidas cousas que neles se contan e, asemade, útil consello, xa que coñecerán aquilo do que se debe fuxir e, igualmente, o que se debe seguir; e isto non creo que poida acontecer sen que cesen os seus afáns. E se tal acontece, queira Deus que así sexa, déanlle gracias a Amor, o cal, librándome dos seus lazos, concedeume poder atender aos seus desexos.

## COMEZA A PRIMEIRA XORNADA DO *DECAMERÓN*, NA CAL, DESPOIS DA DECLARACIÓN FEITA POLO AUTOR SOBRE A RAZÓN DE POR QUÉ ACONTECEU QUE AS PERSOAS QUE LOGO SE MOSTRAN SE XUNTASEN PARA CONVERSAR, BAIXO A GUÍA DE PAMPINEA, FÁLASE

## DE AQUILO QUE MÁIS AGRADA A CADA UN

Cantas máis veces, xeitosísimas donas, considero o compasivas que sodes todas por natureza, mellor comprendo que a presente obra, segundo o voso xuízo, terá un inicio triste e doloroso, como dolorosa é a lembranza da pestilente mortaldade pasada, principalmente daniña para aquel que a viu ou coñeceu doutro modo e que esta obra leva escrita no seu inicio. Pero non quero que, por iso, vos espante seguir lendo, como se deberades estar lendo entre suspiros e bágoas. Que este comezo arrepiante vos sirva como aos camiñantes un monte ríspeto e costento, tralo cal se esconda unha chaira fermosa e deleitábel, a cal é máis pracenteira canto maior foi a mágoa da subida e da baixada. E así como a dor sucede ao colmo da ledicia, así as miserias rematan na ledicia que sobrevén. A este breve anoxo (digo breve porque cabe en poucas palabras) séguelle de contado a dozura e o pracer que vos prometín e que tal vez non sería esperado de semellante inicio, se antes non se dixese. E, abofé, se eu puidese conducirvos axeitadamente, como, por outra banda, desexo, por un carreiro tan ríspeto coma este, faríao de bo grado; pero, posto que a causa de suceder que as cousas que logo se han ler non se poderían mostrar sen esta rememoración, dispóñome a escribilas case obrigado pola necesidade.

Digo, pois, que xa os anos da fructífera encarnación do Fillo de Deus chegaran ao número de mil trescentos corenta e oito, cando á egrexia cidade de Florencia, máis fermosa ca ningunha outra de Italia, chegou a peste; a cal, ben por influxo dos astros, ben a causa da xusta ira de Deus enviada, para a nosa corrección, sobre os mortais, por causa das nosas inicuas obras, orixinada algúns anos antes no Oriente, exterminando innumerábeis cantidades de habitantes, seguindo sen cesar dun lugar a outro, espallárase miserablemente cara a Occidente. E non valendo contra ela ningún saber nin humano remedio, polo que foi purgada a cidade de moitas inmundicias a cargo de oficiais designados para iso, e prohibida a entrada nela dos enfermos, e dados moitos consellos para a conservación da sanidade, nin tampouco humildes súplicas dirixidas a Deus por moitas persoas, non unha senón moitas veces, en ordenadas procesións, comezou horriblemente, e de maneira prodixiosa, a evidenciar os seus dolorosos efectos contra o comezo da primavera do devandito ano. E non como fixera en Oriente, onde botar sangue polo nariz era manifesto sinal de morte inevitábel; senón que, ao comezo dela, nacíanlles, tanto aos homes coma ás mulleres, ben nas inguas, ben nos sobrazos, certos vultos, algúns dos cales medraban coma unha mazá normal, outros coma un ovo, e uns máis e outros menos, e o común chamábaos bubóns. E desde ámbalas partes do corpo, en breve, o mortífero bubón naceu e medrou indistintamente en calquera parte, e, despois, o síntoma da dita doenza foi mudando en manchas negras ou moradas, que lles aparecían a moitos polos brazos ou polas coxas ou en calquera parte do corpo, a uns grandes e raras, a outros miúdas e mestas. E como o bubón fora primeiramente, e aínda era, indicio certísimo de futura morte, así eran tamén estas para aqueles aos que lles saían.

Para a curación destas enfermidades non parecía que servise nin que aproveitase consello de médico nin remedio de menciña ningunha; máis ben, ou porque a natureza

do mal non o permitise ou porque a ignorancia dos curandeiros (entre os cales, á parte dos médicos, chegara a ser moi grande o número tanto de homes como de mulleres que non recibiran doutrina ningunha de medicina) non coñecía de onde proviña e, por consecuencia, non lle puña o remedio adecuado, non soamente curaban poucos, senón que case todos, contra o terceiro día da aparición dos devanditos síntomas, antes ou despois, e os máis sen febre ningunha nin outro accidente, morrían. E esta peste tivo grande forza porque, por mutuo contacto, transmitíase dos enfermos aos sans, non doutro xeito que o lume cando lle son achegadas cousas secas ou graxentas. E o mal aínda foi máis alá, pois a parola e o trato cos enfermos non só lles transmitía aos sans a enfermidade ou era causa de morte común, senón que tamén tocar a roupa ou que calquera cousa dos enfermos fose tocada ou usada parecía levar consigo a tal doenza ao tocador. Cousa extraordinaria de oír é o que agora vou contar, o cal, se polos ollos de moitos e dos meus, non chega a ser visto, a penas eu me atrevería a crelo, non xa a escribilo, e iso que llo oín a persoa de fiar. Digo que foi tan eficaz a natureza da dita peste no contaxio, que non só se transmitiu de home a home, senón que fixo moito máis e a miúdo visiblemente: que unha cousa dun home que estaba enfermo, ou morto de tal enfermidade, tocada por outro animal alleo á especie do home, non soamente o contaxiaba, senón que, ao moi pouco tempo, o mataba. E diso os meus ollos, como pouco antes foi dito, tiveron un día, entre outras, a seguinte experiencia: estando os farrapos dun pobre home, morto a causa da enfermidade, tirados na vía pública e achegándose a eles dous porcos, e, como adoitan facer, prendéndoos e sacudíndoos cos fociños e cos dentes, e contra as faceiras, logo dalgunha contorsión, coma se tivesen comido veleno, ambos caeron sobre os inmundos despoxos.

Destas cousas e de moitas semellantes ou peores xurdiron diversos temores e fantasías naqueles que seguían vivos, e case todos tendían a un fin tan cruel como era o de esquivar ou fuxir dos doentes e das súas cousas; e facendo tal, cadaquén cría conquistar saúde para si. E había algúns que pensaban que vivindo con moderación e gardándose de toda cousa superflua poderían resistir tanta desgracia; e formando un grupo, vivían apartados dos máis, e recolléndose e fechándose nas casas onde non houbese ningún enfermo e se vivise mellor, tomando con mesura delicadísimos manxares e óptimos viños e fuxindo de todo exceso, sen deixar que lles falase ninguén nin quereren oír ningunha nova de fóra sobre enfermos ou morte, pasaban coa música e cos praceres que podían. Outros, levados por contraria opinión, afirmaban que o moito beber e gozar, e andar cantando por aí e divertíndose, e satisfacer o apetito con todo o que se puidese, e rir e mofarse daquilo que acontecía, era menciña eficacísima para tanto mal; e tal como dicían púñano en práctica no que podían, indo día e noite quer a aquela taberna quer a aqueloutra, bebendo a rachar, e facéndoo sobre todo polas casas alleas, mal sentían que algo lles era de agrado ou para o seu pracer. E iso podíano facer doadamente, pois cadaquén, como se xa non houbese de vivir máis, tiña as súas cousas tan abandonadas coma a si mesmo; polo que as máis das casas chegaran a ser comúns, e tanto as usaba o estraño, só con que dese con elas, como o propio señor as usaría; e, malia tan bestial comportamento, sempre que podían, escapaban dos enfermos. E, en tanta aflicción e miseria da nosa cidade, estaba a reverenda autoridade das leis, tanto divinas como humanas, case caída e destruída

toda polos seus ministros e executores, os cales, coma os demais homes, estaban todos mortos ou enfermos, ou quedaran tan privados de servidores que non podían facer oficio ningún; polo que lle era lícito a cada un obrar ao seu antollo. Outros moitos seguían, entre as dúas devanditas, unha terceira vía, non restrinxindo as viandas coma os primeiros nin excedendo no beber e en facer outros excesos coma os segundos, senón que usaban as cousas con suficiencia segundo os apetitos, e, sen se recluír, andaban por aí, levando na man quen flores, quen herbas aromáticas, quen distintas castes de especias, algunhas das cales puñan a miúdo no nariz, estimando que era óptima cousa confortar o cerebro cos tales aromas, como queira que todo o ar parecía impregnado do fedor dos cadáveres e da enfermidade. Algúns eran de parecer máis cruel, aínda que, se cadra, era máis seguro, dicindo que ningunha menciña había mellor nin tan boa contra a peste como fuxir dela; e, movidos por tal argumento, non coidando máis que de si, moitos homes e mulleres abandonaron a propia cidade, as propias casas, os seus lugares e os seus parentes e as súas cousas, e procuraron as alleas ou, cando menos, o campo, como se a ira de Deus non se encamiñase a castigar con aquela pestilencia a maldade dos homes onde queira que estivesen, senón que, alporizado, procurase ferir só a aqueles que se atopasen intra muros da súa cidade, como avisando que ninguén podía ficar nela e que lle chegara a súa hora. E aínda que non todos os que opinaban de maneira distinta morreron, con todo, non todos se salvaron; pola contra, enfermando por todas partes moitos dos da distinta opinión, tendo dado exemplo, cando estaban sans, aos que sans ficaban, case abandonados, esmoreceron por todas partes. E deixemos de man que un cidadán evitase a outro e que case ningún veciño se ocupase do outro e que os parentes poucas veces ou nunca se visitasen, e de lonxe; entrara esta tribulación con tal espanto nos peitos dos homes e das mulleres, que un irmán abandonaba a outro e o tío ao sobriño e a irmá ao irmán e, a miúdo, a esposa ao seu marido; e o que é cousa de ver e case non críbel, os pais e as nais evitaban visitar e servir aos fillos, coma se non fosen seus. Así que, para os que enfermaban, que eran incalculábeis en número, tanto homes coma mulleres, non quedou outro remedio que ou ben a caridade dos amigos (e destes había poucos) ou a avaricia dos criados, os cales servían atraídos polos altos e abusivos salarios, aínda que, con todo, non había moitos; e os que había eran homes e mulleres de basta índole e os máis non afeitos a tales servicios, que non servían máis que para levarlles aos enfermos o que pedían ou para velos morrer; e facendo tal servicio, a miúdo perdíanse a si mesmos co gaño. E deste seren abandonados os enfermos polos veciños, parentes e amigos e de haber necesidade de serventes, difundiuse un costume case nunca oído antes: que a ningunha muller, por moi xeitosa, linda ou xentil que fose, cando enfermaba, lle importaba ter ao seu servicio un home, tanto se era novo coma non, e descubrirlle sen ningunha vergoña calquera parte do corpo, igual que faría ante calquera muller se a necesidade da súa doenza o requirise; o cal, naquelas que curaron, foi se cadra causa de menor honestidade no sucesivo. E, alén disto, seguiuse a morte de moitos que, tal vez, de seren axudados, se terían salvado; polo que, entre a falta dos oportunos servicios que os enfermos non podían ter, e a forza da peste, era tan alto o número dos que, día e noite, morrían na cidade, que causaba abraio escoitalo dicir, canto máis miralo. Polo que, case por necesidade, entre os que ficaban

vivos, xurdiron cousas distintas aos primeiros costumes dos cidadáns.

Era usanza, tal como hoxe vemos que é adoito, axuntárense as parentes e veciñas na casa do morto e que aquí, con aquelas que lles eran máis achegadas, chorasen; e que, por outra banda, ante a casa do morto, os veciños e outros moitos cidadáns se axuntasen cos seus achegados; e, segundo o rango do morto, aparecía o clero; e aquel, a ombros dos seus iguais, con funeral pompa de cera e de cánticos, era conducido á igrexa que escollera antes de morrer. Todo o cal, logo que deu en aumentar a ferocidade da peste, cesou completamente ou na súa maior parte, e algo novo sobreveu no seu lugar. Porque non só morría a xente sen ter moitas mulleres ao redor, senón que tamén había moitos que partían desta vida sen testemuñas; e moi poucos eran aqueles aos que se lles concedían os compasivos prantos e as acedas bágoas dos seus parentes, antes ben, no seu lugar, adoitábanse risos, e chanzas e mais un festexar en compaña; costume que as mulleres, deixando en parte a compaixón feminina, aprenderan optimamente para a súa saúde. E poucos corpos eran acompañados ata a igrexa por máis de dez ou doce veciños; levándoos no cadaleito non os honorábeis e ilustres cidadáns, senón unha caste de sepultureiros provenientes da xentiña (que se facían chamar faquíns, e que prestaban estes servicios a soldo); e, con apresados pasos, non á igrexa que el dispuxera antes da morte o levaban, senón, polo regular, á máis próxima, detrás de catro a seis cregos con poucos cirios e, ás veces, sen ningún; os cales, coa axuda dos ditos faquíns, sen cansar nun oficio longo ou solemne de máis, metíano na primeira sepultura sen ocupar que atopaban.

Da xente baixa, e, tal vez, tamén da mediana, a visión era moito máis miserábel; porque estes, os máis retidos nas súas casas pola esperanza ou pola pobreza, ao ficaren nos seus arrabaldes, enfermaban a milleiros por día, e non sendo servidos nin axudados en nada, morrían case todos sen remedio. E había bastantes que morrían na rúa de día ou de noite, e moitos, aínda que finasen na casa, xa antes, co fedor dos seus corpos corruptos, facían saber aos veciños que estaban mortos; e destes e dos outros, que morrían por todas partes, todo estaba cheo. Os máis dos veciños procedían da mesma maneira, movidos non menos polo temor de que a corrupción dos mortos os ofendese que pola compaixón que puidesen sentir polos finados. Eles, ben por si mesmos, ben coa axuda dalgúns carrexadores, cando podían, traían das súas casas os cadáveres e púñanos diante da porta, onde, á mañá sobre todo, quen por alí andase podería ver innúmeros; e, facendo vir os cadaleitos, colocábanos alí, e algúns houbo que, por falta deles, puxéronos sobre unha táboa. E non foi un só cadaleito o que levou a dous ou tres xuntos, nin ocorreu unha soa vez, senón que se poderían contar bastantes que levaban a esposa co marido, dous ou tres irmáns xuntos, ou o pai e mailo fillo, ou grupos semellantes. E infinitas veces sucedeu que, indo dous cregos cunha cruz por algún, puxéronse tres ou catro cadaleitos, levados por carrexadores, detrás dela; e onde os cregos pensaban que tiñan que sepultar un morto, había seis ou oito, ou tal vez máis. E por iso estes non eran honrados por ningunha bágoa, nin cirio, nin compaña, senón que a cousa fora tan lonxe que se ocupaban dos homes que morrían non doutro modo que agora se ocuparían das cabras; polo que se fixo ben manifesto que a grandeza dos males convertera en asisados e conformes mesmo aos

simples, fronte a esas desgracias que acontecen no decurso natural das cousas, os danos das cales, poucos e esporádicos, non lles puideran aprender a soportar con paciencia nin sequera aos sabios. Para a gran cantidade de corpos indicada, que irrompía en cada igrexa cada día e cada hora, non chegando o sagrado para as sepulturas, e máxime se se quería dar lugar propio a cada un, segundo o antigo costume, facíanse nos cemiterios das igrexas, logo que cada parte estaba chea, grandísimas covas nas que se metían a centos os que sobreviñan; e naquelas estibas, como se meten as mercadorías das naves en estratos, recubríanse cunha pouca terra ata que se enchía de todo a cova.

E para non ir esculcando con todo pormenor nas nosas pasadas miserias acontecidas na cidade, digo que, igual que corría por ela un tempo hostil, non por iso o campo circundante se librou menos. No cal, deixando á parte os burgos, que eran semellantes á cidade na súa pequenez, polos casares illados e polas terras, os míseros labregos e as súas familias, sen ningunha asistencia de médico nin axuda de servente, polos camiños, polos outeiros, polas casas, de día e de noite indistintamente, non como homes, senón case como bestas, morrían. Polo que, volvéndose desleixados nos seus costumes coma os cidadáns, non coidaban para nada das súas cousas nin das súas facendas; antes ben, todos, coma se nese día ao que vían que chegaran esperasen pola morte, amañábanse co maior enxeño non en se esforzaren para conseguir os futuros froitos dos animais e das terras e dos seus pasados traballos, senón en consumir os que atopaban presentes. Polo que sucedeu que os bois, os burros, as ovellas, as cabras, os porcos, os polos e mesmo os cans, fidelísimos ao home, expulsados das casas, polos campos, onde as colleitas foran abandonadas, sen seren xa non recollidas, senón tampouco segadas, andaban á toa; e moitos, case coma racionais, despois de paceren ben durante o día, á noite volvían fartos para as súas casas, sen ningún goberno de pastor.

¿Que máis se pode dicir, deixando o campo e volvendo á cidade, senón que tanta e tal foi a crueldade do ceo, e se cadra, en parte, a dos homes, que entre o mes de marzo e o de xullo seguinte, pola forza da pestífera enfermidade e por seren moitos enfermos mal atendidos ou abandonados nas súas necesidades a causa do medo que lles tiñan os sans, crese de certo seren máis de cen mil criaturas humanas privadas da vida intra muros da cidade de Florencia, que, antes do mortífero caso, non se estimaría que houbese dentro tantas? Oh cantos grandes pazos, cantas casas fermosas, cantas nobres moradas cheas de serventes, de señores e de donas non ficaron baleiros ata do derradeiro criado! ¡Oh, cantas memorábeis estirpes, cantas anchísimas herdanzas, cantas afamadas fortunas se viron ficar sen debido sucesor! ¡Cantos valorosos homes, cantas belas mulleres, cantos garridos mozos, aos que non outros que Galeno, Hipócrates ou Esculapio xulgarían sanísimos, almorzaron á mañá cos seus parentes, compañeiros e amigos, á noite, o mesmo día, cearon cos seus entregos no alén!

Mesmo a min me anoxa andar remexendo entre tantas miserias; polo que, querendo xa deixar aquela parte das que podo oportunamente evitar, digo que, estando a nosa cidade nestes termos, case baleira dos seus habitantes, sucedeu, tal como eu lle oín a

persoa digna de creto, que na venerábel igrexa de Santa María Novella, unha terza feira á mañá, non habendo alí ningunha outra persoa, oídos os divinos oficios en vestido de dó como requirían os tempos, atopáronse sete donas novas, todas vinculadas por amizade, ou por veciñanza, ou por parentesco, das cales ningunha pasara do vixésimo ano nin era menor de dezaoito, todas discretas e de sangue nobre e ben feitiñas e adornadas de bos costumes e de xeitosa honestidade. Os nomes das cales eu diría se unha xusta razón non mo impedise, e é a seguinte: que eu non quero que ningunha delas se avergoñe das cousas que contaron, e que seguen, estando hoxe máis restrinxidas as leis do pracer, as cales eran entón amplísimas polas razóns arriba mostradas, non xa para a súa idade, senón para outra moito máis madura; nin tampouco darlles motivo aos envexosos, prestos a criticar toda vida loable, con que diminuíren nin migalla a honestidade das ilustres donas con falares inoportunos. Pero, a fin de que o que cada unha dixese poida ser comprendido axiña sen confusión, pretendo denominalas con nomes axeitados totalmente ou en parte á condición de cada unha; á primeira das cales, e de máis idade, chamaremos Pampinea, e á segunda Fiammetta, Filomena á terceira e á cuarta Emilia, e despois Lauretta chamaremos á quinta e á sexta Neifile, e á derradeira chamarémoslle Elissa non sen razón.

As cales, non xa levadas por algún propósito, senón polo azar, reunidas nunha parte da igrexa, sentando case en roda, así que acabaron os Noso Pais logo de moitos suspiros, puxéronse a falar de moitas e variadas cousas relativas ao carácter dos tempos.

E, logo dun anaco, calando as outras, Pampinea falou así:

—Miñas queridas donas: vós puidestes, igual ca min, ter oído moitas veces que a ningunha persoa fai aldraxe quen honestamente usa do seu dereito. Natural dereito de calquera que nace neste mundo é salvar, conservar e defender no posíbel a súa vida; e tanto isto se admite que xa ten ocorrido algunha vez que, por defendela, os homes téñense matado sen culpa ningunha. E se tal conceden as leis, nas solicitudes das cales confía o benestar de todo mortal, ¿canto non é lícito en maior medida, sen ofender a ninguén, usarmos os remedios que poidamos para a conservación da nosa vida? Cada vez que considero os nosos ademáns desta mañá e tamén os das outras pasadas e penso de qué natureza e calidade son os nosos razoamentos, comprendo, e vós igualmente o poderedes comprender, que cada unha de nós tema por si mesma; e diso en nada me marabillo, pero marabíllome fortemente de que, apercibida cada unha de termos sentimentos femininos, non lle poñades algún remedio a aquilo que fundadamente teme cada unha. Nós moramos aquí, ao meu parecer, non doutro modo que se quixesemos ou debesemos ser testemuñas de cantos corpos foron levados á sepultura, ou de escoitar se os frades de aquí dentro, dos cales o número ficou reducido a nada, cantan os seus oficios á hora debida, ou a mostrarlle a calquera que apareza, nos nosos vestidos, a calidade e a cantidade das nosas miserias. E se saímos de aquí, ou vemos cadáveres ou enfermos transportados aquí e alá, ou vemos aqueles a quen polos seus delictos a autoridade das públicas leis xa condenou ao exilio, pois saben que os seus executores están mortos ou enfermos, percorrer a cidade exercendo

a violencia con molesto ímpeto como escarnecéndoas, ou as feces da nosa cidade, excitadas co noso sangue, chamarse faquíns, e para o noso dano, iren cabalgando e correndo por todas partes, reprochándonos os nosos males con cancións deshonestas; e non oímos outra cousa que "estes morreron", "os outros están á morte"; e se houbese quen os fixese, habíamos de oír dolorosos prantos por todas partes. E se volvemos ás nosas casas, non sei se vos pasa como a min: eu, de moita familia, ao non atopar nela máis que a miña criada, espántome e sinto que me vén o arreguizo, e paréceme, onde queira que eu vou ou se fico nela, ver as sombras dos que morreron, e non con aqueles rostros que adoitaban, senón cun aspecto horríbel que de novo a eles veu, non sei de onde, para me espantar. Polo que aquí e fóra de aquí, e na casa, seica estou mal, e tanto máis aínda canto me parece que ningunha persoa que teña algúns recursos e un lugar a onde ir, como nós temos, ficase aquí, salvante nós. E oín e vin moitas veces que se ficaron algúns destes, sen facer ningunha distinción entre as cousas honestas e deshonestas, con só que o apetito llelo pida, sos ou acompañados, de día ou de noite, fan o que maior deleite lles ofrece; e non só as persoas libres, senón tamén as recluídas nos mosteiros, persuadíndose de que iso lles convén e só é rexeitábel nos outros, crebando as leis da obediencia, entréganse aos deleites carnais, pensando salvarse de tal guisa, e fixéronse lascivas e disolutas. E se así é, como manifestamente se ve, ¿que facemos nós aquí, que esperamos, que soñamos? ¿Por que somos máis preguiceiras para a nosa salvación có resto dos cidadáns? ¿Témonos por menos que todas as outras? ¿Ou cremos que a nosa vida está amarrada con cadeas máis fortes ao noso corpo cá dos outros, e así non nos debemos coidar de nada que teña forza para ofendela? Erramos, trabucámonos, qué insensatez a nosa se coidamos tal. Cántas veces queiramos lembrar cántos e cáles foron os mozos e as donas vencidos por esta peste cruel, teremos aí unha clarísima demostración. E así, para non caermos por demasiado desdén ou excesiva confianza naquilo que, se cadra, dalgún modo podemos evitar, non sei que vos parecerá a vós o que a min me parece: eu xulgaría óptimo que, tal como estamos, tal como moitos antes que nós fixeron e fan, saisemos desta terra, e que, fuxindo dos deshonestos exemplos alleos coma da morte, partisemos para as nosas herdades no campo, das cales cada unha de nós ten en abundancia, e alí aquela festa, aquela ledicia e aquel pracer que puidesemos, sen pasar nin un chisco o límite da razón, emprendesemos. Óense alí cantar as paxuriñas, vense verdear outeiros e chans, e as terras, cheas de searas, ondear non doutro modo có mar, e moitas castes de árbores, e o ceo máis abertamente; o cal, por ben que anoxado estea, non por iso nos nega as súas belezas eternas, que son moito máis belas de mirar cós muros baleiros da nosa cidade; e alí, a máis disto, o ar é moito máis fresco, e das cousas que son precisas para este tempo hainas en maior abundancia e é menor o número das molestas. Polo que, aínda que alí morran os labregos coma aquí os cidadáns, o desgusto é tanto menor cantas menos son que na cidade as casas e os seus habitantes. E aquí, por outra banda, se ben vexo, non abandonamos a ninguén, antes podemos dicir en verdade que fomos abandonadas; porque os nosos, quer morrendo, quer fuxindo da morte, coma se non fosemos súas, deixáronnos soas en tanta aflicción. Ningunha censura, pois, se pode seguir de tal consello; dor e mágoa e mesmo morte, non seguíndoo, podería sobrevirnos. E por iso, cando vos pareza, tomando as nosas criadas e facéndonos acompañar de todo o necesario, hoxe aquí e

mañá acolá, coido que estaría ben que gozasemos da ledicia e da festa que este tempo nos poida ofrecer; e permanecer deste modo ata que vexamos, se antes a morte non nos sobrevén, qué fin reserva o ceo a estas cousas. E lembrade que non desdí de nós partir honestamente o que faga a gran parte das outras ficar deshonestamente.

As outras donas, oída Pampinea, non soamente loaron o seu consello, senón que, arelantes de seguilo, comezaron a tratar entre si a maneira, coma se, erguéndose de onde sentaran, fosen emprender súpeto o camiño.

Pero Filomena, que era moi prudente, dixo:

—Miñas donas, por óptimas que sexan as razóns de Pampinea, non por iso é cousa de correr a facelo, como parece que queredes. Lembrade que nós somos todas mulleres, e non hai ningunha tan nena para non coñecer como as mulleres saben rexerse cando razoan xuntas e sen a providencia dalgún home. Nós somos volúbeis, litigantes, receosas, pusilánimes e medorentas; polo que moito dubido de que, se non tomamos máis guía cá nosa, esta compaña non se disolva moi axiña e con menos honor para nós do que sería preciso; e por iso cómpre tomar medidas antes de comezar.

Entón dixo Elissa:

—Certamente, os homes son cabeza das mulleres e, sen o seu mando, poucas veces algunha obra nosa logra un fin loable; pero, ¿como podemos atopar eses homes? Todas sabemos que a maior parte dos seus están mortos e que os que viven permanecen aquí e alá en diversos grupos, sen sabermos ónde, escapando de aquilo do que nós queremos escapar; e admitir a estraños non sería conveniente; polo que, se procuramos a nosa saúde, cómpre rexérmonos de xeito que, ao tempo que imos por deleite e descanso, non haxa fastío e discordia.

Mentres as donas facían estes razoamentos, velaquí que entran na igrexa tres homes mozos, pero non tanto como para que a idade do máis novo deles fose menor de vintecinco anos. Nos cales nin a perversidade dos tempos nin a perda dos amigos ou de parentes nin o medo de si mesmos puidera non xa apagar amor, senón arrefecelo. Deles, un chamábase Panfilo, o segundo Filostrato e o último Dioneo, moi agradábeis e corteses todos; e andaban buscando para o seu maior consolo, entre tanta turbación, ver as súas donas, as cales, por acaso, eran tres das devanditas sete, aínda que algunhas outras eran parentes dalgúns deles.

E non se descubriron aos ollos deles antes de eles seren vistos por elas; polo que Pampinea dixo, sorrindo:

—Velaquí que a fortuna lles é favorábel aos nosos comezos e púxonos diante mozos discretos e valorosos, os cales de bo grado nos han facer de guías e serventes, se non evitamos tomalos para este oficio.

Entón Neifile, toda acorando coa vergoña, pois era unha das amadas por un dos

mozos, dixo:

—Pampinea, por Deus, mira ben como falas. Eu ben sei que só poden ser ditas cousas boas de calquera deles, e cóidoos capaces para unha cousa moito maior ca esta; e igualmente penso que teñen que ser unha boa e honesta compaña non xa para nós, senón tamén para outras máis fermosas e queridas ca nós. Pero, posto que é cousa manifesta que son os mozos dalgunhas das que estamos aquí, temo que, sen culpa nosa nin deles, non se siga infamia ou censura, se os levamos.

Entón dixo Filomena:

—Iso tanto ten; alá onde eu viva honestamente e non me remorda por algo a conciencia, que fale quen queira en contra; Deus e a verdade tomarán as armas por min. Ora: se eles estivesen dispostos a vir, certamente, como dixo Pampinea, poderemos dicir que a fortuna é favorábel á nosa marcha.

As outras, oíndoas falar así, non soamente calaron, senón que, con consentimento acorde, dixeron todas que fosen chamados e se lles dixese a súa intención e se lles pregase que tivesen o pracer de acompañalas na dita marcha. Polo que, sen máis palabras, Pampinea, póndose en pé, sendo parente dalgún, achegouse a eles, que estaban parados a mirar, e, saudándoos con alegre xesto, fíxolles manifesta a intención delas e pregoulles de parte de todas que, con ánimo puro e fraternal, quixesen disporse a aceptalas en compañía. Os mozos, ao primeiro, creron que se burlaba deles, pero logo que viron que a dona falaba en serio, responderon alegremente estaren preparados; e, sen demora ningunha, antes de partir de alí, deron orde do que tiñan que facer para a partida. E facendo aparellar ordenadamente todas as cousas e mandándoas antes a onde pensaban ir, á mañá seguinte, isto é, corta feira, ao raiar o día, as donas con algunhas das súas criadas e os tres mozos con tres dos seus serventes, saíndo da cidade, puxéronse en camiño; e non se afastaran desta máis de dúas millas escasas, cando chegaron ao lugar que decidiran.

Estaba o dito lugar sobre un outeiro, algo afastado por todas partes das nosas estradas, con diversos arbustos e plantas todas ateigadas de verde follaxe, pracenteiras á vista; no cimo do cal había un pazo con fermoso e grande patio no medio, e con galerías e con salas e con cámaras, cada unha no seu xénero belísima, e adornadas con alegres pinturas dignas de admirarse, con pradiños ao redor e con xardíns marabillosos e con pozos de auga fresquísima e con adegas de prezados viños: cousas máis propias de refinados bebedores que de sobrias e honestas donas. O cal, todo varrido, e coas camas feitas nas cámaras e con todo cheo de cantas flores se podían ter na estación e tapizado de xuncos, atopou o grupo con non pouco pracer.

E, sentados a penas chegaron, dixo Dioneo, que era mozo agradábel e moi ocorrente:

—Miñas donas, o voso siso, máis có noso apercibimento, guiounos ata aquí; eu non sei o que tencionades cos vosos pensamentos; os meus deixeinos dentro dos muros da

cidade ao saír dela, hai pouco, canda vós; e por iso, ou vos dispoñedes a folgar, a rir e a cantar xuntamente comigo (tanto, digo, canto convén á vosa dignidade) ou me dades licencia para que eu regrese polos meus pensamentos e fique na cidade atribulada.

Ao que Pampinea, non doutra maneira que se igualmente tivese botado os seus fóra de si, respondeu alegre:

—Dioneo, ben falaches; festivamente se quere vivir, pois non nos fixeron fuxir senón as tristezas. Pero, como as cousas sen orde nin medida non poden durar longamente, eu, que fun a que comezou os razoamentos polos que se formou esta linda compaña, pensando en continuar esta nosa ledicia, estimo que por necesidade é conveniente que haxa entre nós algún guía, ao cal honremos e obedezamos como autoridade, no que todo pensamento sexa o de dispor que vivamos alegremente. E para que cada un probe o peso da solicitude xunto co pracer do mando e, por conseguinte, levados dunha banda a outra, para que o que non o probe non poida ter envexa ningunha, propoño que se atribúa a cada un, por un día, o peso e mais o honor; e, por elección, quen debe ser o primeiro de todos nós; sexa este daqueles que virán de seguido, cando se achegue a tardiña: aquel ou aquela que praza a aquel ou a aquela que teña sido o guía da xornada; e este, segundo o seu arbitrio, ordene e dispoña o tempo que o seu mandato debe durar e o lugar e modo como imos vivir.

Estas palabras compraceron sumamente a todos, e a unha voz elixírona raíña do primeiro día; e Filomena, correndo axiña onda un loureiro (pois ben de veces oíra falar de canto honor as súas follas eran dignas e que digno de honor era o coroado merecidamente con el), collendo algunhas pólas, fixo con elas unha grilanda honrosa e rechamante; a cal, posta sobre a testa, foi logo para os outros, mentres durou a compaña, sinal manifesto de rexia autoridade e señorío.

Pampinea, feita raíña, mandou que todos calasen, tendo xa chamados aos criados dos tres mozos e ás súas criadas, que eran catro; e, calando todos, dixo:

—Para que, primeiro, eu vos dea exemplo a todos vós, polo que a nosa compaña, procedendo cada vez mellor con orde e con pracer e sen vergoña ningunha, viva e dure canto nos sexa de grado, eu primeiramente designo a Parmeno, criado de Dioneo, o meu mordomo, e a el encomendo o coidado e a atención de toda a nosa servidume e o que atinxe ao servicio da mesa. Sirisco, criado de Panfilo, quero que sexa o noso administrador e tesoureiro e que siga as ordes de Parmeno. Tíndaro, ao servicio de Filostrato e dos outros dous, que atenda as súas cámaras cando os outros, impedidos polas súas ocupacións, non puidesen atendelas. Misia, a miña criada, e Licisca, a de Filomena, estarán continuamente na cociña e arranxarán con dilixencia aquelas viandas que lles ordene Parmeno. Quimera, de Lauretta, e Stratilia, de Fiammetta, queremos que se ocupen do goberno das cámaras das donas e da limpeza dos lugares onde estaremos. E queremos e mandamos que cada un en xeral, se é que estima a nosa gracia, onde queira que vaia ou que volva, que escoite ou que vexa, non nos traia de

fóra máis que novas alegres.

E dadas sumariamente estas ordes, as cales foron de todos loadas, erguéndose, moi leda, dixo:

—Aquí hai xardíns, aquí hai prados, aquí hai outros lugares moi deleitosos, polos que cada un pode folgar ao seu pracer; e cando toque a hora de terza, que todos estean aquí para comer coa fresca.

Despedido, pois, o alegre grupo pola nova raíña, os mozos, xunto coas lindas donas, parolando de cousas deleitábeis, penetraron a modo nun xardín, facendo belas grilandas con diversas pólas, e cantando amorosamente. E logo de demoraren tanto espacio de tempo como lles fora concedido pola raíña, chegados á casa, atoparon que Parmeno comezara dilixentemente a súa tarefa, polo que, entrados nunha sala a rentes do chan, viron as mesas postas con manteis branquísimos e con vasos que parecían de prata, e cada cousa cuberta por flores de xesta; con que, dada a auga ás mans, como lle prougo á raíña, sentaron todos segundo o criterio de Parmeno. Viñeron as viandas, preparadas delicadamente, e apareceron finísimos viños; e, sen máis, ordenada e quedamente, os tres criados serviron as mesas. Alegrados todos por estas cousas, pois eran fermosas e ordenadas, comeron entre festas e palabras ocorrentes; e, levantadas as mesas, como todas as donas sabían as danzas de carola, e igualmente os mozos, e algún deles tocar e cantar optimamente, mandou a raíña que viñesen os instrumentos; e, por orde dela, tomando Dioneo un laúde e Fiammetta unha viola, comezaron a tocar docemente unha danza; polo que a raíña coas outras donas, xuntamente cos dous mozos, mandados os criados a comer, con pasos lentos puxéronse a danzar unha carola; e, en rematando esta, comezaron a cantar cancións fermosas e alegres. E así estiveron ata que lle pareceu á raíña que debían irse deitar; polo que, dando a todos licencia, os tres mozos foron para as súas cámaras, separadas das que eran das donas, as cales atoparon cos leitos ben feitos e tan cheos de flores como a sala, e tamén as donas as súas; polo que, espíndose, foron descansar.

Non había moito que tocara a nona, cando a raíña, erguéndose, fixo erguerse a todas as outras, e igualmente aos mozos, afirmando que era nocivo durmir durante o día; e así foron para un prado, no cal a herba era verde e alta, e non podía por ningures bater o sol; e aquí, sentindo vir unha maina araxe, tal como quixo a súa raíña, sentaron todos en roda sobre a verde herba, e ela díxolles así:

—Como vedes, o sol vai alto e a calor é grande, e só se oen as carricantas sobre das oliveiras, polo que ir agora para algures sería absoluta necidade. Aquí estase ben e vai fresco, e hai, como vedes, taboleiros e pezas de xadrez, e cada quen pode, segundo ao seu ánimo máis lle prouguer, deleitarse. Pero se nisto se seguise o meu parecer, pasariamos esta parte calorosa do día, non xogando, co cal o ánimo dunha das partes cómpre que se turbe sen demasiado pracer para a outra nin para quen está a ver, senón contando contos (o que, falando un, pode causar deleite a toda a compaña). Aínda non acabariades de dicir cada un o voso conto, cando xa o sol tería declinado e a calor

desaparecido, e podiamos ir folgar onde máis fose do noso agrado; e por iso, se gustades disto que eu vos digo, posto que eu estou disposta a compracervos, fagámolo; e se non vos prouguer, que cada un faga o que guste ata a hora do solpor.

Tanto os homes coma as mulleres loaron o de contar.

—Entón –dixo a raíña– se isto vos prace, quero que, por esta primeira xornada, cada un sexa libre de falar da materia que máis lle agrade.

E, volta para Panfilo, o cal sentaba á súa dereita, díxolle de xeito agradábel que cun dos seus contos dese principio aos outros; e Panfilo, oído o mandato, sendo escoitado por todos, comezou así.

## CONTO PRIMEIRO

*Don Cepparello, cunha falsa confesión, engana a un santo frade, e morre; e, tendo sido un pésimo home en vida, morto é reputado por santo e chamado san Ciappelletto*

Cómpre, queridísimas donas, que a cada cousa que o home fai lle dea principio no admirábel e santo nome de Aquel que de todas foi facedor. Polo que, debendo dar eu comezo, como primeiro, aos nosos contos, pretendo comezar cunha das súas marabillosas cousas, para que, oíndoa, a nosa esperanza en El, non suxeita a mutacións, se afirme, e o seu nome sexa sempre loado por nós. Manifesta cousa é que, como as cousas temporais son todas mortais e transitorias, así están en si e fóra de si cheas de mágoas, de angustia e de fatiga, e suxeitas a infinitos perigos; as cales nós, que vivimos mesturados con elas e somos parte delas, non poderemos en absoluto resistir nin evitar, se a especial gracia de Deus non nos prestase forza e prudencia. A cal non hai por que crer que descenda a nós e en nós por algún mérito noso, senón movida pola súa propia bondade e impetrada polas súplicas daqueles que, tal como nós somos, foron mortais, e que, seguindo a vontade de El en vida, agora con El son xa eternos e benaventurados; aos cales nós mesmos, como a intermediarios informados por experiencia da nosa fraxilidade, se cadra por non ousarmos formular as nosas pregarias perante tan alto xuíz, lles pedimos as cousas que cremos oportunas. E en El, cheo de piadosa liberalidade para nós, descubrimos algo máis grande e liberal aínda: que, non podendo a agudeza do ollo mortal traspasar en absoluto o segredo da divina mente, ocorre ás veces que, enganados pola opinión, facemos intermediario ante a súa maxestade a quen foi por ela castigado a eterno exilio; e, con todo, El, ao cal nada permanece oculto, atendendo máis á pureza do pregador que á súa ignorancia ou exilio do pregado, mesmo coma se fose benaventurado, escoita a quen lle prega. O que, manifestamente, poderá verse no conto que pretendo contar: manifestamente, digo, non o xuízo de Deus, senón o seguido polos homes.

Fálase, pois, de que, feito Musciatto Franzesi, riquísimo e gran mercador, cabaleiro en Francia, e debendo vir a Toscana con don Carlos sen Terra, irmán de El-Rei de Francia, chamado e solicitado polo papa Bonifacio, vendo que os seus asuntos, como tantas veces ocorre cos dos mercadores, se enguedellaran moito aquí e acolá e que

non se podían nin doada nin subitamente desenredar, pensou en confiarllos a varias persoas, e para todos atopou a maneira: pero ficou coa dúbida de a quen deixar que fose quen de rescatar os créditos feitos a varios borgoñóns. E a razón da dúbida era ter oído seren os borgoñóns xente litixiosa e de malvada caste e non legais; e non lle viña ás mentes un home que fose abondo ruín, no cal puidese ter algunha confianza, como para oporse á ruindade deles. E despois de pensar longamente no caso, veulle á memoria un don Cepparello da Prato, o cal se hospedaba a miúdo na súa casa de París, e que, visto que era pequecho de persoa e de afectada elegancia, non sabendo os franceses o que quería dicir Cepparello, crendo que "cappello" viña sendo "grilanda" na súa lingua, posto que era pequecho, como dicimos, chamábanlle Ciappelletto, e non Ciappello; e por Ciappelletto era coñecido en todas partes, onde poucos o coñecían por Cepparello.

Era o tal Ciappelletto desta caste: sendo notario, sentía grandísima vergoña cando unha das súas actas notariais, por poucas que fixese, non fose atopada senón falsa; das cales tería feito tantas cantas lle fosen solicitadas, e con maior gusto de balde que outras ben pagadas. Con sumo pracer testificaba en falso, requirido ou non. E dándose naqueles tempos en Francia grandísima fe aos sacramentos, non se curando de facelos falsos, tantos casos gañaba malvadamente cantos era chamado a que xurase sobre a súa fe que falaba verdade. Sentía grandísimo pracer, e moito o apaixonaba, en provocar entre parentes e amigos, e calquera outra persoa, desgracias, inimizades e escándalos, e canto meirande mal vía seguirse, máis gozaba. Invitado a un homicidio ou a calquera acto criminal, sen negarse nunca, ía de boa gana; e viuse a miúdo ferindo ou matando de grado a homes coas súas propias mans. Blasfemo de Deus e dos Santos érao moito, e por calquera cousa, pois era iracundo máis que ninguén. Nunca ía á igrexa, e escarnecía como cousa vil os seus sacramentos con palabras abominábeis; e, pola contra, visitaba con gusto as tabernas e outros deshonestos lugares e frecuentábaos. Das mulleres era tan desexoso coma os cans do bastón; co seu contrario deleitábase máis que ningún miserábel. Furtaría e roubaría coa mesma conciencia con que un home santo daría esmola. Larpeirísimo e gran bebedor, tanto que, por veces, mesmo iso o enfastiaba porcamente. Era solemne trampón nos dados. ¿Por que me estendo en tantas palabras? Era o peor home nunca nacido. Maldade que longo tempo protexeu o poder e o estado de don Musciatto, por mercé do cal era respectado tanto polas persoas privadas, ás cales a miúdo aldraxaba, coma pola xustiza.

Vindo, pois, este Cepparello ás mentes de don Musciatto, o cal coñecía optimamente a súa vida, pensou o dito don Musciatto que este era tal como a maldade dos borgoñóns requiría; e, por iso, facendo que o chamasen, díxolle así:

—Ciappelletto, como ti sabes, vou partir para sempre de aquí; e tendo, entre outros, algúns asuntos con borgoñóns, homes moi enredantes, non sei a quen poida deixar máis axeitado ca ti para lles cobrar o meu.

Don Ciappelletto, que andaba folgado e mal abastado de cousas mundanas e vía que marchaba o que fora durante tanto tempo a súa defensa e refuxio, sen demora ningunha e case obrigado pola necesidade, decidiu, e dixo que o faría de grado. Polo

que, ambos de acordo, recibindo don Ciappelletto o poder e mais as cartas de recomendación de El-Rei, partido don Musciatto, foi para Borgoña, onde case ninguén o coñecía; e alí, contrariamente ao seu natural, púxose benigna e mansamente a cobrar e a facer aquilo para o que fora alí, coma se reservase a ira para o final.

E facendo tal, hospedado na casa de dous irmáns florentinos, os cales emprestaban con usura e honrábano moito por amor a don Musciatto, ocorreu que enfermou. Con que os dous irmáns fixeron prestamente vir médicos e criados para atendelo, e todo o necesario para que recobrase a saúde. Pero toda axuda era nula. Porque o pobre do home, o cal era xa vello e vivira desordenadamente, andaba, segundo os médicos, cada día de mal en peor, posto que estaba á morte; do que ambos irmáns moito se doían.

E un día, moi preto da cámara na que don Ciappelletto xacía enfermo, puxéronse a falar entre eles:

—¿E pois que facemos con este? –dicíalle un ao outro–. Pola súa causa atopámonos en pésima situación; porque botalo da casa, tan enfermo, serviría de grandísima censura para nós e de manifesto sinal de pouco siso, cando a xente advirta que primeiro o recibimos e que logo o fixemos servir e medicar con tanta solicitude, para agora, sen poder El facer cousa que nos deba desgustar, botármolo da nosa casa tan de súpeto e, por riba, enfermo de morte. Por outra banda, el foi home tan malvado, que non ha de querer confesar nin recibir ningún sacramento da Igrexa; e, ao morrer sen confesión, ningunha igrexa ha querer recibir o seu corpo, máis aínda, será guindado aos foxos coma un can. E, mesmo confesando el, os seus pecados son tantos e tan horríbeis, que ha de ocorrer algo semellante, pois nin frade nin crego haberá que o queira nin poida absolver; polo que, non absolto, tamén será botado aos foxos. E se tal acontece, a xente desta terra, tanto polo noso oficio, que lles parece inicuo e do que renegan todo o día, tanto pola gana que teñen de roubarnos, ao ver isto, armará un gran balbordo e berrará: "Estes cans lombardos, aos que na igrexa non se quere recibir, non deben ser tolerados máis"; e han de correr contra as nosas casas e se cadra non soamente nos roubarán os nosos haberes, senón que, ademais, poden quitarnos a vida; polo que a nós, de calquera maneira, nos ha de ir mal, se este morre.

Don Ciappelletto, que, como dicimos, xacía preto de onde eles así falaban, sendo agudo de oído, como a miúdo lles sucede aos enfermos, oíu o que eles dicían; aos cales fixo chamar e dixo:

—Non quero que nada vos faga dubidar de min, nin que temades recibir mal ningún por causa miña. Eu oín o que falabades e estou ben certo de que había de ocorrer como dicides se a cousa andase tal como pensades; pero ha de andar doutro xeito. Eu, en vida, fíxenlle tantas a Deus Noso Señor que, por facerlle unha máis á hora da morte, non me ha tratar doutro modo; e por iso procurade facer vir un frade santo e de mérito, o mellor que poidades, se é que hai algún; e deixádeme facer a min, que eu arranxarei os vosos asuntos e os meus de maneira que ha resultar ben e ficaredes contentos.

Os dous irmáns, aínda que non esperaban moito disto, con todo, foron a un convento

de frades e pediron que algún home santo e sabio oíse en confesión a un lombardo que estaba enfermo na casa deles; e foilles dado un frade vello, de santa e boa vida, e gran mestre nas Escrituras, e home moi venerábel, polo cal todos os cidadáns sentían unha grandísima e especial devoción, e levárono. O cal, chegando á cámara onde xacía don Ciappelletto e sentando cabo del, primeiro comezou a confortalo benignamente, e despois preguntoulle canto tempo había que confesara.

Ao que, don Ciappelletto, que nunca confesara, respondeu:

—Meu padre, eu acostumo confesar cando menos unha vez á semana, sen que sexan moitas aquelas nas que me confeso máis; e abofé que, des que enfermei, do que xa pasa de oito días, non confesei, tanto é o desacougo que me entrou coa doenza.

Dixo entón o frade:

—Fillo, fixeches ben, e así cómpre facer de agora en diante; e supoño que, pois tan a miúdo confesas, poucas fatigas terei que che escoitar ou che preguntar.

Dixo don Ciappelletto:

—Señor frade, non digades tal: eu nunca confesei tantas veces nin tan a miúdo sen querer sempre facer confesión xeral de todos os pecados que eu lembrase desde o día que nacín ata aquel en que confesei; e por iso prégovos, meu bo padre, que me preguntedes polo miúdo, coma se non me tivese confesado nunca; e non sintades reparo porque estea enfermo, que prefiro desgustar a estas miñas carnes a, sendo indulxente con elas, facer algo que puidese ocasionar a perdición da miña alma, a cal comprou o meu Salvador co seu precioso sangue.

Estas palabras compraceron moito ao santo home e parecéronlle argumento de mente ben disposta; e logo de lle ter gabado moito este costume a don Ciappelletto, preguntoulle se algunha vez pecara de luxuria con algunha muller.

Ao que don Ciappelletto, suspirando, respondeu:

—Meu padre, por aí avergóñome de vos falar verdade, por medo a se non pecarei de fachendoso.

Ao que dixo o santo frade:

—Fala sen medo, que, falando verdade, nin na confesión nin noutro acto ninguén nunca pecou.

Entón dixo don Ciappelletto:

—Posto que me dades confianza, diréivolo: eu son tan virxe como saín do corpo da miña mamá.

—¡Oh, que Deus te abenzoe! –dixo o frade– ¡Que ben fixeches! E, ao facelo, a cousa tivo máis mérito por canto que, de quereres, tiñas máis liberdade para facer o contrario do que nós temos, ou calquera que estea constrinxido por algunha regra.

E, logo despois, preguntoulle se ofendera a Deus co pecado da gula. Ao que, fondamente suspirando, don Ciappelletto respondeu que si e que moitas veces; porque, como queira que el, a máis dos xaxúns da coresma que cada ano fan as

persoas devotas, alomenos tres días á semana adoitaba almorzar con pan e auga, bebera aquela auga con tanto pracer e degaro, e principalmente cando cansara pregando ou peregrinando, como os grandes bebedores fan co viño; e a miúdo tiña desexado comer aquelas ensaladiñas de pequenas herbas que fan as mulleres cando van ao campo, e algunha vez parecéralle mellor a comida do que lle parecía que lle debía parecer a quen almorza por devoción, como almorzaba el.

Ao que o frade dixo:

—Meu fillo, estes pecados sonche naturais e moi leves, e por iso non quero que a conciencia che pese máis do necesario. A todo home lle ocorre, por moi santo que el for, que lle parece bo comer despois de longo xaxún e beber tras longa fatiga.

—¡Oh, padre! –dixo don Ciappelletto–, non mo digades para me consolar; ben sabedes que eu sei que as cousas que se fan ao servicio de Deus deben ser feitas limpamente e sen ningunha mancha no ánimo; e aquel que fai doutro modo, peca.

O frade, contentísimo, dixo:

—Fólgome moito de que penses iso e da túa pura e boa conciencia. Pero, dime: ¿pecaches de avaricia, cobizando máis do conveniente, ou tendo aquilo que non deberías ter?

Ao que don Ciappelletto dixo:

—Padre, eu non quería que pensasedes mal porque eu estea na casa destes usureiros; nada teño que ver, aínda máis, viñera para amoestalos e rifarlles e quitalos deste negocio abominábel; e creo que o lograba, se Deus non chega a visitarme así. Pero debedes saber que meu pai me deixou rico, dos cales haberes, cando el morreu, dei a maior parte por amor de Deus; e logo, para sustentar a miña vida e poder axudar aos pobres de Cristo, fixen os meus pequenos negocios e neles desexei gañar. E sempre repartín cos pobres de Deus a metade do que gañei, dedicando esta ás miñas necesidades e dándolles a outra metade a eles; e niso tanto me axudou o meu Creador que cada vez levei mellor os meus negocios.

—Ben fixeches –dixo o frade–, mais, ¿deixácheste a miúdo levar pola ira?

—¡Oh! –dixo don Ciappelletto–, iso dígovos que o fixen ben de veces, abofé. ¿E quen se podería conter vendo todo o día aos homes facer porcalladas, non cumprir cos mandamentos de Deus, non temer ós seus xuízos? Houbo moitas veces ao día nas que prefería estar antes morto ca vivo, vendo aos mozos andar trala vaidade e oíndoos xurar e perxurar, ir ás tabernas, non visitar as igrexas e seguir máis os camiños do mundo cós de Deus.

Dixo entón o frade:

—Meu fillo, esta éche boa ira, e non sabería imporche por ela penitencia; mais, por acaso, ¿non podía terte inducido a cometer algún homicidio, ou a abafar a alguén, ou a faceres algunha outra aldraxe?

Ao que don Ciappelletto respondeu:

—¡Coitado de min! Señor, vós que parecedes un home de Deus, ¿como falades así? Se

me chegase a ter pasado minimamente pola cabeza facer algunha das cousas que dicides, ¿pensades que eu crería que Deus me soportou tanto? Esas son cousas que fan os malandríns e os criminais, dos que, cada vez que vin algún, sempre dixen: "¡Vai, e que Deus te converta!

Entón dixo o frade:

—Dime agora, meu fillo, e que Deus te benzoe: ¿dixeches algunha vez falsa testemuña contra alguén ou dixeches mal doutros, ou quitácheslle cousas a outro sen consentimento do seu dono?

—Abofé que si, señor –respondeu don Ciappelletto–, eu teño falado mal doutros; porque tiven un veciño que, co maior torto do mundo, non facía máis que tundir na muller, así que eu faleilles mal del aos parentes da muller, tan gran compaixón me veu daquela malpocada, na que el, cada vez que bebía de máis, mallaba coma en centeo verde.

Entón dixo o frade:

—Ora, dixéchesme que fuches mercador: ¿enganaches a alguén algunha vez, tal como fan os mercadores?

—Enganei, si, señor –dixo don Ciappelletto–, pero non lle sei quen eran; senón que, téndome devolto algún diñeiro que me debía por un pano que eu lle vendera e poñéndoo nunha arca sen contalo, ao cabo dun mes atopei que había alí catro reais por riba do que tiña que haber; polo que, ao non volvelo ver e, logo de conservalos máis dun ano para devolverllos, deinos por amor de Deus.

Dixo o frade:

—Pouca cousa foi esta, fixeches ben en facer o que fixeches.

E, amais diso, o santo frade preguntoulle por moitas outras cousas, e a todas respondeu do mesmo xeito; e, querendo aquel proceder xa á absolución, dixo don Ciappelletto:

—Padre, eu teño aínda un pecado que non vos dixen.

O frade preguntoulle cál; e el dixo:

—Lembro que, un sábado á hora de nona, mandeille a un criado varrer a casa e non lle tiven ao día santo a reverencia que debía.

—¡Oh! –dixo o frade–, meu fillo, cousa leve é esa.

—Non –dixo don Ciappelletto–, non digades que é cousa leve, que cómpre honrarmos moito o domingo, pois en tal día resucitou da morte á vida o Noso Señor.

Dixo, entón, o frade:

—Ben, ¿fixeches algún máis?

—Fixen, si señor –respondeu don Ciappelletto–, que un día, sen me decatar, cuspín na igrexa de Deus.

O frade sorriu e dixo:

—Fillo, esta non é cousa para preocuparse; nós, que somos relixiosos, cuspimos nela todos os días.

Dixo entón don Ciappelleto:

—E facedes grande vilanía, porque ningunha cousa convén ter tan limpa coma o santo templo, no que se rende sacrificio a Deus.

E, en breve, contoulle moitos casos así; e, finalmente, deu en suspirar e despois en chorar a fío, o cal sabía facer moi ben cando quería.

Preguntou o santo frade:

—Fillo, ¿que é o que tes?

Respondeu don Ciappelletto:

—Ai de min, meu padre, que deixei un gran pecado, o cal non confesei nunca, tanta vergoña me dá telo que dicir; e cada vez que me acorda, choro como vedes, e Deus, con toda certeza, seica non me ha perdoar nunca este pecado.

Entón dixo o santo frade:

—A modo, meu fillo, ¿que estás a dicir? Aínda que todos os pecados que foron cometidos por todos os homes, ou que se han de cometer por todos os homes en canto o mundo dure, fosen todos feitos por un home só, e el non estivese arrepentido nin contrito como eu te vexo a ti, é tanta a bondade e misericordia de Deus que, se el llos confesase, había de llos perdoar liberalmente; así que fala con confianza.

Dixo entón don Ciappelletto, sempre chorando ás cuncas:

—Ai de min, meu padre, o meu é demasiado pecado, e a penas podo crer que, se as vosas pregarias non me axudaren, poida ser nunca perdoado por Deus.

Ao que o frade dixo:

—Dío con confianza, que eu che prometo pregar a Deus por ti.

Pero don Ciappelleto choraba e non o dicía, e o frade animábao a dicilo; sen embargo, logo que don Ciappelletto, chorando, tivo ao frade en suspenso durante un bo cacho, lanzou un grande suspiro e dixo:

—Padre, posto que me prometedes pregar a Deus por min, vóuvolo dicir: sabede que, cando eu era cativo, reneguei unha vez da miña nai.

E, dicindo tal, renovou o pranto.

Dixo o frade:

—Ai meu fillo, ¿e logo paréceche grande pecado este? Oh, os homes renegamos de Deus da mañá a noite, e, así e todo, El perdoa de bo grado a quen se arrepinte de telo maldito; ¿e ti non coidas que a ti che perdoe isto? Non chores, consólate, que, mesmo que foses un daqueles que o puxeron na cruz, coa contricción que eu vexo en ti, El ben che perdoaba.

Dixo entón don Ciappelleto:

—Ai, meu padre, ¿como falades tal? ¡Miña mamaíña, que me levou no corpo nove meses día e noite e me tivo no colo centos de veces! Moito mal fixen en renegar dela e grandísimo pecado é!; e se vós non pregades a Deus por min, non me ha de ser perdoado.

Vendo o frade que non lle quedaba máis que dicir a don Ciappelletto, deulle a absolución e a súa benzón, considerándoo home santísimo, pois acreditaba plenamente en todo o que don Ciappelletto dixera; ¿e quen non tería acreditado, oíndo falar tal a un home ao pé da morte?

E logo despois, díxolle:

—Don Ciappelletto, coa axuda de Deus, habedes de sandar axiña: pero se acontecese que Deus chamase para si a vosa abenzoada e ben disposta alma, ¿folgaríavos de que o voso corpo fose sepultado na igrexa do noso convento?

Ao que don Ciappelletto respondeu:

—Fólgome, señor, si; máis aínda, non quería estar noutro sitio, posto que me prometestes pregar a Deus por min; a máis que eu sempre lle tiven especial devoción á vosa orde. E por iso prégovos que, ao chegardes ao voso convento, fagades que veña sobre min ese veracísimo corpo de Cristo que á mañá consagrades sobre o altar; porque, mesmo sendo indigno, teño intención, coa vosa licencia, de tomalo, e despois a santa extrema unción, para que, xa que como pecador vivín, cando menos morra como cristián.

O santo home dixo que lle pracía moito, e que el falaba ben, e que faría que, sen demora, lle fose levado; e así foi.

Os dous irmáns, que moito receaban que don Ciappelletto non os enganase, puxéranse a carón dun taboado que dividía doutra a cámara onde xacía don Ciappelletto, e, escoitando, doadamente oían e entendían o que don Ciappelletto lle dicía ao frade; e entráballes por veces tanta gana de rir oíndo as cousas que el confesaba ter feito, que case se descubrían; e dicían un ao outro:

—¿Que caste de home é ese, que nin vellez nin doenza nin medo á morte, a cal ve preto, nin mesmo Deus, ante o xuízo do cal espera que ten que estar de aquí a pouco, non puideron apartalo da súa maldade nin facer que non queira morrer como viviu?

Mais, ao ver que dixera que había recibir sepultura na igrexa, non curaron do resto.

Don Ciappelletto, pouco despois, comungou; e, empeorando sen remedio, recibiu a extrema unción, e, á noitiña, o mesmo día en que fixera a boa confesión, morreu. Polo que os dous irmáns, servíndose do diñeiro del mesmo para que fose honorabelmente soterrado, e mandando a dicilo no convento dos frades para que viñesen velalo pola noite, segundo era costume, e á mañá polo corpo, dispuxeron de todo o necesario.

O santo frade que o confesara, cando oíu que morrera, foi onda o prior do convento; e, facendo tocar a capítulo, aos frades axuntados mostrou que don Ciappelletto era un home santo, segundo deducira pola súa confesión; e esperando que, por medio del,

Deus Noso Señor debería facer moitos milagres, convenceunos de que, con grandísima reverencia e devoción, aquel corpo fose recibido. Ao cal se aviñeron o prior e os outros frades, crédulos; e á noite, indo todos a onde xacía o corpo de don Ciappelletto, fixéronlle unha grande e solemne vixilia; e, á mañá, vestidos todos con albas e capas pluviais, con libros na man e coas cruces diante, cantando marcharon polo corpo e, con grandísima festa e solemnidade, levárono para a súa igrexa, seguidos por case toda a cidade, homes e mulleres. E póndoo na igrexa, o santo frade que o confesara, subindo ao púlpito, comezou a predicar cousas marabillosas sobre a súa vida, sobre os seus xaxúns e a súa virxindade, sobre a súa modestia, inocencia e santidade, narrando, entre outras cousas, aquilo que don Ciappelletto lle confesara chorando como o seu maior pecado, e como el a penas lle puidera meter na cabeza que Deus quería perdoarlle, e, nestas, aproveitando a ocasión, virou para o pobo que escoitaba, dicindo:

—E vós, malditos de Deus, por cada frangulla de palla coa que batedes cos pés, renegades de Deus e da súa Nai e de toda a corte celestial.

E, a máis destas, dixo moitas outras cousas sobre a lealdade e a pureza del; e, en pouco tempo, coas súas palabras, ás cales a xente da bisbarra daba absoluto creto, meteuno tanto na cabeza e na devoción de todos os que estaban alí que, rematado o oficio, cos meirandes apertóns do mundo foron todos a lle beixar os pés e as mans, e racháronlle os panos que levaba enriba, téndose por benaventurado aquel que, cando menos, un anaco deles puidese lograr; e cumpriu telo todo o día así, para que por todos fose visto e visitado. Despois, á noite seguinte, nunha capela foi sepultado en urna de mármore; e, de súpeto, ao outro día, comezou a xente a ir e acender luces e pregarlle, e, por conseguinte, facer promesas e pendurar alí exvotos, segundo a promesa feita. E tanto medrou a fama da súa santidade e a devoción para con el, que case ninguén había que estivese nalgunha adversidade e que a outro santo prometese senón a el, e chamáronlle e chámanlle san Ciappelletto; e aseguran que Deus ten feito e fai cada día moitos milagres por medio del a quen devotamente se lle encomenda.

Así, pois, viviu e morreu don Cepparello da Prato e chegou a santo, como oístes. O cal negar non quero que poida ser benaventurado na presencia de Deus, porque, aínda que a súa vida foi disoluta e malvada, puido no pasamento facer tan grande contricción, que por ventura Deus tivo misericordia del e recibiuno no seu reino; pero como isto non se sabe, razoo segundo o que pode parecer, e digo que antes debe de estar nas mans do demo, en perdición, que no Paraíso. E se así é, grandísima podemos considerar a bondade de Deus para connosco, a cal, non contemplando o noso erro, senón a pureza da fe, facendo dun inimigo seu o noso intercesor, ao crérmolo amigo, escóitanos, coma se recorresemos a alguén verdadeiramente santo como intercesor da súa gracia. E por iso, para que nós pola súa gracia nos conservemos sans e salvos na presente adversidade e nesta compaña, loando o seu nome no que a comezamos, téndolle reverencia, a el nos encomendaremos nas nosas necesidades, certísimos de ser oídos.

E aquí calou.

## CONTO SEGUNDO

*O xudeu Abraham, animado por Giannotto di Civigní, vai á corte de Roma; e, vista a maldade dos clérigos, regresa a París e faise cristián*

O conto de Panfilo foi en parte causa de risa e loado en todo polas donas; e, escoitado atentamente e chegado á súa fin, estando sentada cabo del Neifile, ordenoulle a raíña que, contando un, seguise a orde do iniciado solaz. Ela, que estaba adornada de corteses costumes non menos que de beleza, respondeu alegremente que de grado; e falou desta guisa.

Mostrou Panfilo no seu conto que a benignidade de Deus non repara nos nosos erros cando proceden de algo que nós non podemos ver; eu, no meu, teño intención de demostrarvos como esta mesma benignidade, soportando pacientemente as faltas daqueles que deben dar verdadeiro testemuño dela coas palabras e mailas obras e fan o contrario, se manifesta como argumento de verdade infalíbel para que sigamos con maior firmeza de ánimo aquilo no que cremos.

Tal como eu, xeitosas donas, oín dicir, houbo en París un gran mercador e bo home, o cal se chamou Giannotto di Civigní, legalísimo e recto e con moito trafego na rama da lencería; e tiña grandísima amizade cun riquísimo xudeu, chamado Abraham, o cal tamén era mercador, e formal e moi recto. E ao ver Giannotto a súa lealdade e a súa rectitude, comezou fortemente a se magoar de que unha alma tan valiosa, sabia e boa caese na perdición por falta de fe; e por iso comezou a pregarlle que deixase os erros da fe xudaica e se convertese á verdade cristiá, a cal el podía ver, como santa e boa, prosperar e aumentar; mentres que a súa, en troques, podía advertir que diminuía e minguaba.

O xudeu respondía que ningunha cría santa nin boa, fóra da xudaica, e que nela era nado e nela pretendía vivir e morrer, e que nada o faría nunca mudar. Pero Giannotto, de alí a uns días, non deixou por iso de teimar coas mesmas palabras, mostrándolle abondo rudamente, como os máis dos mercadores adoitan facer, por qué razóns a nosa era mellor cá xudaica; e aínda que o xudeu era na relixión xudaica un gran mestre, non obstante, ben porque o movese a grande amizade que tiña con Giannotto, ben a causa das palabras que o Espírito Santo puña sobre a lingua do home ignorante, comezou o xudeu a gustar moito das demostracións de Giannotto; e, así e todo, obstinado na súa crenza, non acertaba a mudar.

Así el seguía pertinaz, así Giannotto non deixaba nunca de pedirllo, de tal maneira que o xudeu, vencido por tanta insistencia, dixo:

—Mira, Giannotto, ti queres que eu me faga cristián; e eu estou disposto, coa condición de que vaia antes a Roma e vexa alí a ese que ti dis que é vigairo de Deus na terra e considere os seus modos e costumes, e igualmente os dos seus irmáns os cardeais; e se me parecen tales que poida polas túas palabras e por eles considerar que a túa fe é mellor cá miña, eu farei o que che dixen; pero se así non fose, ficarei xudeu como son.

Cando Giannotto tal oíu, pesoulle sobre maneira, e tivo para si: "Alá foi o traballo que cría ter empregado optimamente, pensando que o convertera; porque, se el vai á corte de Roma e ve a vida disoluta e porca dos clérigos, non só non se ha de facer cristián, senón que, se fose cristián, facíase xudeu sen remedio". E, dirixíndose a Abraham, díxolle:

—Ai, meu amigo, ¿por que queres acometer esa fatiga e tan grande gasto como será ir de aquí a Roma? Sen contar que, tanto por mar coma por terra, para un home rico coma ti todo son perigos, ¿pensas que non has encontrar aquí quen te bautice? E se acaso tes algunhas dúbidas verbo da fe que eu che aprendo, ¿onde has atopar maiores mestres e máis sabios senón aquí, para instruírte no que queiras ou demandes? Polo que, para a miña idea, esta marcha túa está de sobra. Pensa que os prelados son alí como os puideches ver aquí, e mesmo mellores, pois estes están máis preto do pastor principal; e por tanto, esa fatiga, segundo o meu consello, habíache servir noutra ocasión para algunha romaxe, na cal eu igual te acompañarei.

Ao que o xudeu respondeu:

—Ben sei, Giannotto, que a cousa é tal como ti me falas. Pero, resumindo todo o que che podería dicir nunha soa frase, se ti queres que eu faga o que tanto me pregaches, estou completamente disposto a partir, e, do contrario, non hei facer nunca nada.

Giannotto, vendo a súa vontade, dixo:

—¡Vai en boa hora! –e pensou que nunca se faría cristián cando vise a corte de Roma; non obstante, como nada perdía con iso, desistiu de retelo.

O xudeu montou a cabalo e, o máis axiña que puido, marchou para a corte de Roma, onde, ao chegar, foi honorabelmente recibido polos seus. E tras demorar aquí sen dicir a ninguén por qué fora, comezou a observar con cautela as maneiras do Papa e dos cardeais e dos outros prelados e de todos os cortesáns; e, entre o que el advertiu, por ser home ben esguízaro, e do que por outros foi informado, atopou que todos, desde o maior ao menor, polo regular pecaban deshonestisimamente de luxuria, e non só da natural, senón tamén da sodomítica, sen ningún freo de remorso nin de vergoña, en tanto que o poder das meretrices e dos mancebos, ao impetrar calquera cousa grande, non era alí pequeno. Ademais, coñeceu abertamente que todos eran lambuzas, bebedores, borrachos, e máis servidores do bandullo a guisa dos brutos, á parte da luxuria, que doutra cousa. E, mirando para máis adiante, viunos a todos tan avaros e cobizosos de diñeiro que tanto o sangue humano, mesmo o cristián, como as cousas divinas, as cales pertencesen ben a sacrificios ben a beneficios, con diñeiro vendían e compraban, facendo con elas maior negocio e usando máis intermediarios que non había en París na lencería nin en ningunha outra cousa, chamando á manifesta simonía "mediación" e á gula "sustento", como se Deus non coñecese, e deixemos de man o significado das palabras, a intención dos pésimos ánimos, e, á guisa dos homes, se deixase enganar polo nome das cousas. E anoxado sumamente o xudeu destas, e máis de moitas outras que convén calar, como home sobrio e moderado que era, parecéndolle que xa vira abondo, determinou volver para París; e tal fixo.

Cando Giannotto soubo que chegara, foi onda el, esperando todo menos que se fixese

cristián, e celebraron a volta xuntos; e logo de que descansou algúns días, Giannotto preguntoulle qué lle pareceran o santo padre e os cardeais e mais os outros cortesáns.

Ao que o xudeu respondeu de contado:

—Parécenme mal, que Deus os confunda; e dígoche que, se eu souben consideralo ben, ningunha santidade, ningunha devoción, ningunha boa obra nin exemplo de vida ou doutra cousa me pareceu ver en ningún clérigo, senón que luxuria, avaricia, gula, fraude, envexa e soberbia e cousas semellantes e peores, se peores pode haber, me pareceu ver en tanta mercé de todos, que teño aquilo como fragua de operacións antes diabólicas que divinas. E, para a miña idea, o voso pastor, e, por conseguinte, todos os outros, con toda solicitude, enxeño e arte, procuran reducir a nada e botar do mundo a relixión cristiá, alí onde eles deberían ser o seu fundamento e sostén. E como eu vexo que non acontece o que eles procuran, senón que continuamente a vosa relixión aumenta e chega a ser máis lúcida e clara, creo discernir que o Espírito Santo é, como máis verdadeira e santa que ningunha outra, o seu fundamento e sostén. Polo que eu, se antes me mostraba rixo e duro aos teus consellos e non me quería facer cristián, agora dígoche abertamente que por nada deixaría de facerme cristián; vaiamos, pois, para a igrexa, e, segundo o debido costume da vosa santa fe, faime alí bautizar.

Giannotto, que esperaba unha conclusión xustamente contraria a esta, cando tal oíu, foi o home máis contento que houbo endexamais; e, indo canda el a Nosa Señora de París, pediulles aos clérigos de alí dentro que bautizasen a Abraham. Os cales, oíndo o que demandaba, fixérono prestamente; e Giannotto sacouno da pía e chamoulle Giovanni, e despois fixo que o adoutrinasen cumpridamente grandes homes e de mérito na nosa fe, a cal aprendeu axiña; e foi logo home bo e valioso e de santa vida.

## CONTO TERCEIRO

*O xudeu Melchisedech, cun conto sobre tres aneis, evita unha gran trampa que lle dispuxera Saladino*

Despois de que, loado por todos o conto de Neifile, calou esta, cando a raíña quixo, Filomena falou así.

O conto de Neifile tráeme ás mentes o perigoso caso sucedido a un xudeu. Pois que de Deus e da verdade da nosa fe xa se falou moi ben, non parece mal agora descender aos acontecementos e aos actos dos homes; vouvos contar un, e, así que o escoitedes, igual vos facedes máis cautas nas respostas ás preguntas que vos fixeren. Debedes saber, amorosas compañeiras, que, así como a necidade tira con frecuencia a algúns dun feliz estado e ponos en grandísima miseria, así a cordura tira ao sabio de grandísimos perigos e pono en grande e seguro descanso. E canta verdade sexa que a necidade pode levar a alguén do bo estado á miseria vese por moitos exemplos, os cales non curaremos de contar agora, considerando que todo o día aparecen mil exemplos manifestos; pero que a cordura sexa causa de consolo, como dixen, héivolo mostrar brevemente por medio dun contiño.

A Saladino, que tivo un valor tan grande que non só o converteu de pequeno home en

sultán de Babilonia, senón que tamén lle fixo obter moitas victorias sobre os reis sarracenos e cristiáns, tendo gastado todo o seu tesouro en diversas guerras e nas súas grandísimas magnificencias, e precisando, por algún accidente que lle sobreveu, unha boa cantidade de diñeiro, e vendo que non o podía obter tan prestamente como o precisaba, veulle ás mentes un rico xudeu, de nome Melchisedech, que emprestaba con usura en Alexandría. E pensou que este o podería servir, en caso de querer, pois era tan avaro que pola súa vontade non o faría nunca, nin tampouco o quería forzar; polo que, apertándoo a necesidade, amañándose para atopar a maneira de que o xudeu o servise, pensou en forzalo por medio dalgunha aparencia de legalidade.

E mandándoo chamar e, acolléndoo con familiaridade, sentouno cabo de si e díxolle:

—Bo home, teño oído por moitas persoas que ti es moi sabio e moi entendido nas cousas de Deus; e por iso eu quería de boa gana saber cál das tres leis consideras a verdadeira: a xudaica, a sarracena ou a cristiá.

O xudeu, que era, certamente, home sabio, advertiu moi ben que Saladino pretendía pillalo nas palabras para metelo nalgunha retesía, e pensou que non debía loar ningunha das tres máis cá outra, para que Saladino non lograse o seu intento. Así que, parecéndolle que precisaba dunha resposta pola cal non puidese ser atrapado, aguzando o enxeño, veulle de súpeto o que debía dicir; e dixo:

—Señor, a cuestión que me presentades é aguda, e para poder dicirvos o que penso venme a xeito contarvos un contiño, que ides oír. Se non me engano, acórdame que oín dicir moitas veces que houbo nunha ocasión un rico xentilhome que tiña, entre as xoias máis queridas que do seu tesouro, un anel fermosísimo e moi valioso; e querendo facerlle honor polo seu valor e a súa beleza e deixárllelo en perpetuidade aos seus descendentes, ordenou que aquel dos seus fillos cabo do cal, por terllo deixado el, fose atopado este anel, había entendese que era o seu herdeiro, e fose honrado e reverenciado polos outros como morgado. E aquel ao cal por este foi deixado deulles orde semellante aos seus descendentes, e fixo tal como fixera o seu predecesor; e, para abreviar, pasou este anel de man en man por moitos sucesores, ata que finalmente chegou ás mans dun que tiña tres fillos xeitosos e virtuosos e moi obedientes, polo que amaba igualmente a todos tres. E os mozos, que coñecían a tradición do anel, desexando cada un ser o máis honrado entre os seus, como mellor sabía, pregáballe ao pai, que era xa vello, que, cando lle chegase a morte, a el o anel lle deixase. O bo do home, que amaba a todos por igual e que nin el mesmo sabía elixir a quen llo había deixar, pensou, logo de llo prometer a cada un, satisfacer a todos tres; e, ás agachadas, encargoulle a un bo ourive que fixese tres, os cales saíron tan parecidos ao orixinal, que nin el, que os mandara facer, sabía cál era o verdadeiro; e, estando á morte, deulles en segredo o seu a cada un dos fillos. Os cales, despois da morte do pai, querendo cada un acaparar a herdanza e mailo honor e negándollo un ao outro, en testemuño de que obraban legalmente, amosou cada un o seu anel; e, ao atoparen os aneis tan semellantes que cal fose o verdadeiro non se podía saber, ficou pendente a cuestión de quen era o auténtico herdeiro do pai; e aínda fica. E o mesmo vos digo, señor, das tres leis dadas por Deus aos tres pobos, sobre as que propuxestes a cuestión: cada un cre posuír e cumprir polo dereito a súa herdanza, a súa verdadeira

lei e os seus mandamentos, pero de quen a teña para si, coma dos aneis, aínda está pendente a cuestión.

Saladino comprendeu que este soubera librarse optimamente da empadumada que el lle tendera, e por iso decidiu manifestarlle a súa necesidade e ver se o quería servir; e tal fixo, manifestándolle o que tivera intención de facer no caso de non lle ter contestado tan sabiamente. O xudeu serviuno libremente con toda a cantidade que Saladino lle pediu, e Saladino devolveulla enteiramente; e, ademais, deulle grandísimos dons e sempre o tivo como amigo e o mantivo cabo de si en grande e honorábel estado.

## CONTO CUARTO

*Un monxe, caído en pecado digno de grandísimo castigo, líbrase da pena reprendendo debidamente ao seu abade pola mesma culpa*

Xa calaba Filomena, liberada do seu conto, cando Dioneo, que sentaba á súa beira, sen esperar o mandato da raíña, xa sabendo que, pola orde iniciada, lle tocaba contar a el, púxose a falar como segue.

Amorosas donas, ben sei que estamos aquí para compracernos a nós mesmas contando contos; e por tanto, mentres en contra diso non se vaia, estimo que deba ser lícito (e así dixo que fose, hai pouco, a nosa raíña) contar aquel conto que crea que máis poida deleitar; polo que, logo de oír como polos bos consellos de Giannotto de Civigní salvou Abraham a súa alma, e como Melchisedech, mercé ao seu siso, defendeu as súas riquezas das andrómenas de Saladino, sen esperar reprensión ningunha de vós, pretendo contar brevemente con canta cautela un monxe librou o seu corpo de gravísimo castigo.

Houbo en Lunigiana, terra pouco afastada desta, un mosteiro máis abondoso en santidade e en monxes do que hoxe é, no cal había, entre outros, un monxe novo, do que vigor e louzanía nin os xaxúns nin as vixilias podían macerar. O cal, andando un día, contra ás doce, mentres os outros monxes durmían todos, ao redor da súa igrexa, que estaba nun lugar moi senlleiro, acertou a ver unha rapaza bastante linda, filla se cadra dalgún dos labregos da bisbarra, quen andaba apañando certas herbas polo campo; e tan logo a viu, foi bravamente asaltado por concupiscencia carnal. Polo que, achegándose a ela, entrou en parola, e tanto andou dunha noutra, que quedaron conformes e levouna consigo á súa cela, sen que ninguén se decatase.

E cando el menos cautamente rebuldaba con ela, transportado por excesivo degoro, ocorreu que o abade, que se levantara de durmir e pasaba silencioso por diante da cela destes, sentiu o balbordo que ambos facían; e, a fin de coñecer mellor as voces, achegouse quedamente á porta da cela para escoitar, e manifestamente coñeceu que dentro había unha muller, e estivo moi tentado de facer que lle abrisen; pero logo pensou en tratar aquilo doutra maneira, e, volvendo para a súa cámara, esperou a que o monxe saíse. O monxe, aínda que con grandísimo pracer e deleite se ocupara con esta moza, con todo receaba continuamente; e, parecéndolle que sentía un arrastrar de pés polo corredor, arrimou o ollo a un buraquiño e viu con toda claridade que o abade

estaba a escoitalo, e comprendeu que moi ben podía ter sabido que a moza estaba na súa cela. Polo que el, coñecendo que disto lle había de vir un gran castigo, doeuse sobre maneira; con todo, non querendo mostrarlle á moza nada do seu desacougo, consultou moitas cousas na súa mente, buscando algunha que lle puidese ser salutífera. E veulle ás mentes unha singular astucia, que chegou á fin imaxinada por el, e finxindo que lle parecía que xa estivera de abondo con aquela moza, díxolle:

—Quero ir atopar a maneira de saíres de aquí sen que te vexan; así que queda en silencio ata a miña volta.

E, saíndo fóra e pechando a cela con chave, foi directamente á cámara do abade; e, dándolle aquela, tal como facían todos os monxes cando saían, con rostro tranquilo, dixo:

—Señor, esta mañá non puiden traer toda a leña que mandara traer, e coa vosa licencia quero ir ao bosque por ela.

O abade, para poderse informar máis plenamente da falta cometida por este, pensando que non se decatara de que fora visto por el, folgouse da circunstancia e tomou a chave de bo grado, e deulle igualmente licencia. E cando viu que marchara, comezou a pensar qué debía facer antes: ou abrir a cela deste en presencia de todos os monxes e mostrarlles a súa falta, para que logo non puidesen murmurar contra el ao castigar ao monxe, ou ben oírlle antes a ela como andara a cousa. E, tendo para si que esta podía ser muller ou filla dun home de tal condición quen el non quixese facerlle pasar a vergoña de llela mostrar a todos os monxes, pensou que primeiro había de ver quen era e logo tomar partido; e indo quedamente para a cela, abriuna, entrou e pechou a porta. A moza, ao ver o abade, turbouse toda, e, tremendo de vergoña, rompeu a chorar.

O señor abade, ao lle pór os ollos enriba e vela fermosa e fresca, malia ser el vello, sentiu de súpeto os estímulos da carne non menos ardentes que os sentira o monxe novo; e tivo para si: "Boh, ¿por que non aproveito eu o pracer cando podo obtelo, posto que o desgusto e a mágoa, sempre que eu queira, son para min emparellados? Esta é unha linda moza e ninguén sabe que está aquí; se eu a podo conseguir e darme pracer, non sei por qué non o fago. ¿Quen o ha saber? Nunca o ha saber ninguén, e pecado agochado queda medio perdoado. Un caso tal, se cadra, non me ha ocorrer nunca máis: creo que é de asisados pillar o ben cando Deus llo manda a alguén".

E así dicindo e mudando o propósito de aquilo polo que fora alí, achegándose máis á moza, comezouna con xeito a consolar e a pregarlle que non chorase; e indo dunha palabra a outra, chegou a lle declarar o seu desexo. A moza, que non era de ferro nin de diamante, pregouse doadamente ao desexo do abade; o cal, abrazándoa e bicándoa moitas veces, subindo ao leito do monxe, considerando tal vez o grave peso da súa dignidade e a tenra idade da moza, temendo se cadra mancala co seu excesivo peso, non se puxo sobre o peito dela senón que a puxo a ela sobre o seu peito, e longo tempo folgou con ela.

O monxe, que finxira ir ao bosque e que se ocultara no dormitorio, cando viu ao abade entrar só na súa cela pensou, tranquilizándose, que a súa argallada debía terse

cumprido; e vendo que se pechaba por dentro, tívoo por certísimo. E saíndo de onde estaba, foi silandeiro onda un buraquiño polo que oíu e viu o que o abade fixo ou dixo. Parecéndolle ao abade que xa estivera abondo coa rapaza, tras fechala na cela, volveu para a súa cámara; e de alí a un pouco, oíndo ao monxe e crendo que volvera do bosque, fixo mentes de reprendelo con forza e facelo encarcerar, a fin de posuír el só a gañada presa; e, facéndoo chamar, reprendeuno duramente e con mala cara, e mandou que fose encarcerado.

O monxe, respondeu de contado:

—Señor, aínda non estiven tanto tempo na Orde de San Bieito como para aprender cada mínimo pormenor; e vós aínda non me aprendestes que os monxes deben facerse premer polas mulleres coma polos xaxúns e as vixilias; pero agora que mo aprendestes, prométovos, se esta me perdoades, non pecar niso nunca máis, senón facer sempre como vos vin facer a vós.

O abade, que era home sagaz, coñeceu no intre non só que o monxe fora máis agudo ca el, senón que vira o que el fixera; polo que, sentindo remorsos pola súa mesma culpa, avergoñouse de lle facer ao monxe o que el tamén merecera. E perdoándolle e impoñéndolle silencio sobre o que vira, sacaron discretamente á mociña de alí; e logo, hai que crer que a fixeron volver máis veces.

## CONTO QUINTO

*A marquesa de Monferrato, cun convite de galiñas e con algunhas xeitosas palabriñas reprime o amor tolo de El-Rei de Francia*

O conto relatado por Dioneo punzou cunha pouca vergoña os corazóns das donas que escoitaban, e deu diso sinal, aparecendo nos seus rostros con honesto rubor; e, despois, mirándose unhas a outras, podendo a penas conter o riso, escoitárono sorrindo. Pero, des que chegou á fin, logo de reprendelo con algunhas doces palabriñas, querendo facer ver que tales contos non deben ser contados entre donas, a raíña, volta para Fiammetta, que sentaba na herba cabo dela, mandoulle que seguise a orde. E ela, agarimosamente e con alegre cara, contou.

Porque me prace termos entrado a demostrar cos contos o grande que é a forza das respostas agudas e prontas, e tamén por canto que nos homes é sempre gran cordura buscar o amor de dona de máis alta liñaxe ca eles, como nas mulleres grandísima precaución saberse gardar de prender no amor dun home de maior avoengo, teño vontade, miñas belidas donas, de mostrarvos, no conto que me toca contar, como unha xentil dona, con obras e con palabras, se gardou disto e fixo a outro volver sobre o seu acordo.

O marqués de Monferrato, home de moito valor, gonfaloneiro da Igrexa, pasara para ultramar nunha grande expedición armada de cristiáns. E, falándose do seu valor na corte de El-Rei Filipe o Chosco, que se preparaba para saír de Francia na mesma expedición, un cabaleiro dixo que non había so as estrelas unha parella semellante á do marqués e a súa esposa; e que se, entre os cabaleiros, era famoso o marqués por

todas as súas virtudes, tanto a súa esposa, entre todas as donas do mundo, era fermosísima e valorosa. Tales palabras entraron de semellante maneira no ánimo de El-Rei de Francia que, sen tela visto nunca, de súpeto, comezouna amala afervoadamente; e determinou non saír ao mar, na expedición á que ía, senón en Xénova, para que aquí, marchando por terra, tivese unha discreta razón para ir cabo da marquesa, pensando que, de non estar o marqués, podería poñer en práctica o seu desexo. E, tal pensou, tal fixo; pois, mandando diante todos os homes, con pouca compaña e de nobres, púxose en camiño; e, achegándose ás terras do marqués, un día antes mandou dicir á dama que, á mañá seguinte, o esperase para almorzar.

A dama, sabia e precavida, respondeu afabelmente que aquela era unha gracia maior ca ningunha outra e que fose benvido. E logo comezou a cavilar qué significaba aquilo, que todo un rei, non estando o seu marido, a viñese visitar; e non a enganou niso o seu receo: que o que o levaba alí era a fama da súa beleza. Nembargantes, disposta a honralo como dama de mérito, facendo chamar aos xentilhomes que ficaran con ela, co seu consello fixo dar ordes para cada cousa oportuna, pero do banquete e das viandas só ela quixo dispoñer. E, sen demora, facendo xuntar todas cantas galiñas había na bisbarra, ordenoulles aos seus cociñeiros varios pratos só delas para o convite real.

Chegou El-Rei, pois, o día devandito, e foi recibido pola dama con gran festa e honra. El, moito máis do que imaxinara polas palabras do cabaleiro, ao mirar para ela, achouna fermosa, distinguida e cortés, e pasmou sobre maneira, e loouna moito, inflamándose tanto máis no seu desexo conforme achaba que a dama era superior á da súa anterior estimación. E, despois dalgún descanso tomado en cámaras abastadísimas de canto é necesario para recibir a un tal rei, chegada a hora do almorzo, El-Rei e a marquesa sentaron a unha mesa, e os demais foron honrados segundo o seu rango.

El-Rei, servido aquí sucesivamente con moitos pratos e con óptimos e prezados viños, e, ademais, mirando con deleite para a a fermosísima marquesa, sumo pracer sentía; pero, vindo un prato tras doutro, comezou El-Rei a se marabillar un pouco ao ver que, aínda que os pratos eran diferentes, sen embargo, non levaban outra cousa que galiña. E como El-Rei soubese que o lugar onde estaba tiña que ter grande abundancia de animais bravos e que, ao dar aviso da súa chegada, a dama debería ter disposto de tempo para mandar cazalos, con todo, malia que disto moito pasmase, quixo aproveitar a ocasión para non falar con ela senón das súas galiñas; e, volvéndose para ela con rostro ledo, díxolle:

—Señora, ¿nacen neste país nada máis que galiñas, sen galo ningún?

A marquesa, que entendeu optimamente a pregunta, parecéndolle que, conforme desexaba, Deus Noso Señor mandáralle o intre oportuno para poder mostrar a súa intención, dirixíndose nun repentenexo a El-Rei que lle preguntaba, respondeu:

—Non, meu señor, pero as mulleres, aínda que nos vestidos e nos honores varíen entre elas, con todo, están feitas aquí coma noutros sitios.

El-Rei, oídas estas palabras, comprendeu ben a razón do convite de galiñas e a virtude que agachaban as palabras, e decatouse de que, ante semellante muller, as palabras

habían de proferirse en van e que non era do caso usar a violencia; porque así como se inflamara por ela indebidamente, era de sabios apagar polo seu honor a paixón deshonesta. E sen máis lerias, temendo as súas respostas, lonxe de toda esperanza, almorzou; e, rematado o almorzo, a fin de que a rápida partida encubrise a súa deshonesta chegada, agradecéndolle o honor dela recibido, encomendándoo ela a Deus, partiu para Xénova.

## CONTO SEXTO

*Un bo home, cun dito agudo, confunde a malvada hipocrisía dos relixiosos*

Emilia, que sentaba á beira de Fiammetta, sendo xa de todos loado o valor e a xeitosa fraterna que a marquesa lle fixera a El-Rei de Francia, cando lle prougo a súa raíña, comezou a dicir con xeito.

Eu tampouco hei de calar a trabada que lle meteu un valente laico a un avaro relixioso cunha palabra non menos digna de risa que de gabanza.

Houbo, pois, oh queridos mozos, non hai aínda moito tempo, na nosa cidade, un frade menor, inquisidor da depravación herética, que, por máis que se enxeñaba en parecer santo e tenro amador da fe cristiá, tal como fan todos, era mellor investigador de quen levaba a bulsa chea que de quen faltase en algo no tocante a fe. Pola solicitude do cal acertou a atopar un bo home, moito máis rico de diñeiro que de siso, a quen, non xa por falta de fe, senón que falando ao parvo, se cadra afogueirado polo viño ou por excesiva ledicia, chegara un día a dicirlle a unha súa compañía que tiña un viño tan bo que mesmo Cristo bebería nel. Sendo isto referido ao inquisidor, e sentindo este que os seus poderes eran grandes e a súa bulsa escasa, cum gladibus et fustibus correu impetuosamente a lle abrir un proceso sumarísimo, pensando con iso, non nun alivio da incredulidade do acusado, senón nunha manchea de floríns, tal como ocorreu. E tras requirilo, preguntoulle se era verdade o que fora dito contra el. O bo do home respondeulle que si e díxolle cómo.

Ao que o santísimo inquisidor, devoto de San Xoán Barbadouro, díxolle:

—Así que trocaches a Cristo en bebedor e afeccionado aos viños exquisitos, coma se El fose Cinciglione ou algún dos vosos bebedores, borrachos e tabernarios, e agora, falando humildemente, queres finxir que foi cousa moi leve. Non é como ti cres: mereciches o lume cando queiramos, como debemos, obrar contra ti.

E faláballe con estas e outras moitas palabras, con rostro ameazador, coma se este fose Epicuro negando a eternidade das almas. E, en breve tempo, tanto medo lle puxo, que o bo do home, por medio de certos intermediarios, fíxolle untar as mans cunha boa cantidade do unto de San Xoán Boccadoro (que moito alivia as doenzas da pestilente avaricia dos clérigos, e principalmente a dos frades menores, que non ousan tocar o diñeiro), para que procedese contra el con misericordia. A cal unción, como era moi eficaz, aínda que Galeno non fale dela en ningunha parte dos seus remedios, tanto e tan ben obrou, que o lume, ameazándoo coa gracia, trocouse nunha cruz; e, coma se tivese que ir á cruzada, para facer unha fermosísima bandeira, púxolla amarela sobre

negro. E, ademais, xa recibido o diñeiro, retívoo varios días cabo de si, póndolle como penitencia que cada mañá debía oír unha misa en Santa Croce e presentarse ante el á hora do xantar, e que o resto do día fixese o que máis lle prouguer.

E facéndoo este dilixentemente, ocorreu unha daquelas mañás que oíu na misa un evanxeo no que cantaban estas palabras: "vós recibiredes cento por un e posuiredes a vida eterna", que retivo firmemente na memoria; e, indo á hora do xantar onda o inquisidor, tal como lle mandaran, achouno comendo. E o inquisidor preguntoulle se oíra a misa aquela mañá.

Ao que el, de contado, respondeu:

—Oín, señor.

Ao que o inquisidor dixo:

—¿E oíches nela algunha cousa da que dubides ou queiras preguntar?

—Abofé –respondeu o bo do home– que non dubido de cousa ningunha que oín, e creo en firme ser todo verdadeiro. Oír oín unha cousa que me fixo e fai sentir grandísima compaixón por vós e por todos os vosos frades, pensando no mal estado que habedes ter no alén.

Dixo entón o inquisidor:

—¿E que foi iso que te moveu a sentir tal compaixón por nós?

O home bo respondeu:

—Meu señor, foron aquelas palabras do evanxeo que din: "vós recibiredes cento por un".

Dixo o inquisidor:

—Así é; pero, ¿e logo por que te conmoveron esas palabras?

—Meu señor –respondeu o bo do home– diréivolo: des que frecuentei este convento, vin darlles cada día a moitos pobres de fóra quer un quer dous caldeiros de caldo lavado, que, como sobra, se vos saca de diante aos frades deste convento; de modo que, se por un vos serán devoltos cen, teredes tantos no alén, que habedes afogar todos dentro.

Por máis que os que estaban á mesa do inquisidor botaron a rir, o inquisidor, sentindo que lle punzaban na súa hipocrisía calduna, turbouse todo; e se non fose que se lle censuraba o que fixera, endosáballe outro proceso por, coa súa burla, ter trabado nel e nos outros lacazáns. E, todo carraxento, mandoulle que fixese ao seu pracer, sen pórselle diante máis.

## CONTO SÉTIMO

*Bergamino, cun conto sobre Primasso e o abade de Cluny, censura discretamente unha insólita avaricia que lle entrou a don Cane della Scala*

A garrideza de Emilia e mais o seu conto fixeron rir á raíña e aos outros, e loar a insólita ocorrencia do cruzado. Mais, logo que as risas cesaron e acougaron todos,

Filostrato, ao cal lle tocaba contar, comezou a falar desta maneira.

Bela cousa é, valorosas donas, dar nun albo que nunca se move, pero linda case coa marabilla cando algo inusual, que aparece de súpeto, é ferido de pronto por un arqueiro. A viciosa e lordenta vida dos clérigos, en moitas cousas firme branco de maldade, doadamente é obxecto de lerias, de censuras e reprensións para todo aquel que o desexe. E por iso, aínda que fixo ben o bo home que censurou ao inquisidor pola hipócrita caridade dos frades, que lles dan aos pobres o que habería que lles dar aos porcos ou tiralo, creo moito máis digno de gabanza aquel de quen, levado polo conto anterior, debo falar; o cal a don Cane della Scala, magnífico señor caído en súbita e inusitada avaricia, reprendeu cun gracioso conto, representando noutros o que del e de si mesmo pretendía dicir; o cal é este:

Como clarísima fama propaga por todas partes, don Cane della Scala, ao cal a fortuna favoreceu en moitas cousas, foi un dos máis notábeis e magníficos señores que do emperador Federico II ata agora se coñeceron en Italia. O cal, como dispuxese facer unha notábel e marabillosa festa en Verona, e viñese a ela moita xente e de diversos lugares e, sobre todo, homes de corte de toda condición, nun repente, por calquera razón, botou para atrás e agasallou en parte aos que viñeran e deulles licencia para partir. Soamente un, chamado Bergamino, falador máis rápido e florido do que poida crer quen non o oíu, non sendo provisto de nada nin tendo recibido a licencia, ficou, esperando que aquilo fose feito non sen algunha futura utilidade. Mais don Cane dera en pensar que todo o que se lle dese era peor que perdelo ou que botalo ao lume; e nada lle dicía nin lle mandaba dicir.

A Bergamino, logo dalgúns días, vendo que non era chamado nin requirido a cousa relacionada co seu mester e que, para máis, se consumía na pousada cos seus cabalos e cos seus criados, comezoulle a vir a melancolía; con todo, esperaba, non achando ben partir. E pois que trouxera consigo tres fermosos e ricos traxes, que lle foran dados por outros señores, para comparecer decorosamente na festa, como o seu pousadeiro quixese ser pagado, deulle primeiramente un, e despois, como demorase aínda moito máis, cumpriulle, se quería seguir hospedado, darlle o segundo; e comezou a comer a conta do terceiro, disposto a ver, en tanto, o que lle duraba, e logo partir.

Ora que, mentres comía mercé ao terceiro traxe, ocorreu un día que, estando a almorzar don Cane, atopouse almorzando diante del, con aspecto todo melancólico; e vendo tal don Cane, máis por escarnecelo que por pillar pracer dalgunha parola súa, dixo:

—Ai Bergamino, ¿que é o que che pasa? ¡Moi melancólico estás! Fálanos algo.

Entón Bergamino, sen darse a cavilar, como se o tivese xa moi cavilado, traéndoo en proveito do seu caso, contou este conto:

—Meu señor, debedes de saber que Primasso foi un excelso gramático e un versificador grande e áxil coma ningún outro; cousas que o fixeron tan respectábel e tan famoso, que, aínda non sendo coñecido de persoa en todas partes, polo nome e

pola fama, case ninguén había que non soubese quen era Primasso. Pois sucedeu que, atopándose unha vez en París en pobre estado, como el se atopaba a maior parte do tempo, pois o seu mérito era pouco agradecido polos poderosos, oíu falar dun certo abade de Cluny, o cal se cre que sexa o máis rico prelado que polas súas rendas teña a Igrexa de Deus, fóra do Papa; e oíu dicir del cousas marabillosas e excelentes, de que levaba sempre corte e de non terlle negado de comer nin de beber a ninguén que andase onda el, no caso de llo pedir ao abade cando comía. Oíndo isto Primasso, como home que se compracía vendo aos homes e señores de mérito, determinou ir ver a magnificencia do tal abade e preguntou cánto había desde París ata onde el moraba. Ao que lle responderon que á beira de seis millas, nun seu convento; no cal Primasso pensou que podería estar, saíndo á mañanciña, á hora do xantar. Facendo, pois logo, que lle sinalasen o camiño, non achando a ninguén que fose alá, temeu que, por desgracia, podería perderse e ir dar a un lugar onde non atoparía de comer tan axiña; de modo que, por se tal acontecía, a fin de non sufrir carencia de comida, fixo mentes de levar tres bolos, pensando que auga, que lle gustaba pouco, había achar para beber en calquera sitio. E poñendo aqueles no seo, emprendeu o camiño, e fixoo tan ben, que antes da hora de xantar chegou onda o abade. E, entrando dentro, andou mirando aquí e alá, e ao ver a gran multitude das mesas postas e o grande aparellamento da cociña e as outras cousas arranxadas para o xantar, tivo para si: "Abofé, este é tan magnífico como din". E, estando un anaco atento a todas estas cousas, o senescal do abade, como era a hora de xantar, mandou que se dese auga ás mans; e, dada a auga, sentou a todos á mesa. E sucedeu, por ventura, que Primasso foi sentado xustamente en fronte da porta da cámara de onde o abade debía saír para entrar no comedor. Había naquela corte o costume de que, nas mesas, non se puña nunca viño, nin pan, nin nada de comer ou de beber, se antes o abade non viña sentar á súa. Dispostas as mesas polo senescal, mandou dicirlle ao abade que, cando lle prouguer, o xantar estaba listo. O abade fixo abrir a porta para vir á sala; e, vindo, mirou para diante, e, por acaso, o home no que primeiro puxo os ollos foi Primasso, o cal estaba moi mal adobiado e a quen non coñecía de persoa; e así que o viu, veulle ao ánimo un mal pensamento, que nunca tivera, e dixo para si: "¡Mira a quen lle dou de comer o meu!" E, volvendo para dentro, mandou que lle pechasen a cámara e preguntoulles aos que estaban con el se coñecían a aquel galopín que sentaba á mesa fronte á porta da súa cámara. Todos responderon que non. Primasso, que tiña gana de comer, xa que camiñara e non estaba afeito a xaxuar, agardando un anaco e vendo que o abade non viña, tirou do seo un dos tres bolos que trouxera e púxose a comer nel. O abade, logo dun tempo, mandou a un dos seus criados que mirase se marchara o tal Primasso. Respondeu o criado:

—Non, señor; é máis, come nun bolo que debeu de traer consigo.

Dixo, entón, o abade:

—Pois que coma do seu, se é que ten, que, do noso, hoxe non ha de comer.

Quería o abade que Primasso marchase por si mesmo, pois non lle parecía ben despedilo. Primasso, tendo comido xa un bolo, como o abade non viña, comezou a comer no segundo; o cal lle foi dito igualmente ao abade, que fixera ir mirar se

partira. Finalmente, ao non vir o abade, Primasso, xa comido o segundo, comezou a comer no terceiro; o cal lle foi dito tamén ao abade, que comezou a cismar: "Vaia, ¿que novidade é esta que hoxe me entrou na alma, que avaricia, que desdén, e por que? Eu dei de comer do meu, xa hai moitos anos, a todo aquel que quixo comer, sen mirar se era xentilhome ou vilán, pobre ou rico, mercador ou vagabundo; e vin con estes ollos desbaldilo a infindos galopíns, e nunca me veu ao ánimo o pensamento que me veu por este. Certamente, non me debe de ter asaltado avaricia por home de pouco mérito. Importante ha de ser este que galopín me parece, que así me acorou o ánimo para honralo". E, dicindo tal, quixo saber quen era; e, ao saber que era Primasso, que viñera alí para ver o que oíra falar da súa magnificencia, e coñecéndoo o abade por fama desde moito tempo antes como home ilustre, avergoñouse e, desexoso de emenda, amañouse de moitas maneiras para honralo. E logo de comer, segundo ao rango de Primasso lle conviña, fixoo nobremente vestir, e dándolle diñeiro e un palafrén, deixou ao seu arbitrio partir ou ficar. Do que, contento Primasso, agradecéndolle o mellor que puido, a París, de onde partira a pé, retornou a cabalo.

Don Cane, que era un señor perspicaz, sen ningunha outra explicación, entendeu optimamente o que Bergamino quería dicir; e, sorrindo, díxolle:

—Bergamino, mostráchesme moi oportunamente os teus agravios, a túa virtude e maila miña avaricia, e o que desexas de min; e, verdadeiramente, nunca senón agora por ti fun asaltado por avaricia, pero eu botareina fóra de min con aquel bastón que ti mesmo imaxinaches.

E, facendo pagar ao pousadeiro de Bergamino e vestíndoo moi nobremente cun vestido de seu, dándolle diñeiro e un palafrén, deixou desta vez ao seu pracer que ficase ou partise.

## CONTO OITAVO

*Guiglielmo Borsiere, con agudas palabras, reprende a avaricia de don Ermino de Grimaldi*

Sentaba Lauretta cabo de Filostrato, a cal, despois que oíu loar a agudeza de Bergamino e sabendo que tiña que dicir algo, sen esperar orde ningunha, pracenteiramente, falou ela.

O conto precedente, queridas compañeiras, indúceme a querer contar como un valente home de corte reprendeu igualmente, e non sen froito, a cobiza dun riquísimo mercador; o cal, aínda que asemelle no cabo ao anterior, non vos ha de agradar menos, pensando que remata ben.

Houbo, pois, en Xénova, hai xa ben tempo, un xentilhome chamado don Ermino de Grimaldi, o cal, segundo cría toda a xente, en grandísimas posesións e diñeiro excedía con moito a riqueza de calquera outro riquísimo cidadán que houbese entón en Italia. E como superaba en riqueza a todo aquel que fose itálico, así en avaricia e miseria superaba ao meirande mísero e avaro que houbese no mundo; pois non soamente tiña a bulsa estreita para honrar aos demais, senón que nas cousas tocante á súa persoa, contra o costume xeral dos xenoveses que adoitan vestir nobremente, soportaba para

non gastar grandísimas privacións, e igualmente no comer e no beber. Polo que lle caera, merecidamente, o apelido de Grimaldi, sendo chamado por todos Ermino Avaricia.

Sucedeu que, neste tempo no que, non gastando, multiplicaba a súa fortuna, chegou a Xénova un valente cortesán, xentil e ben falante, o cal tiña por nome Guiglielmo Borsiere, en nada semellante a eses que hoxe, non sen gran vergoña dos corruptos e vituperábeis costumes dos que no presente queren ser chamados e considerados nobres e señores, son máis ben dignos de ser chamados burros educados, máis que nas cortes, na porcallada de toda a maldade dos homes máis ruíns. E en tanto que noutros tempos adoitaba ser o seu mester e consumirse o seu traballo en trataren a paz onde xurdisen guerras ou desaires entre os nobres, ou en concertaren matrimonios, parentescos e amizade, e con belas e xeitosas palabras entreteren o ánimo dos fatigados e divertiren as cortes e con agres reprensións, reprobaren, como pais, as faltas dos ruíns, e isto con premios ben pequenos, hoxe, en pór a mal uns con outros, en enlizar, en falar maldades e infamias e, o que é peor, en facelas na presencia dos homes, en reprobarse os males, as vergoñas e as tristezas, certas ou non, uns aos outros, e en arrastrar os homes xentís para as cousas viles e criminais con falsos afagos, amáñanse en gastar o seu tempo. E é máis querido e honrado polos sórdidos e descorteses señores e exaltado con grandísimas recompensas quen máis abominábeis palabras di ou actos fai: grande e reprobábel vergoña do mundo presente, e argumento ben evidente de que a virtude, partindo de aquí abaixo, abandonounos aos míseros mortais nas feces do vicio.

Mais, volvendo ao que dicía, do que un xusto desprezo me desviou máis do que esperaba, digo que o devandito Guiglielmo foi honrado e visitado de bo grado por todos os nobres de Xénova; e, morando algúns anos na cidade e tendo oído moitas cousas da miseria e da avaricia de don Ermino, quixo facerlle unha visita. Don Ermino oíra xa que este Guiglielmo Borsiere era excelente home; e habendo aínda nel, mesmo que fose avaro, unha chisca de xentileza, con palabras moito amigábeis e con ledo rostro, recibiuno, e entrou con el en moitas e diversas conversas, e, parolando, levouno consigo, xunto con outros xenoveses que con el estaban, a unha casa nova de seu, a cal, moi fermosa, mandara facer.

E, logo de térllela mostrado toda, dixo:

—Ai, don Guiglielmo, vós que vistes e oístes tantas cousas, ¿saberiades ensinarme algunha nunca vista que eu puidese facer pintar na sala desta miña casa?

Ao que Guiglielmo, oíndo o seu falar inoportuno, respondeu:

—Señor, cousa nunca vista eu non creo que vos soubese ensinar, como non fosen espirros ou tal que así; pero, se vos prace, heivos de ensinar unha que non creo que virades xamais.

Don Ermino, non esperando que lle había de responder o que lle respondeu, dixo:

—Veña, dicídeme cal é, se vos prace.

Ao que Guiglielmo, prestamente, dixo:

—Facede pinta-la Cortesía.

Cando don Ermino oíu esta palabra, prendeu nel unha tal vergoña que tivo forza para facerlle mudar o ánimo case ao contrario daquel que ata entón tivera, e dixo:

—Don Guiglielmo, eu fareina pintar de xeito que nin vós nin outro me poidades con razón dicir que eu non a vise nin coñecese.

E, de aquí en diante, tivo tanta virtude a palabra dita por Guiglielmo, que foi o máis liberal e o máis afábel xentilhome e o que máis que calquera outro que houbese na Xénova do seu tempo honrou a forasteiros e cidadáns.

## CONTO NOVENO

*El-Rei de Chipre, reprendido por unha dona de Gascuña, de pusilánime tórnase valoroso*

A Elissa tocáballe a derradeira orde da raíña; e ela, sen demora, toda festiva, comezou a contar.

Xoves donas, a miúdo xa sucedeu que o que non puideron conseguir varias reprensións e moitos castigos infrinxidos a algún, unha palabra, dita máis por azar que ex proposito, fíxoo posíbel. O cal aparece moi ben no conto de Lauretta, e tamén eu, con outro moi breve, volo pretendo mostrar; porque, como queira que os bos contos sempre poden aproveitar, deben ser escoitados con ánimo atento, sexa quen for o que os conta.

Digo, pois, que nos tempos do primeiro rei de Chipre, despois da conquista da Terra Santa feita por Godofredo de Bouillon, sucedeu que unha xentil dona de Gascuña foi ao Sepulcro en peregrinación, e volvendo de alí, ao chegar a Chipre, foi envilecidamente aldraxada por uns criminais. Polo que, toda aflixida e desconsolada, pensou en se querelar diante de El-Rei; pero foille dito por alguén que o traballo sería en van, pois este era tan pusilánime e incapaz, que non só non vingaba con xustiza as afrontas dos outros, senón que, con reprobábel vileza, soportaba infindas que lle facían a el, en tanto que aquel que tiña algún amúo desafogábase facéndolle algunha afronta ou deshonra. A dona, cando tal oíu, perdida a esperanza de ser vingada, para aliviar dalgún modo o seu anoxo, propúxose censurar a incapacidade do devandito rei; e, toda chorosa perante el, dixo:

—Meu señor, eu non veño á túa presencia porque espere vinganza da aldraxe que me foi feita; pero, en compensación, prégoche que me aprendas cómo é que ti sofres as que, segundo creo, che fan, para que, aprendendo de ti, poida levar a miña pacientemente; a cal como hai Deus que cha daba de boa gana, pois que as levas tan ben.

El-Rei, que ata entón fora tan lento e preguiceiro, coma se acordase dun soño, comezando pola aldraxe feita a esta dona, a cal asperamente vingou, tornouse severísimo perseguidor de todo aquel que, de alí en diante, obrase contra o honor da súa coroa.

## CONTO DÉCIMO

*O mestre Alberte de Bolonia avergoña razoabelmente a unha dona, a cal quería avergoñalo a el por estar namorado dela*

Quedáballe, ao calar Elisa, o derradeiro traballo de contar á raíña; a cal, comezando a falar con gracia feminina, dixo o que segue.

Valentes mozos, como as estrelas son ornamento do ceo nas noites serenas e na primavera as flores nos verdes prados, tales son as palabras graciosas dos loables costumes e das conversas pracenteiras; as cales, como sexan breves, moito mellor lles acaen ás mulleres ca ós homes, pois desdí máis das mulleres que dos homes darlle ao badalo cando se poida pasar diso, aínda que hoxe a penas queda ningunha muller que entenda algún dito gracioso ou que, no caso de entendelo, saiba responder: para xeral vergoña nosa e das que aínda viven. Porque aquela virtude que houbo nas almas das devanceiras tornárona as modernas en enfeites para o corpo; e a que se ve cos panos máis coloridos e de franxas múltiples e con máis adornos, cre que debe ser máis considerada e honrada cás outras, non pensando que mesmo un asno, se houbese alguén que llos puxese enriba ou adaptados ao corpo, levaría moitos máis ca ningunha delas; e non por iso habería que honralo máis que como asno. Dáme vergoña dicilo, pois nada podo falar en contra das outras que non fale en contra miña: estas tan enfeitadas, tan pintadas, tan charramangueiras, ou están coma estatuas de mármore, mudas e insensíbeis, ou, se é que se lles pregunta, responden, que moito mellor estaban caladas; e están convencidas de que procede da pureza do seu ánimo non saber conversar entre donas nin con homes nobres, e á súa estulticia puxeron nome de honestidade, coma se non houbese máis dona honesta que aquela que fala coa criada ou coa súa lavandeira ou coa súa forneira; pois, se a natureza tivese querido, tal como elas queren facelo crer, doutro xeito lles tería limitado a parola. O certo é que, coma nas outras cousas, cómpre mirar o tempo e o lugar e con quen se conversa, porque se cadra sucede que, crendo algunha dona, ou un home, que cunha palabriña aguda fai enrubescer a outro, non medindo ben as forzas coas dese tal, sentiu volver sobre si ese rubor que creu botar contra outro. Polo que, a fin de que saibades gardarvos e, ademais, para que non se poida dicir de vós aquel proverbio que comunmente se di por todas partes, isto é, que as mulleres, de todas as cousas, sempre collen a peor, quero que este último conto dos de hoxe, que a min me toca contar, vos adestre para que, así como por nobreza de ánimo estades afastadas das outras, así tamén vos mostredes apartadas pola excelencia dos vosos costumes.

Aínda non son moitos anos pasados de que houbo en Boloña un excelente médico e de clara fama en case todo o mundo, e se cadra aínda vive, de quen o nome foi mestre Alberte. O cal, sendo xa vello de preto de setenta anos, foi tanta a nobreza do seu espírito, que, téndolle partido xa do corpo case toda a súa calor natural, non refugou recibir as amorosas chamas: vendo nunha festa unha fermosísima viúva, chamada, disque, dona Malgherida dei Ghisolieri, e gustando dela sobre maneira, recibiuna no seu peito maduro non doutro xeito que un mozo, ata o punto de lle parecer que non descansaría ben de noite se durante o día non vise o lindo e delicado rostro da fermosa

dona. E, así, comezou a frecuentar, ben a pé ben a cabalo, conforme mellor lle cadraba, a rúa ante a casa da tal dona. Polo que tanto ela como moitas outras donas se decataron da razón do seu pasar e burláronse moito del, ao veren namorado un home tan vello en anos como en siso; como se coidasen que una paixón tan pracenteira como é o amor soamente puidese morar nas inexpertas almas dos mozos.

E así, como seguise o pasar do mestre Alberte, sucedeu un día santo que, estando esta dona sentada con outras moitas donas á súa porta e vendo que o mestre Alberte viña onda elas, propuxéronse, xunto con ela, recibilo e honralo, e logo burlarse daquel seu namoro; e tal fixeron. Pois, erguéndose todas e invitándoo, conducírono a un fresco patio, onde mandaron sacar finísimos viños e doces; e, finalmente, con moi amábeis e agudas palabras preguntáronlle cómo podía terse namorado daquela dona, sabendo el que era amada por mozos tan apostos, xentís e galantes.

O mestre, sentíndose punzar tan cortesmente, con cara alegre respondeu:

—Señora, que eu ame non debe marabillar a sabio ningún, e especialmente a vós, posto que o merecedes. E aínda que aos homes vellos os privou natureza das forzas que se requiren para os amorosos exercicios, non por iso tirou deles a boa vontade nin o entendemento de aquilo que debe ser amado, senón que, coñecido por natureza moito máis, teñen máis coñecemento do que os mozos. A esperanza que me move a amarvos a vós, amada por moitos mozos, é esta: eu estiven moitas veces vendo a mulleres preparar a merenda e comer chícharos de raposo e porros; e aínda que no porro nada é bo, con todo é menos ruín e máis deleitosa ao padal a súa cabeza, e vós, xeralmente, levada por errado apetito, tedes a cabeza coas mans e comedes as follas, as cales non só non valen para nada, senón que teñen mal sabor. ¿E que sei eu, señora, se ao escoller os amantes non facedes algo parecido? E se tal fixesedes, eu sería o escolleito por vós, e os outros despedidos.

A xentil dona, coas outras un algo avergoñada, dixo:

—Mestre, moi ben e cortesmente reprendestes a nosa presuntuosa empresa; así e todo, o voso amor é do meu agrado, como debe ser o dun home sabio e de mérito, e por iso, salvante a miña honestidade, mandádeme confiadamente todo o que vos prouguer como a cousa vosa.

O mestre, erguéndose cos seus compañeiros, agradeceullo á dona; e, rindo e con festa, despediuse dela. Así, a dona, non mirando de quen se burlaba, crendo vencer, foi vencida; do que vós, se sodes sabias, moito vos gardaredes.

***

Xa o sol declinaba e a calor diminuíra en gran parte, cando os contos das xoves donas e dos tres mozos chegaron ao seu cabo.

Polo que a súa raíña, pracenteiramente, dixo:

—Agora, queridas compañeiras, xa nada lle queda por facer ao meu goberno pola presente xornada, senón darvos nova raíña, a cal, na vindeira, dispoña segundo o propio xuízo da súa vida e da nosa para honesto deleite. E aínda que pareza que o día ha durar ata que sobreveña a noite, posto que aquel que non toma tempo por diante

non parece que se poida prover ben para o porvir, e para que se poida dispor para mañá o que a nova raíña considere oportuno, xulgo que as seguintes xornadas deben comezar a esta hora. E por iso, en reverencia de Aquel por quen todas as cousas viven e para o voso conforto, durante esta segunda xornada, Filomena, discretísima moza, ha mandar como raíña no noso reino.

E, dicindo así, póndose en pé e quitando a grilanda de loureiro, púxolla a ela, reverente; e primeiro ela, e despois todas as outras, así como os mozos, saudárona como raíña, e ofrecéronse pracenteiramente ao seu mandado.

Filomena, un algo arroibada da vergoña ao se ver coroada raíña e lembrando as palabras ditas pouco antes por Pampinea, para non parecer babiola, recobrando a ousadía, primeiramente confirmou os cargos dados por Pampinea e dispuxo o que se tiña que facer á mañá seguinte e na cea vindeira, ficando alí onde estaban; e despois comezou a falar así:

—Queridísimas compañeiras, aínda que Pampinea, pola súa cortesía máis que pola miña virtude, me teña feito a vosa raíña, non por iso estou disposta a seguir soamente o meu xuízo verbo da forma do noso vivir, senón, xunto co meu, tamén o voso; e para que coñezades o que a min me parece que debemos facer, e, por conseguinte, para que poidades engadir ou suprimir á vosa vontade, vóuvolo mostrar cunhas poucas palabras. Se ben reparei hoxe nos modos adoptados por Pampinea, pareceume achalos tan loables como deleitosos; e por iso, ata que eles, ben por demasiado monótonos ben por outra razón, non resulten aborrecidos, non fago mentes de mudalos. Dada, pois, a orde de facer aquilo que xa comezamos, erguéndonos de aquí, habemos de ir folgar un anaco e, cando o sol estea para se poñer, cearemos á fresca, e logo dalgunhas cántigas e doutros divertimentos, bo ha de ser írmonos deitar. Mañá, erguéndonos coa fresca, habemos de ir folgar por algures como a cada un lle veña de grado facer, e, coma fixemos hoxe, tamén á hora debida habemos de comer e bailar; e, ao nos erguer da sesta, como fixemos hoxe, volveremos aquí para contar os contos, no cal acho que hai tantísima parte de pracer coma de utilidade. E abofé que o que Pampinea non puido facer, por ser elixida tarde para a súa rexencia, quero eu comezalo: isto é, a restrinxir dentro dalgún termo o que debemos contar e ensinar, para que cada un teña tempo de poder pensar sobre o tema proposto. O cal, se vos prace, será este: que, como queira que desde o principio do mundo os homes foron levados por diversos casos de fortuna, e han de selo ata a fin, cada un conte sobre isto: quen, aflixido por diversas cousas, logrou, alén de toda esperanza, un remate feliz.

Tanto as donas coma os homes loaron esta orde e dixeron que a habían de cumprir; só Dioneo, calando xa todos os outros, dixo:

—Señora, como dixeron todos, así eu digo ser sumamente pracenteira e loable a orde dada por vós. Pero por especial gracia prégovos un don, o cal quero que me sexa confirmado mentres dure a nosa compañía, e é este: que eu non sexa obrigado, se non quero, a esta lei de contar o conto segundo a proposta dada, senón aquel que máis me praza contar. E para que ninguén crea que eu pido esta gracia como home que non teña contos a man, desde agora folgareime de ser o último en falar.

A raíña, que o coñecía moi ben como home xoldeiro e trouleante, e que pensou que non pedía tal senón para poder alegrar a compaña con algún conto de risa, se estiver canso do tema proposto, concedeulle alegremente a gracia. E, poñéndose en pé, foron a modo cara a un río de auga clarísima, que descendía dun outeiro a un val asombrado por moitas árbores, entre pedras vivas e verdes herbiñas. Aquí, descalzas, e deixando ir pola auga os brazos nus, comezaron a troulear entre si de varias maneiras. E, achegándose a hora da cea, volvendo para o pazo, cearon con deleite. E logo da cea, facendo vir os instrumentos, mandou a raíña que fose iniciada unha danza, e que, guiada esta por Lauretta, cantase Emilia unha cántiga, acompañada polo laúde de Dioneo. E a esa orde, prestamente Lauretta comezou unha danza e guiouna, cantando Emilia amorosamente a seguinte canción:

Tanto me prace a miña fermosura

Que noutro amor xamais

Hei de coidar nin creo ter dozura.

Eu vexo nela, sempre que me espello,

Ese ben que contenta o intelecto;

Nin accidente novo ou pensar vello

Privarme poden do que me é dilecto.

Porque, ¿que outro pracenteiro obxecto

Poderei ver xamais

Que dese ao corazón nova dozura?

Non me foxe este ben cando quixer,

P’ra o meu consolo, volvelo mirar;

Máis ben se lle aparece ao meu pracer

Tan suave ao sentimento, que expresar

Eu non o podería nin probar

Ningún mortal xamais

Que non ardese de tan gran dozura.

E eu que cada hora máis me acendo

Canto máis fixos teño os ollos nel,

Toda me dou a el, toda me rendo,

Gustando xa da súa promesa fiel,

E espero maior gozo inda que aquel

De antes, pois xamais

Aquí non se sentiu con tal dozura.

Acabada esta balada, que todos corearan alegremente, aínda que a algúns as súas palabras lles fixesen pensar moito, logo de bailar algunhas carolas, pasada xa unha pequena parte da noite, próugolle á raíña dar fin á primeira xornada. E mandando acender fachos, ordenou que todos fosen descansar ata a mañá seguinte; o que cada un, volvendo para a súa cámara, tal fixo.

## REMATA A PRIMEIRA XORNADA DO DECAMERÓN; E COMEZA A SEGUNDA, BAIXO O GOBERNO DE FILOMENA, NA CAL SE FALA DE QUEN, ATENAZADO POR DIVERSOS PERIGOS, CHEGOU Á FIN CONTRA TODA ESPERANZA

Xa o sol levara coa súa luz o novo día a todas partes e as aves dábanlles testemuña diso aos oídos, cantando so as verdes ramas versos pracenteiros, cando tanto as donas coma os mozos, erguéndose, entraron polos xardíns, e pisando aquí e acolá con lento paso a herba orballada, facendo belas grilandas, andaron a folgar por longo tempo. E tal como fixeran o día anterior, fixeron no presente; ó que comeron pola fresca, logo dun baile, foron descansar, e despois, erguéndose na hora nona, como lle prougo á raíña, chegados ao fresco prado, sentaron ao seu redor. Ela, que era belida e moi pracenteira de ver, coroada coa súa grilanda de loureiro, demorando un algo e mirando á cara a toda a compaña, mandoulle a Neifile que dese principio aos contos seguintes co seu. E esta, sen escusa ningunha, así, leda, comezou a falar.

## CONTO PRIMEIRO

*Martellino, facendo o eivado, finxe curar ante santo Arrigo e, coñecido o seu engano, é mallado e preso; e con perigo de ser aforcado, finalmente logra escapar*

A miúdo aconteceu, carísimas donas, que aquel que se enxeñou para mofarse doutro, e máxime das cousas que se deben reverenciar, saíu escarnecido e, por veces, con dano. Polo que, para obedecer a orde da raíña e dar principio cun meu conto ao tema proposto, vouvos contar o que, primeiro desventuradamente e logo, en contra do que el pensaba, moi felizmente, a un noso concidadán lle aconteceu.

Había en Treviso, non hai aínda moito, un alemán chamado Arrigo, o cal, como era pobre, facía por diñeiro, a quen llo requirise, de mozo de cordel, e, así e todo, tíñano por home bo e de santísima vida. Polo que, verdade ou non, ao morrer el, sucedeu que, segundo afirman os trevisáns, á hora da súa morte as campás todas da igrexa maior de Treviso, sen seren tocadas por ninguén, botaron a soar. Polo que, téndoo por un milagre, todos dicían que o tal Arrigo era santo; e, correndo a xente toda para a casa onde o seu corpo xacía, portárono á igrexa maior a xeito de corpo santo, que levou alí coxos, tolleitos, cegos e outros aleixados por calquera enfermidade ou defecto, coma se todos, co tocamento deste corpo, fosen sandar.

Entre tanto tumulto e axitación, sucedeu que chegaron a Treviso tres concidadáns nosos, dos cales un era chamado Stecchi, outro Martellino e o terceiro Marchese,

homes que, visitando as cortes do señor, divertían a quen os vía contorsionándose e imitando con xestos estraños a outro home calquera. Os cales, non estando alí nunca, ao veren correr toda a xente, pasmaron, e, oída a razón daquilo, desexaron ilo ver.

E deixando as súas cousas nunha pousada, dixo Marchese:

—Nós queremos ir ver este santo, pero eu non vexo como habemos de poder chegar, pois toín que a praza está chea de alemáns e doutra xente armada, que puxo alí o señor desta terra para que non haxa barafunda; e, ademais, seica a igrexa está tan chea de xente que case ninguén pode entrar nela.

Entón, Martellino, que arelaba ver todo aquilo, dixo:

—Por iso que non quede, que eu acharei a maneira de chegarmos onda o corpo santo.

Dixo Marchese:

—¿E como?

Respondeu Martellino:

—Mira, eu heime contorsionar coma se fose un tolleito, e ti por unha banda e Stecchi pola outra, coma se non me puidese rexer, habedes ir sosténdome e acenando que me queredes levar a que o santo me cure: non haberá ninguén que, cando vos vexa, non vos faga sitio e vos deixe pasar.

A Marchese e a Stecchi pareceulles ben a maneira; e, sen máis demora, saídos que foron da pousada, indo todos tres para un lugar senlleiro, Martellino estordegou de tal xeito as mans, os dedos, os brazos e as pernas e, amais disto, a boca, os ollos e toda a cara, que cousa espantosa era de ver; e ninguén habería que, ao velo, non pensase que, verdadeiramente, estaba todo el eivado e tolleito. E, así, preso por Marchese e mais Stecchi, colleron para a igrexa, á vista de todos cheos de piedade, pedindo humildemente e polo amor de Deus a todo aquel que estaba parado diante deles que lles deixase paso, o que doadamente conseguían; e, de alí a nada, con respecto de todos e berrando aquí e alá "¡Paso! ¡paso!", chegaron onda o corpo de santo Arrigo; e por algúns homes bos, que había ao redor, foi Martellino prestamente erguido e posto sobre o santo, para que así gañase o ben da saúde. Martellino, estando toda a xente atenta ao que nel acontecía, ao cabo dun anaco, como sabía facelo optimamente, comezou a finxir que un dos dedos se lle estalicaba, e despois a man, e logo o brazo. E, vendo isto, a xente tan grande rebumbio armaba en loor de santo Arrigo, que nin os tronos habían de se poder oír.

Estaba alí preto, por acaso, un florentino que coñecía moi ben a Martellino, mais que por ir tan desfigurado cando o levaran non o coñecera; o cal, ao velo endereitado e recoñecéndoo, de súpeto comezou a rir e a dicir:

—¡Vállalle Xudas! ¿E quen non crería, ao velo vir, que estaba en verdade tolleito?

Estas palabras oíronas algúns trevisáns, que lle preguntaron de contado:

—¿E logo? ¿Non estaba eivado, este?

Aos que o florentino respondeu:

—¡Deus non o queira! Sempre estivo dereito coma calquera de nós, pero sabe facer mellor ca ninguén, como puidestes ver, estas chacotas de se contraer de todas as formas que quere.

Cando eles tal oíron, non fixo falla máis: abriron paso á forza e deron en berrar:

—¡Sexa preso este traidor e burlador de Deus e dos santos, que, non estando eivado, veu aquí a xeito de eivado para escarnecer ao noso santo e a nós!

E, así dicindo, pillárono e sacárono do sitio onde estaba, e agarrándoo polo pelo e rachándolle a roupa toda de enriba comezaron a darlle puñazos e couces; e parecíalle que non había quen non correse a facer tal. Martellino berraba: "¡Valédeme, por Deus!", e defendíase como podía, mais en van: o xentío apertábao cada vez máis.

Cando isto viron Stecchi e Marchese, comezaron a se dicir que a cousa andaba mal e, temendo por si mesmos, non ousaban axudalo, berrando, máis ben, xunto cos outros, que fose morto, aínda que sempre con mentes de cómo podelo sacar das mans da xente; a cal de certo o había matar se Marchese non chegase a ter unha idea: estando alí fóra toda a garda do podestá, Marchese, o máis axiña que puido, foi onda aquel que o representaba e dixo:

—¡Valédeme, por Deus! Hai aquí un home ruín que me roubou a bulsa con máis de cen floríns de ouro; prégovos que o pilledes para que eu recupere o meu.

Ao que tal oíron, de súpeto, doce soldados correron a onde mallaban no mísero Martellino coma en centeo verde, e co maior traballo do mundo, abrindo paso, sacárono todo zoupado e roto das mans da multitude e conducírono ao palacio; onde, seguido por moitos que se consideraban escarnecidos por el, oíndo que o prenderan por rapabulsas, coidando que non había mellor xeito de lle dar un bo escarmento, comezaron tamén todos a dicir que el lles ripara a bulsa. E oíndo isto o xuíz do podestá, que era home basto, levándoo á parte de seguida, comezou a preguntarlle sobre isto. Pero Martellino contestaba chufando, coma se non lle importase aquel arresto; polo que o xuíz, amuado, facéndoo atar coa corda, ordenou que lle desen uns bos tiróns para que confesase o que eles dicían e logo facelo aforcar.

Mais logo que foi posto en terra, como o xuíz lle preguntase se era certo o que dicían contra el, non valéndolle dicir que non, dixo:

—Señor, eu estou disposto a confesarvos a verdade, pero mandade dicir a todos os que me acusan cándo e ónde lles ripei a bulsa; e eu heivos de dicir o que fixen e o que non.

Dixo o xuíz:

—Cadro conforme.

E mandando chamar a algúns, un dicía que lla ripara había oito días, outro que seis, outro que catro, e outros que aquel día mesmo.

Oído o cal, dixo Martellino:

—Señor, ¡menten todos descaradamente! E que eu digo verdade podo probárvolo deste xeito: non só non entrara nunca nesta terra senón que, ademais, levo aquí pouco

tempo; e cando cheguei, fun ver, para a miña desventura, ese corpo santo, onde me zouparon como podedes ver; e que isto que digo é certo, pode esclarecérvolo o oficial do señor que leva os rexistros de entrada e mais o seu libro e o meu pousadeiro. Polo que, se achades certo o que eu vos digo, non me queirades estragar e matar a instancia destes malvados.

Mentres a cousa así andaba, Marchese e Stecchi, que oíran que o xuíz do podestá procedía violentamente contra el e que xa lle amarrara a corda, colleron moito medo e tiveron para si: "Mal fixemos, quitámolo da tixola e botámolo no lume". Polo que, bulindo con toda dilixencia e marchando cabo do pousadeiro, contáronlle como fora a cousa; e el, rindo, conduciunos a un tal Sandro Angolanti, que moraba en Treviso e tiña grande autoridade ante o señor; e contándolle todo polo miúdo, pregoulle, xunto con eles, que atendese o caso de Martellino.

Sandro, logo de moita risa, indo onda o señor, mandou que trouxesen a Martellino; e así se fixo. Ao cal, os que foron por el, toparon aínda en camisa ante o xuíz e todo acovardado e asustado, porque o xuíz nada quería oír na súa escusa; máis aínda, como lles tiña certa xenreira aos florentinos, estaba todo disposto a esganalo e de ningunha maneira quería darllo ao señor, ata que o obrigaron contra a súa vontade. E logo que estivo ante el, contándolle todo en pormenor, pregoulle que en grao de suma gracia o deixase ir, porque ata que non estiver en Florencia sempre lle había parecer que tiña a soga ao pescozo. Moito riu o señor cun caso tal; e mandando que se lles dese roupa a cada un, saíndo todos tres, contra toda esperanza, de tan grande perigo, sans e salvos volveron para a casa.

## CONTO SEGUNDO

*Rinaldo d'Asti, roubado, acaba en Castel Guiglielmo sendo hospedado por unha dama viúva; e, resarcido dos seus males, volve para a casa san e salvo.*

Do caso de Martellino contado por Neifile riron as donas sobre maneira, e o que máis, entre os mozos, Filostrato; ao cal, como sentaba á beira de Neifile, mandoulle a raíña que a seguise a contar. E el, sen demora ningunha, comezou.

Fermosas donas: un conto sobre cousas sagradas, mesturadas en parte con infortunios e amor, indúceme a que o conte, o que será por acaso máis ca útil escoitalo; e especialmente por aqueles que percorren as perigosas terras do amor, nas cales quen non diga a miúdo o noso pai de San Xilián, mesmo que teña un bo leito, hospédase mal.

Había, pois, no tempo do marqués Azzo da Ferrara, un mercador chamado Rinaldo d'Asti, que fora a Bolonia por mor dos seus negocios; e logo de atendelos e volvendo para a casa, ocorreu que, saíndo de Ferrara e cabalgando cara a Verona, bateu con uns que parecían mercadores, mais eran malfeitores e homes de condición e vida ruíns, aos cales, conversando, acompañou incautamente. Eles, ao ver o mercador e coidando que debía de levar diñeiro, decidiron que, tan logo a ocasión se presentase, habían de roubalo; e para non poñelo en sospeita,

como homes modestos e de lei ían conversando con el unicamente de cousas honestas e de lealdade, disimulándose canto podían e sabían, como humildes e bos; polo que el tiña como gran ventura telos atopado, posto que ía só, cun seu criado, a cabalo.

E así camiñando, pasando dunha cousa a outra, como acontece na parola, deron en conversar verbo das oracións que os homes lle rezan a Deus; e un dos pillabáns, que eran tres, díxolle a Rinaldo:

—E vós, xentilhome, ¿que oración adoitades dicir cando ides de camiño?

Ao que Rinaldo respondeu:

—Verdadeiramente, eu sonvos un home bastante rudo e groseiro, e sei ben poucas oracións, xa que vivo á antiga e digo si por si e non por non; así e todo, sempre adoitei, indo de camiño, rezar á mañá, cando saio da pousada, un noso pai e unha avemaría pola ánima do pai e da nai de san Xilián, co cal prégolle a Deus e a el que, na noite vindeira, me dean un bo leito. E xa moitos días teño estado, camiñando, en grandes perigos, e librándome de todos eles, atopeime logo á noite en bo lugar e ben hospedado; pois eu teño a firme crenza de que san Xilián, en honra do cal rezo, conseguiume de Deus esta gracia; e non me había parecer que puidese andar ben o día nin chegar ben a noite seguinte, se eu non tivese rezado esa mañá.

Ao que, aquel que lle preguntara, dixo:

—E, esta mañá, ¿rezáchesllе?

Ao que Rinaldo respondeu:

—Recei.

Entón, o outro, que xa sabía como había de ir a cousa, pensou: "Boa falla che fará, que, se nós non fallamos, teño para min que te has hospedar mal"; e logo díxolle:

—Eu tamén teño camiñado moito, e nunca lle recei, e iso que llo oín recomendar a moitos, e nunca me ocorreu que, por iso, non me hospedase senón ben; e esta noite se cadra poderedes ver quen se hospedará mellor, se vós, que lle rezastes, ou eu, que non lle recei. Claro que eu, no seu canto, rezo o Dirupisti ou o a Intemerata ou o De profundis, que, segundo unha miña avoa adoitaba dicirme, son de grandísima virtude.

E falando así de moitas cousas e seguindo camiño, e agardando lugar e tempo para o seu malvado propósito, sucedeu que, sendo xa tarde, pasado Castel Guiglielmo, ao vadear aqueles tres un río, vendo a hora tardía e o lugar senlleiro e choído, asaltándoo, roubárono, e, deixándoo a pé e en camisa, dixéronlle ao partir:

—Vai e mira se o teu San Xilián che dá unha boa pousada esta noite, que o noso hánola dar boa a nós.

E, con estas, vadeando o río, marcharon.

O criado de Rinaldo, ao ver que asaltaban a este, como vilán, nada fixo por axudalo, senón que, volvendo para atrás o cabalo que montaba, non parou de correr ata que estivo en Castel Guiglielmo, e aquí, sendo xa noite, sen empecemento ningún, hospedouse.

Rinaldo, que ficara en camisa e descalzo, sendo moito o frío e nevando arreo, non sabendo o que facer, vendo que xa caera a noite, tremendo e chaveando, comezou a mirar ao redor, por se había algún acubillo, onde puidese pasar a noite e non morrer de frío; pero, ao non ver ningún, porque, como houbera guerra pouco antes na bisbarra, ardera todo, empurrado pola friaxe, colleu, trotando, para Castel Guiglielmo, sen saber que o seu criado fuxira para alí ou para outro lugar, pensando que, se lograba entrar, algún socorro lle mandaría Deus. Pero a noite escura pillouno case a unha milla do castelo, polo que chegou tan tarde, que estando as portas pechadas e as pontes ergueitas, non puido entrar. Polo que, chorando aflixido e desconsolado, miraba para ao redor buscando un sitio onde pousar, e onde, cando menos, non lle nevase enriba; e, por acaso, viu unha casa sobranceira dos muros do castelo, so o beirado da cal determinou que iría ficar ata o outro día. E indo alá e tendo atopado unha porta so aquel beirado, como estaba pechada, ao pé deste, axuntando un pouco restroballo que había por alí, ficou triste e magoado, doéndose moitas veces a san Xilián, dicindo que a fe que lle tiña non merecía aquilo. Ora, san Xilián, que miraba por el, arranxoulle sen moita demora unha boa hospedaxe.

Había naquel burgo unha dona viúva, belida de corpo máis ca

ningunha outra, á que o marqués Azzo amaba coma á súa vida e que alí a facía estar, á súa disposición; e a tal dona moraba na casa do beirado so o que Rinaldo fora acubillarse. E o marqués viñera por acaso o día anterior deitar con ela, e na casa dela fixera, pola calada, que lle arranxasen un baño e unha magnífica cea. E estando todo disposto (só esperaba ela a chegada do marqués) sucedeu que un criado chegou á porta e tróuxolle novas ao marqués de que tiña que cabalgar de contado; polo que, mandándolle dicir á dona que non o esperase, prestamente partiu. Conque a dona, un pouco desconsolada, non sabendo o que facer, decidiu entrar no baño preparado para o marqués e logo cear e deitarse; e, con estas, entrou no baño.

Estaba este baño próximo á porta cabo da que o coitado Rinaldo deitara fóra do burgo; polo que, estando a dona no baño, sentiu o pranto e a tremedeira de Rinaldo, que parecía terse convertido en cegoña; e así, chamada a súa criada, díxolle:

—Vai arriba e mira fóra do muro, a ver quen hai ao pé desta porta, e quen é, e qué fai aí.

A criada foi e, axudada pola claridade do ar, viu a aquel, sentado en camisa e descalzo, como foi dito, e aterecido; polo que lle preguntou quen era. E Rinaldo, tremendo tanto que mal podía dar fala, díxolle o máis brevemente que puido quen era, e cómo, e por qué estaba alí; e logo pregoulle por caridade que, se fose posíbel, non o deixase morrer alí de frío pola noite. A criada, compadecida, volveu onda a dona e contoullo todo. A cal, sentindo tamén compaixón, lembrando que tiña a chave daquela porta, que ás veces servía para as ocultas entradas do marqués, dixo:

—Vai e ábrelle sen armar ruído; aquí hai esta cea e non habería quen a comese, e para poder hospedalo hai sitio de abondo.

A criada, loando moito a dona pola súa humanidade, foi e abriulle; e, meténdoo dentro, ao velo aterecido, díxolle a dona:

—Axiña, bo home, entra nese baño, que aínda está quente.

E el, sen agardar por máis invitación, fíxoo de bo grado; e, todo reconfortado por aquela calor, pareceulle volver da morte á vida. A dona fixo que lle dispuxesen panos que foran do seu marido, morto había pouco, os cales, cando os vestiu, pareceron feitos á medida; e esperando polo que a dona lle mandase comezou a agradecerlles a Deus e a san Xilián téreno librado dunha tan mala noite como el agardaba, e téreno conducido, polo que parecía, a tan boa hospedaxe. E logo a dona, un algo descansada, mandado que tiña facer un grandísimo lume nunha ampla sala, foi para esta e preguntou que fora daquel bo home.

Ao que a criada respondeu:

—Miña señora, el vestiuse e é home feito e semella persoa moi de ben e cortés.

—Vai logo –dixo a dona– e chámao e dille que veña para aquí; ha cear a carón do lume, que ben sei que non ceou.

Rinaldo, des que entrou na sala, ao ver a dona e achándoa de calidade, cumprimentouna reverente e agradeceulle o mellor que soubo o beneficio recibido. A dona, mirándoo e oíndoo e cadrando co que a criada lle dixera, recibiuno alegremente e fíxoo sentar con ela confiadamente a carón do lume, e preguntoulle polo accidente que o conducira ata alí; e Rinaldo contoulle todo con pormenor. A dona, coa chegada do criado de Rinaldo ao castelo, oíra algo disto, polo que acreditou enteiramente no que el lle dicía, e díxolle tamén o que do seu criado sabía e como o podería atopar ao outro día doadamente. Mais, logo que a mesa foi posta, cando a dona quixo, Rinaldo, lavadas as mans, comezou a cear xunto con ela. El era alto e fermoso e agradábel de cara e de maneiras moi loábeis e xeitosas e mozo de mediana idade; ao cal, téndolle a dona posto os ollos enriba moitas veces e con moito aprecio, xa desexaba, pois conservaba na mente o concupiscente apetito a causa do marqués, que debía ter vido a se deitar con ela. Logo da cea, erguéndose da mesa, aconsellouse coa criada sobre se lle parecía ben feito que ela, posto que o marqués a burlara, usase daquel ben que a fortuna lle puxera diante.

A criada, coñecendo o desexo da súa señora, canto puido e soubo animouna a que o seguise, polo que a dona, volvendo para cabo do lume onde deixara a Rinaldo só, mirando para el amorosamente, díxolle:

—Ai, Rinaldo, ¿por que estades tan caviloso? ¿Non coidades que vos poida ser devolto un cabalo e algúns vestidos que perdestes? Confortádevos, alegrádevos, estades na vosa casa. Aínda máis vos podo dicir: que, ao vervos vestido con esta roupa, que foi do defunto meu marido, parecéndome que erades el, viñéronme esta noite máis de cen veces ganas de abrazarvos e bicarvos; e se non chego a temer que vos puidese desgustar, ben sei que o tería feito.

Rinaldo, oíndo estas palabras e vendo o alampar dos ollos da dona, como non era badoco, indo ao seu encontro cos brazos abertos, dixo:

—Señora, pensando que pola vosa mercé poderei xa sempre dicir que estou vivo e considerando de onde me fixestes sacar, grande vilanía sería a miña se eu non me

amañase para facer todo o que vos fose de agrado; satisfacede, pois, o pracer de abrazarme e bicarme, que eu vos hei abrazar e bicar máis que de boa gana.

Despois destas, non cumpriron máis palabras. A dona, que ardía toda de amoroso desexo, botóuselle de contado nos brazos; e logo que, apertándoo con grandes desexos, mil veces bicou nel e outras tantas por el foi bicada, erguéndose de alí foron para a cámara, e deitándose sen máis demora, antes de que o día chegase, plenamente e moitas veces cumpriron os seus desexos. Pero logo que comezou a riscar o día, erguéndose a dona cando lle prougo, para que ninguén puidese sospeitar aquilo, dándolle algunha roupa ruín e enchéndolle a bulsa de diñeiro, pregándolle que o mantivese oculto, téndolle mostrado antes o camiño por onde debía entrar para atopar o seu criado, fíxoo saír pola porta por onde entrara.

El, cando xa foi día, finxindo vir de máis lonxe, abertas as portas, entrou no burgo e atopou o seu criado; polo que, vestindo a súa roupa que levaba no fardelo, cando ía montar no cabalo do criado, case por divino milagre aconteceu que os tres malfeitores que o roubaran a noite anterior, presos por outra falcatruada que fixeran pouco despois, foron conducidos a aquel burgo; e por confesión deles mesmos, foille devolto o seu cabalo, panos e diñeiro, e non perdeu máis que un par de ligas, das que os malfeitores non sabían que se fixera. Polo que Rinaldo, dando gracias a Deus e a san Xilián, montou a cabalo e volveu san e salvo para a casa; e os tres malfeitores, para o outro día, foron dar couces ao vento.

## CONTO TERCEIRO

*Tres mozos dilapidan os seus bens, e arruínanse; un seu sobriño, acompañando a un abade ao volver para a casa sen ningunha esperanza, descobre que este é a filla de El-Rei de Inglaterra, a cal o toma por marido e resarce dos danos aos seus tíos, poñéndoos de novo en bo estado.*

Foron escoitados con admiración os casos de Rinaldo d'Asti polas donas e polos mozos e loada a súa devoción e, dadas as gracias a Deus e a san Xilián, que o socorreran na súa maior necesidade; e, aínda que tal se dixese medio ás ocultas, non foi por iso a dona xulgada parva, que soubera pillar o ben que Deus lle mandara á casa. E mentres se falaba, sorrindo, da boa noite que ela tivera, Pampinea, que se vía moito á beira de Filostrato, pensando, tal como sucedeu, que lle tocaba a quenda, reconcentrándose, comezou a cavilar no que ía contar; e logo da orde da raíña, non menos ousada que leda, falou.

Virtuosas donas, canto máis se fala dos feitos da fortuna, tanto máis lle queda por dicir a quen quere considerar ben as súas cousas; e disto ninguén debe marabillarse se pensa discretamente que todas as cousas, ás que chamamos neciamente nosas, están nas súas mans, e, por conseguinte, segundo o seu oculto xuízo, son por ela mudadas sen pausa dun a outro e doutro a un sucesivamente, sen que nós coñezamos orde ningunha. Así que, aínda que con plena fidelidade se mostre en cada cousa e durante o día todo, e mesmo se mostrou nalgúns contos anteriores, non obstante, como lle prace á nosa raíña que se fale verbo disto, hei de engadir aos xa ditos, non sen utilidade para

os oíntes, un conto meu, do cal penso que habedes gustar.

Houbo na nosa cidade un cabaleiro de nome don Tebaldo, o cal, segundo queren algúns, foi dos Lamberti, e outros afirman que foi dos Angolanti, argumentando máis que nada tal vez polo oficio dos fillos, en conforme co que os Angolanti tiveron sempre e teñen. Pero deixando de man de cal das dúas casas era, digo que foi no seu tempo riquísimo cabaleiro, e que tivo tres fillos, o primeiro dos cales chamouse Lamberto, o segundo Tedaldo e o terceiro Agolante, xa feitos e xeitosos mozos, malia que o máis vello non atinxise os dezaoito anos, cando o dito don Tebaldo finou riquísimo e a eles, como lexítimos herdeiros seus, deixou todos os bens móbeis e inmóbeis. Eles, véndose riquísimos tanto en diñeiro coma en posesións, sen máis goberno có seu pracer, sen ningún freo nin continencia puxéronse a gastar, tendo numerosísimo servicio e moitos e bos cabalos e cans e aves de caza e continua compaña, dando continuas festas, distribuíndo agasallos, participando en torneos, e facendo non só o que é propio de xentilhomes, senón o que ao seu xuvenil capricho lle petaba facer. E non había moito que levaban tal vida cando o tesouro deixado polo pai veu a menos; e non lles chegando as rendas para os seus iniciados gastos, comezaron a empeñar e a vender as posesións; e vendendo unha hoxe e outra mañá, a penas se decataron, chegaran case a nada, e abríronse á pobreza os seus ollos, que a riqueza tivera pechados.

Polo que Lamberto, chamando un día aos outros dous, díxolles o grande que fora a magnificencia do pai e canta a deles e cal a súa riqueza e cal a pobreza a que chegaran por causa do seu desordenado gastar; e o mellor que soubo, antes de que asomase aínda máis a súa miseria, animounos a, xunto con el, vender o pouco que lles quedaba e partir; e tal fixeron. E saíndo de Florencia sen se despedir nin facer pompa ningunha, non pararon ata chegar a Inglaterra; e aquí, collendo en Londres unha casiña, facendo pouquísimos gastos, puxéronse a emprestar duramente con usura; séndolles tan favorábel a fortuna nisto, que en poucos anos xuntaron grandísima cantidade de diñeiro.

Polo cal, volvendo un e outro sucesivamente para Florencia, volveron comprar gran parte das súas posesións e compraron ademais outras moitas, e casaron; e para seguiren emprestando en Inglaterra, mandaron a que atendese os seus negocios un mozo sobriño deles, que se chamaba Alessandro, e todos tres en Florencia, esquecidos da situación á que os conducira anteriormente o seu inmoderado gastar, malia teren todos formado unha familia, gastaban máis exorbitantemente ca nunca e gozaban de sumo crédito por parte de todos os mercadores e por calquera grosa cantidade. Gastos que durante algúns anos axudou a soster a moeda enviada por Alessandro, que se puxera a emprestar a baróns sobre os seus castelos e outros ingresos, o que lle rendía moitos beneficios.

E mentres os tres irmáns así gastaban en abundancia e pedían emprestado en faltándolles diñeiro, sempre coa esperanza asegurada en Inglaterra, sucedeu que, contra a opinión de toda a xente, xurdiu en Inglaterra unha guerra entre El-Rei e un seu fillo, polo que toda a illa se dividiu, quen ía con un quen co outro; polo que a Alessandro fóronlle quitados todos os castelos, sen que de ningunha renda puidese

responder. E esperándose que algún día entre pai e fillo podía chegar a paz e, por conseguinte, ser devolto todo a Alessandro, tanto os intereses coma o capital, Alessandro non partía da illa, e os tres irmáns que estaban en Florencia non limitaban en nada os seus enormes gastos, pedindo emprestado cada día máis. Pero logo que, pasado un ano, ningún efecto se viu seguir á concibida esperanza, os tres irmáns non só perderon o crédito, senón que, ao quereren, aqueles aos que debían, ser pagados, foron de súpeto presos; e non chegando co pagamento das súas

posesións, polo resto foron encarcerados, e as súas esposas e os seus fillos, cal marchou para o campo, cal por aquí, cal por alá, con moi pobres adobíos, non sabendo xa que podían esperar, senón mísera vida sempre.

Alessandro, que agardara pola paz en Inglaterra varios anos, ao ver que esta non viña e parecéndolle que ficar alí sería non menos en perigo da súa vida que en van, decidindo volver para Italia, colleu camiño completamente só. E por un casual, ao saír de Bruxas, viu que tamén saía un abade vestido de branco acompañado de moitos monxes e con moitos criados e moita bagaxe diante; detrás do cal ían dous vellos cabaleiros parentes de El-Rei, e achegándose Alessandro coma se os coñecese, foi por eles recibido en compañía de bo grado.

Camiñando, pois, Alessandro con estes, preguntoulles amabelmente quen eran aqueles monxes que cabalgaban con tanta servidume e ónde ían. Ao cal un dos cabaleiros respondeu:

—Este que cabalga diante é un mociño parente noso, acabado de elixir abade dunha das meirandes abadías de Inglaterra; e como el é máis novo do que as leis conceden para tan alta dignidade, acompañámolo a Roma co fin de impetrar do santo Padre que lle dea a dispensa a respecto do defecto da idade, e que logo o confirme na súa dignidade: pero disto non se debe falar con ninguén.

Camiñando, pois, o novo abade, quer diante quer detrás dos seus criados, como vemos que adoitan facer os señores polos camiños, aconteceulle ver preto de si no camiño a Alessandro, o cal era moi novo, moi fermoso de persoa e de rostro, e, canto calquera outro, cortés e de maneiras agradábeis e xeitosas; do cal gustou á primeira vista como de cousa ningunha gustara endexamais; e, chamándoo cabo de si, comezou a conversar con el pracenteiramente e a preguntarlle quen era, de ónde viña e ónde ía. E Alessandro explicoulle plena e sinceramente a súa situación e satisfixo a súa pregunta, e ofreceuse ao seu servicio, no pouco que puidese. O abade, oíndo o seu atractivo e ordenado razoamento e considerando máis demoradamente as súas maneiras, e tendo para si que, aínda que o seu oficio fose servil, era xentilhome, máis se acendeu co seu engado; e xa cheo de compaixón polas súas desgracias, confortouno moi familiarmente e díxolle que tivese confianza, pois, se era home de lei, aínda Deus o había de volver poñer alí de onde a fortuna o botara, ou máis arriba; e pregoulle que, pois que ía para Toscana, tivese a ben ficar na súa compaña, como queira que el tamén ía alí. Alessandro agradeceulle o consolo e díxolle que quedaba baixo as súas ordes.

Camiñando, pois, o abade, ao cal a vista de Alessandro lle remexía no peito novos sentimentos, ocorreu que, ao cabo de varios días, chegaron a unha vila que non estaba

moi abastada de pousadas. E querendo o abade hospedarse nela, Alessandro fíxoo desmontar na casa dun pousadeiro a quen coñecía moito, e fixo que lle arranxasen a súa cámara no lugar menos incómodo da casa. E xa case convertido en mordomo do abade, como xa era experto, aloxando aquí e acolá o mellor que puido pola vila a súa compaña, tendo ceado xa o abade, sendo noite avanzada e estando todos deitados, Alessandro preguntoulle ao pousadeiro onde podía durmir el.

Ao cal o pousadeiro respondeu:

—Non sei, abofé; ben ves que todo está cheo e que eu e mais a familia habemos durmir polos bancos; con todo, na cámara do abade hai unhas huchas a onde te podo levar e porei enriba un xergón e alí, se queres, déitaste esta noite o mellor que poidas.

Ao que Alessandro dixo:

—¿Como vou ir eu á cámara do abade, que, como sabes, é pequena e tan estreita que non puido deitarse alí ningún dos seus monxes? Se eu chego a me decatar cando se correron as cortinas, facía durmir aos monxes sobre da hucha e eu ficaba onde dormen os monxes.

Ao que dixo o pousadeiro:

—Pois éche así a cousa e, se queres, podes estar aquí coma en ningures. O abade dorme e as seis cortinas están corridas; eu póñoche ás caladas un colchonciño, e a durmir.

Alessandro, vendo que tal se podía facer sen molestar o abade, cadrou conforme, e acomodouse o máis caladamente que puido. O abade, que non durmía, senón que bravamente pensaba nos seus novos desexos, oía o que o pousadeiro e Alessandro falaban e igualmente oíra ónde se había deitar Alessandro; polo que, folgándose moito, tivo para si: "Deus mandoulles ocasión favorábel aos meus desexos; se non a aproveito, unha ocasión semellante non me ha volver senón de aquí a moito".

E determinado de todo a apañala, parecéndolle todo en sosego pola pousada, chamou a Alessandro en voz baixa e díxolle que deitase cabo del; o outro, espíndose con moitos requilorios, deitouse. O abade, póndolle a man sobre o peito, comezou a tocarlle non doutro xeito que as guapas mozas lles adoitan facer aos seus amantes; do que Alessandro moito se marabillou e sospeitou se o abade non se movería a tocalo así por estar preso de deshonesto amor. Dúbida que, ben por presunción ben por algún ademán de Alessandro, o abade advertiu no intre, e sorriu; e quitando de contado unha camisa que levaba enriba, collendo a man de Alessandro, púxoa sobre o peito, dicindo:

—Alessandro, bota para fóra o teu torpe pensamento e, buscando por aquí, coñece o que eu escondo.

Alessandro, posta a man sobre do peito do abade, atopou dúas tetiñas dondas e firmes e delicadas, non doutro modo que se fosen de marfil; e, des que as atopou e tras coñecer de seguida que el era muller, sen agardar por máis invitación, prestamente abrazándoa, quería bicar nela; cando ela lle dixo:

—Antes de te achegares máis, atende ao que eu che quero dicir. Como salta á vista, eu son muller e non home; e partindo doncela da miña casa, ía onda o Papa para que me casase; sexa para a túa ventura ou para a miña desgracia, cando o outro día te vin, tanto de ti me acendeu Amor, que

nunca houbo muller que tanto amase a un home. E por iso decidín quererte a ti por marido antes que a ningún outro; polo que, se ti non me queres por esposa, sae agora de aquí e volve para o teu sitio.

Alessandro, aínda que non a coñecía, considerando a súa compañía, estimou que debía ser nobre e rica, e ver víaa moi fermosa; polo que, sen pensalo moito, respondeu que se iso a ela lle pracía, a el éralle moito de agrado. Entón ela, alpeirando no leito, diante dunha táboa fina onde había a efixie de Noso Señor, póndolle na man un anel, fíxose prometer en matrimonio; e logo, abrazándose, con grande pracer de cada unha das partes, solazáronse o que restou de noite. E tomando entre eles modo e orde para os seus asuntos cando abriu o día, erguéndose Alessandro e saíndo da cámara por onde entrara, sen que ninguén soubese onde pasara a noite, gozoso sobre maneira, colleu camiño co abade e a súa compaña; e, logo de moitas xornadas, chegaron a Roma.

E aquí, logo que pasaron uns días, o abade cos dous cabaleiros e con Alessandro, e ninguén máis, foron onda o Papa; e, feita a debida reverencia, o abade falou así:

—Santo Padre, como vós debedes de saber mellor que ninguén, todo aquel que queira vivir ben e honestamente debe fuxir, en canto poida, de toda ocasión que o leve a facer o contrario; e para que eu, que desexo vivir con honestidade, puidese facelo cumpridamente, fuxindo a furto vestida como agora me vedes con grandísima parte dos tesouros de El-Rei de Inglaterra, meu pai (o cal, sendo eu nova como me vedes, quería darme como esposa a El-Rei de Escocia, vellísimo señor), para vir aquí, a

fin de que a vosa Santidade me casase, púxenme en camiño. E non me fixo escapar tanto a vellez de El-Rei de Escocia canto o medo de non facer, se chegase a casar con el, a causa da fraxilidade da miña xuventude, cousa que fose contra as leis divinas e contra o honor do sangue real de meu pai. E vindo así de disposta, Deus, que é o único que coñece optimamente o que necesita cadaquén, coido que pola súa misericordia púxome diante dos ollos aquel que lle pracía que fose meu marido; e ese foi este mozo –e sinalou a Alessandro– que vedes detrás de min, os costumes e valor do cal son dignos de calquera alta dama, por ben que, se cadra, a nobreza do seu sangue non sexa tan clara coma a real. A el, pois, escollín, e a el quero, e ningún outro hei de tomar, sexa cal for o parecer de meu pai ou doutros; aínda que a razón principal pola que me movín desapareceu, próugome levar a cabo o meu camiño para visitar os santos e reverendos lugares, dos que esta cidade está chea, e a vosa Santidade, e para que o matrimonio contraído entre Alessandro e mais eu soamente na presencia de Deus eu o fixese público na vosa e, por conseguinte, na dos demais homes. Polo que humildemente vos prego que o que compraceu a Deus e a min sexa do voso agrado e me deades a vosa benzón, para que con ela, así como con maior certeza do pracer de Aquel de quen vós sodes vigairo, poidamos vivir xuntos en honra de Deus e vosa e, finalmente, morrer.

Pasmou Alessandro cando oíu que a súa esposa era filla de El-Rei de Inglaterra e reloucou de oculta ledicia; pero máis pasmaron os dous cabaleiros, e tanto se turbaron, que, se chegan a estar noutra parte e non ante o Papa, teríanlle feito vilanía a Alessandro e, se cadra, tamén á dona. Pola súa banda, o Papa pasmou moito, tanto polo hábito da dona coma pola súa escolla; pero, sabendo que non podía volver atrás, quixo satisfacela no seu prego. E sosegando primeiro aos cabaleiros, os cales sabía turbados, e póndoos a ben coa dona e con Alessandro, deu a orde de facer o que cumpría. E ao chegar o día fixado por el, diante de todos os cardeais e de moitos outros homes bos, que viñeran a unha gran festa arranxada por el, fixo vir a dona rexiamente vestida, a cal parecía tan fermosa e tan agradábel que era loada por todos merecidamente, e Alessandro, esplendidamente vestido, na aparencia e nas maneiras non parecía nin migalla un mozo que tivese emprestado a usura, senón máis ben de porte rexio, moi honrado polos dous cabaleiros; e alí fixo celebrar de novo os esponsais e, celebradas logo unhas vodas fermosas e magníficas, despediunos coa súa benzón.

Próugolle a Alessandro e tamén á dona, ao partiren de Roma, ir para Florencia, a onde xa chegara a fama da nova; e recibidos aquí polos cidadáns con sumo honor, a dona fixo liberar os tres irmáns, logo de facer que pagasen antes a todos, e a eles e ás esposas devolveulles as súas posesións. Polo que, coa boa ventura de todos, levando consigo Agolante, partiron de Florencia e, chegados a París, foron honrosamente recibidos por El-Rei.

De aquí foron para Inglaterra e tanto degoiraron onda El-Rei, que lles rendeu a súa gracia e recibiu con festa rachada á filla e mais o xenro; ao cal pouco despois, con grandísimo honor, fixo cabaleiro e deulle o condado de Cornualles. Sendo este tan valente e obrando tan ben, que pacificou o fillo co pai; o que causou grande ben na illa e granxeoulle o amor e a gracia de todos os paisanos, e Agolante recuperou por completo o que lles debían e, moi rico, volveu para Florencia, logo de que o conde Alessandro o armou cabaleiro. O conde, despois, viviu gloriosamente; e, segundo din algúns, co seu siso e valor, e coa axuda do sogro, logo conquistou a Escocia e foi coroado rei.

## CONTO CUARTO

*Landolfo Rufolo, empobrecido, faise corsario e, preso polos xenoveses, naufraga e sálvase sobre un cofre cheo de riquísimas xoias; e, recibido en Corfú por unha dama, volve rico para a casa.*

Lauretta sentaba a carón de Pampinea; e vendo que esta chegara ao cabo do seu conto, comezou sen mais a falar desta guisa.

Xeitosas donas, ningún acto de fortuna, para o meu parecer, ha poder atoparse maior que ver alguén elevarse ata o estado real desde a ínfima miseria, tal coma o conto de Pampinea mostrou que lle ocorreu a Alessandro. E como todo aquel que conte de aquí en diante deberá contar dentro destes mesmos límites, non me avergoñarei se conto un conto que, mesmo abrigando maiores miserias, non por iso deixa de ter un remate tan espléndido. Ben sei que, considerando aquel, o meu ha de ser oído con menor

dilixencia; pero, non podendo outra cousa, espero ser desculpada.

A mariña desde Reggio a Gaeta se cadra é, din, a parte máis deleitosa de Italia; na cal, moi preto de Salerno, hai unha costa que mira ao mar, que os habitantes chaman a costa de Amalfi, chea de pequenas cidades, de xardíns e de fontes e de homes ricos, laboriosos e hábiles no comercio coma ninguén. Entre estas vilas hai unha chamada Ravello, na cal, por ben que hoxe hai homes ricos, xa houbo un riquísimo, chamado Landolfo Rufolo; quen, non lle chegando a súa riqueza, desexando duplicala, estivo a piques de perder a vida xunto con todos os seus bens.

Este, pois, como é adoito nos mercadores, feitos os seus cálculos, comprou unha grandísima nave e toda ela, cos seus diñeiros, cargouna de varias mercadorías e colleu rumbo a Chipre. Alí atopou que chegaran tres naves máis coa mesma calidade de mercadoría que el trouxera, polo que non só lle cumpriu vender á baixa o seu, senón que, como quería despachar as cousas, tivo que se desfacer dalgunhas; e así, estivo a piques de se arruinar. E levando por culpa disto un grandísimo desgusto, non sabendo o que facer e véndose convertido en pouquísimo tempo de home riquísimo en case pobre, pensou en morrer ou en, roubando, reparar os seus danos, a fin de non volver pobre alí de onde rico partira. E atopando un comprador para a súa grande nave, con este diñeiro e con outro que obtivera da súa mercadoría, comprou un barquiño lixeiro de corsario e aparellouno e abastouno optimamente con todo o que era preciso para o tal oficio e dedicouse a pillar as cousas de todos e principalmente as dos turcos.

Neste oficio, a fortuna foille moito máis benévola que lle fora coa mercadoría. Case en menos dun ano, rouboulles e apresoulles tantas naves aos turcos, que atopou que recuperara non só o que perdera coa mercadoría, senón que o duplicara en moito. Polo que, escarmentado coa mágoa da primeira perda, sabendo que xa tiña de abondo para non cometer un segundo despropósito, convenceuse de que xa lle chegaba co que tiña, sen querer máis; así que determinou volver con iso para a súa casa. E temeroso da mercadoría, non se molestou en investir doutro modo o seu diñeiro, senón que naquel barquiño co cal o gañara, dándolle aos remos, emprendeu o regreso. E xa chegado ao Arquipélago, como á noite se erguera un siroco que non só era contrario ao seu rumbo senón que, ademais, volvera moi teso o mar, que o seu barquiño non podería soportar, acochouse nunha enseada que formaba unha pequena illa ao abeiro daquel vento, propóndose esperalo alí mellor. E ao pouco de estar nesa enseada, chegaron con traballo dúas cocas xenovesas, que viñan de Constantinopla fuxindo do mesmo do que fuxira Landolfo; a xente das cales, ao ver o barquiño e pechándolle o camiño por onde puidese partir, oíndo de quen era e sabendo por fama que era riquísimo, determinaron apresalo, sendo como eran homes cobizosos e rapaces. E posta en terra parte da súa xente con béstas e ben armada, fixérona ir ata onde ningunha persoa do barquiño, se non quería ser aseteada, puidese descender. E eles, facéndose remolcar polos seus botes e axudados polo mar, achegáronse ao barquiño de Landolfo e con pouco traballo en pouquísimo espacio de tempo, coa chusma toda e sen perder nin un só home, tomárono sen risco ningún; e facendo que subise Landolfo a unha das cocas e pillando todo o que había no barquiño, afundiron este, e retivérono a el cun pobre xibonciño.

Ao outro día, mudando o vento, poñendo as cocas rumbo a poñente, fixeron boa viaxe

durante toda a xornada; pero, ao caer a noite, ergueuse un vento tempestuoso que puxo bravo o mar e apartou as cocas unha da outra. E ocorreu que, pola forza deste vento, aquela onde ía o mísero e coitado Landolfo sobordou con grandísimo ímpeto contra a illa de Cefalonia, e non doutro xeito que un vidro batido contra un muro abriuse e esnaquizouse toda; polo que os coitados que nela ían, estando xa o mar todo cheo de mercadorías que aboiaban e de arcas e de táboas, como adoita ocorrer nestes casos, malia ser noite pechada e o mar moi bravo e inchado, nadando os que nadar sabían, comezaron a aferrarse a aquelas cousas que por acaso lles paraban diante.

Entre as cales, o mísero Landolfo, aínda que o día anterior chamara pola morte moitas veces, escollendo para si desexala, antes que volver para a casa pobre como estaba, ao vela preto, colleu medo; e, coma os outros, víndolle ás mans unha táboa, aferrouse a ela, non fose que Deus, ao demorar el o afogo, lle mandase algún socorro para a súa salvación; e a cabalo daquela, como mellor podía, véndose empurrado polo mar e o vento quer aquí quer alá, aguantou ata o raiar do día. E ao vir este, mirando ao redor, non vía máis que nubes e mar e un cofre que, aboiando sobre as ondas, por veces se achegaba a el, dándolle gran medo, pois temía que aquel cofre fose bater nel e lle fixese mal; e cada vez que se achegaba, cando podía, aínda que tiña pouca forza, afastábao coa man. Pero, estando nestas, ocorreu que, desencadeándose de súpeto unha racha de vento e percutindo con forza no mar, bateu nese cofre e o cofre na táboa sobre da cal estaba Landolfo, o cal, envorcada, abandonándoa forzosamente, foi nadando so as ondas, para logo subir, axudado máis polo medo que pola forza, e viu a táboa moi afastada del; polo que, temendo non poder chegar a ela, achegouse ao cofre, que tiña máis a man e, poñendo o peito sobre a tapa, como mellor puido, gobernábao cos brazos. E desta maneira, levado polo mar aquí e alá, sen comer, que non tiña qué, e bebendo máis do que quixera, sen saber ónde estaba nin ver outra cousa que mar, permaneceu ese día e a noite vindeira.

Ao outro día, ben por vontade de Deus, ben pola forza do vento, convertido case nunha esponxa, tendo forte con ambas mans dos bordes do cofre a guisa de como fan aqueles que están para afogar cando se aferran a algunha cousa, chegou á area da illa de Corfú, onde, por un casual, unha pobre muller lavaba e puía os seus cacharros con area e auga salgada. A cal, cando o viu achegarse, ao non recoñecer nel forma humana ningunha, medrosa e berrando, retrocedeu. El non podía falar e vía pouco, e por iso non lle dixo nada, mais, ao botalo o mar para a terra, ela advertiu a forma do cofre, e, observando e mirando con maior fixeza, recoñeceu primeiro os brazos estendidos sobre o cofre, e logo albiscou o rostro e figurouse o que era. Polo que, movida a compaixón, entrando un algo polo mar, que xa estaba calmo, e agarrando nel polo pelo, arrastrouno para a terra con cofre e todo, e aquí, téndolle desapegado as mans do cofre e pondo este ao coidado dunha filliña que estaba con ela, levouno para a aldea coma un neno; e póndoo nun baño quente, arreluouno e lavouno tanto con auga quente, que lle volveu a esvaecida calor e algunhas das forzas perdidas. E sacándoo no momento que achou oportuno, reconfortouno con algo de bo viño e doces, e tívoo algúns días como mellor puido, ata que el, recobradas as forzas, soubo onde estaba. Polo que á boa muller pareceulle que lle debía devolver o cofre que o salvara, e dicirlle que fixese pola vida; e así foi.

El, que do cofre non se lembraba, con todo, ao llo presentar a boa muller, colleuno, pensando que non podía valer tan pouco que non lle cubrise os gastos dun día; e, atopándoo moi lixeiro, minguou gran parte da súa esperanza. Emporiso, non estando a boa muller na casa, desaferrollouno para ver que había dentro; e atopou nel moitas pedras preciosas, engastalladas ou soltas, das que el entendía un algo; vendo as cales e recoñecéndoas de gran valor, loando a Deus que aínda non o quixera abandonar, todo se reconfortou. Pero como quen en pouco tempo fora aseteado dúas veces pola fortuna, temendo unha terceira, pensou que lle conviña moita cautela para levar aquelas cousas para a súa casa; polo que, envurullándoas como mellor puido cuns farrapos, díxolle á boa da muller que non precisaba máis do cofre, pero que, se lle pracía, lle dese un saco e quedase con aquel.

A boa da muller fíxoo de boa gana; e el, agradecéndolle o mellor que puido o beneficio dela recibido, botando o saco ao lombo, partiu; e, subindo a unha barca, pasou a Brindisi, e de alí, de costa en costa, foi dar a Trani, onde, atopando uns concidadáns que eran mercadores de teas, case por amor de Deus foi vestido por eles, téndolles narrado todos os seus accidentes, agás o do cofre; e, ademais, emprestándolle un cabalo e dándolle compaña, mandárono para Ravello, a onde dicía que quería volver, fose como fose.

Aquí, parecéndolle estar seguro, agradecéndolle a Deus que o trouxera, desatou o seu saquiño; e buscando todo con maior dilixencia do que antes fixera, atopou tantas pedras e tan preciosas que, vendéndoas a un prezo axeitado e mesmo por menos, era o dobre de rico que cando partira. E atopado o modo de despachar as súas pedras, mandoulle a Corfú unha boa cantidade de diñeiro, en recompensa da axuda recibida, á boa da muller que o sacara do mar, e o mesmo fixo cos que o vestiran en Trani; e o resto, sen querer mercadear máis, retívoo, e viviu honradamente ata a fin.

## CONTO QUINTO

*A Andreuccio de Peruxa, indo a Nápoles mercar cabalos, sobrevéñenlle nunha noite tres accidentes e, librándose de todos, volve para a casa cun rubí.*

Houbo en Peruxa, seica, un mozo de nome Andreuccio di Pietro, que era tratante de cabalos; o cal, como oíra dicir que en Nápoles había unha boa feira, meteu na bulsa quiñentos floríns de ouro, e, malia non ter saído nunca da casa, marchou para alá con catro feirantes; e, chegado un domingo contra a tardiña, informado polo seu hóspede, foi á mañá seguinte á feira, e viu moitos, e gustáronlle bastantes, e foi tendo cada vez máis tratos, pero ao non poder pechar ningún, a fin de demostrar que quería comprar, como era torpe e pouco prudente, sacou ante os viadantes a bulsa dos floríns. E estando nestas, mostrando a súa bulsa, ocorreu que unha moza siciliana, fermosísima, pero disposta a compracer a calquera home por pouco prezo, pasou sen máis á súa beira e viu a súa bulsa; e, nun súpeto, tivo para si: "¿A quen aproveitaban eses cartos mellor ca a min?", e seguiu camiño. Coa tal moza andaba unha vella, tamén siciliana, a cal, cando viu a Andreuccio, deixando ir á moza, correu agarimosamente a abrazalo. A moza, ao ver tal, sen dar fala, esperouna á parte. Andreuccio virou para a vella e

recoñeceuna, cumprimentouna moito, e logo de lle prometer ela que había de ir visitalo á pousada, sen máis parola, partiu, e Andreuccio volveu aos seus tratos. Pero nada mercou aquela mañá. A moza que, de primeiras, observara a bulsa de Andreuccio e, despois, a confianza entre el e maila súa vella, a fin de mirar se podía atopar algún xeito de ter todos aqueles cartos, ou parte deles, comezoulle a preguntar cautelosamente quen e de ónde era, qué facía alí e de qué o coñecía. Ela faloulle da vida de Andreuccio con tanta demora como el mesmo lle tería falado; que tratara moito a seu pai en Sicilia longo tempo, e despois en Peruxa; e contoulle tamén onde paraba e a que viñera. A moza, totalmente informada do parentesco e da liñaxe, baseou sobre aquilo un plano para satisfacer a súa apetencia cunha maña sutil; e, xa na casa, puxo á vella a laboricar o día todo, para que non puidese ir onda Andreuccio; e por medio dunha criadiña, á cal adestrara moi ben para estes oficios, mandou recado contra a noitiña á pousada onde paraba Andreuccio. En chegando, esta atopouno só, cabo da porta, e preguntoulle polo mesmo. E ao responderlle que era el, levándoo á parte, díxolle:

—Señor, unha xentil dona desta terra falaríavos de bo grado, cando vos prouguer.

El, ao escoitala, reflexionando e crendo ser un mozo ben plantado, figurouse que a tal dona debía estar namorada del, coma se non houbese daquela en Nápoles outro mozo tan garrido, e prestamente respondeu que estaba disposto, e preguntoulle ónde e cándo a tal dona lle quería falar.

—Señor, cando vos praza vir, espéravos na súa casa.

Andreuccio, de contado, e sen avisar na pousada, respondeu:

—Anda, vai andando diante, que eu vou detrás de ti.

A criadiña, pois, conduciuno cabo dela, que vivía nun barrio chamado Malpertugio, e o propio nome indica a súa decencia. Pero el, non sabendo nin sospeitando nada disto, coidando que ía a un lugar honestísimo e cabo dunha muller honrada, sen pensalo, coa criadiña diante, entrou na súa casa; e tan logo subiu e a criada chamou pola señora, dicindo "aquí está Andreuccio", viuna asomar no cabo da escaleira, a esperalo.

Era bastante nova aínda, de alta feitura e belísimo rostro, vestida e enfeitada con bastante decoro.

Cando Andreuccio se achegou, ela foi ao seu encontro baixando tres chanzos cos brazos abertos e cinguiulle o pescozo sen dar fala durante un anaco, como coutada por unha excesiva tenrura; despois, bagoando, bicouno na testa, e con voz un algo crebada, dixo:

—Oh meu Andreuccio, benvido sexas.

El, pasmado ante tanto agarimo, respondeu:

—Señora, sede vós ben achada.

Ela, de seguido, colleuno da man e levouno para arriba, á súa sala, e desde esta, sen dar fala, entrou con el na cámara, que recendía toda a rosas e a flor de azar e outros aromas, onde el viu un fermosísimo leito encortinado, e moita roupa nos traveseiros,

segundo o costume de alá, e moi fermosos e ricos adobíos; polo que, como era besbello, creu firmemente que debía de ser, cando menos, unha gran dona. E sentando ambos nunha arca que había ao pé do leito, faloulle así:

—Andreuccio, ben certa estou de pasmares cos meus afagos e coas miñas bágoas, dado que non me coñeces, nin oíches falar de min: pero axiña vas oír unha cousa que te ha deixar máis pasmado aínda: eu son a túa irmá. E dígoche que, posto que Deus me fixo a mercé de que eu vise antes de morrer a un dos meus irmáns, aínda que eu desexo vervos a todos, calquera que for a hora da miña morte, morrerei consolada; e malia nunca oíres isto, voucho contar eu. Pedro, meu pai, que é tamén o teu, viviu longo tempo en Palermo, e por causa da súa bondade e xentileza, foi, e é aínda, moi amado de aqueles que o coñeceron; pero, entre estes, foi miña nai, muller nobre que daquela era viúva, quen máis o amou; tanto que, vencendo o medo ao seu pai e á súa nai, así como á súa honra, de tal xeito fraternizou con el, que nacín eu, e aquí me tes. Despois, como lle cadrara a Pedro partir de Palermo e volver a Peruxa, deixoume a min, cativa, coa miña nai, e xa non se lembrou máis dela nin de min, seica. O que eu, se non chega a ser meu pai, ben que llo recriminaba, considerando a ingratitude mostrada con miña nai (para non falar do amor que debía de sentir por min, súa filla, non nacida de criada nin de muller vil), a cal, movida por un amor fidelísimo, puxera as súas cousas e maila súa persoa nas mans del, sen, ademais, saber quen era. Pero, qué se lle vai facer. As cousas mal feitas e que ocorreron hai moito tempo son máis doadas de recriminar que de emendar; mais así foi a cousa. Deixoume, cativa, en Palermo, onde, medrada case como son, miña nai, que era muller rica, deume por marido a un de Agrixento, nobre e home de ben, que por amor á miña nai e a min veu vivir a Palermo. E aquí, como todo aquel que era moi güelfo, comezou a tratar co noso rei Carlos. O que, oído por El-Rei Federico antes de que se puidese levar a cabo, foi a causa de fuxirmos de Sicilia, cando xa eu esperaba ser a maior dona que nunca houbera nesa illa; e así, collidas as poucas cousas que coller puidemos (e digo poucas en relación coas que alí tiñamos), deixando terras e pazos, refuxiámonos nesta terra, onde El-Rei Carlos se mostrou tan agradecido que nos resarciu en parte dos danos por el sufridos, e deunos herdos e casas, e sen cesar ao meu marido, que é teu cuñado, dálle boas gratificacións, como aínda has poder ver. E desta maneira estou aquí, onde, por mercé de Deus e non de ti, meu doce irmán, te vexo.

E así dicindo, volveuno abrazar, e bagoando tenramente aínda, bicouno na testa.

Andreuccio, ao escoitar unha fábula tan ben ordenada e composta por ela, á cal nin por un momento lle morría a palabra entre os dentes nin balbucía, e lembrando que era certo que seu pai estivera en Palermo, e coñecendo por si mesmo os costumes dos mozos, que de bo grado aman na xuventude, e vendo as tenras bágoas, os abrazos e os bicos honestos, tivo máis que por verdade o que ela dicía. E, así que calou, respondeulle:

—Señora, non vos debe parecer estraño que eu pasme, pois abofé que meu pai, pola razón que fose, nunca falou da súa nai nin de vós, e, se falou, non me chegou nova ningunha, nin ningún coñecimento tiña, como se non existisedes; é éme tanto máis querido tervos aquí como irmá atopada, pois estou só e non esperaba isto. E, de certo,

eu non coñezo home de tan alta condición do cal non puidesedes ser querida, e menos de min, que son humilde mercador. Pero prégovos que me aclaredes unha cousa: ¿como soubestes quen era eu?

Ao cal ela respondeu:

—Díxomo esta mañá unha pobre muller que anda moito sempre por aquí, pois, segundo conta, estivo co noso pai durante longo tempo, tanto en Palermo coma en Peruxa; e de non ser que me parecía máis honesto que viñeses cabo de min á túa casa que eu onda ti a casa allea, hai xa un bo cacho que eu che tería feito a visita.

Logo destas palabras, comezou a preguntar por todos os seus parentes un por un, e polos seus nomes, a todo o cal contestou Andreuccio, acreditando mesmo naquilo no que menos necesitaba acreditar.

Sendo a conversa longa e grande a calor, ela mandou traer viño grego e confeitos, e ofreceulle de beber a Andreuccio; o cal, despois, quixo partir, pois era a hora da cea, pero ela non o consentiu en absoluto, senón que, poñendo cara de forte turbación e abrazándoo, dixo:

—¡Ai de min, que vexo ben o pouco que me queres! ¡Mira que estar cunha irmá que nunca viras, e na súa casa, onde debías terte acollido, e quereres saír dela para ir cear á pousada! Abofé que has cear comigo; e aínda que o meu marido non estea, que moito me pesa, eu ben saberei, malia ser muller, facerche honor.

Ao que Andreuccio, non sabendo responder outra cousa, dixo:

—Eu quérovos tanto como se debe querer a unha irmá, pero, se non vou, han agardar por min toda a noite, e serei descortés.

Entón, dixo ela:

—¡Así Deus me salve se eu non teño na casa quen mandar a dicir que non te esperen! Aínda que era maior cortesía, e mesmo o teu deber, chamares aos teus compañeiros para cearen aquí, e despois, no caso de quereres marchar, podiades ir todos en boa compaña.

Andreuccio respondeu que aquela noite non quería andar cos compañeiros, pero que, con todo, se era do seu agrado, fixese del como lle prouguer. Entón ela finxiu que encargaba dicir na pousada que non fose esperado; e despois, logo de moita parola, sentados á mesa e servidos esplendidamente con moitas viandas, ela, arteiramente, fixo que a cea se demorase ata ben alta noite. E erguidos xa da mesa, e querendo Andreuccio partir, dixo que non o consentía de ningunha maneira, porque Nápoles non era cidade para ruar de noite, e menos un forasteiro; e que así como mandara a dicir que non fora esperado para a cea, tamén fixera o mesmo tocante a durmir. El creullo, e pracéndolle, enganado pola falsa crenza, estar con ela, ficou. Así que latricaron por extenso, despois da cea, sobre moitos asuntos, e, pasada unha parte da noite, ela, tan logo deixou durmindo a Andreuccio na súa cámara, cun rapaciño que o axudase por se precisaba de algo, marchou para outra cámara coas súas criadas.

Ía moita calor. Polo que Andreuccio, ao verse só, espiuse rapidamente o xibón, quitou

os calzóns e púxoos na cabeceira da cama; e, requirido polo hábito natural de ter que dispor do superfluo peso do ventre, preguntoulle ao rapaz onde se facía iso, o cal, a un canto da cámara, sinaloulle unha porta, e díxolle:

—Entrade aí.

Así que, pasado Andreuccio confiadamente, deu en poñer o pé sobre unha táboa, que pola outra banda estaba descravada da vigueta na que se apoiaba, polo que, ao se erguer a dita táboa, foron os dous xuntos para abaixo. E tanto Deus o amou, que non se fixo mal ningún na caída, e iso a pesar da altura; pero emporcouse todo coa porcallada que enchía o lugar. E para que mellor entendades o que se dixo e o que segue, explicareivos como era este sitio. Había nun calello estreito, deses que a miúdo vemos entre dúas casas, e sobre dúas viguetas, postas entre unha e outra, algunhas táboas descravadas, e sobre elas o asento. Das tales táboas, unha foi a que caeu con el.

Cando Andreuccio se atopou aló embaixo no calello, consternado polo caso, comezou a chamar ao rapaz; pero o rapaz, así que o oíu caer, correu a dicirllo á señora, a cal, correndo á súa cámara, buscou con presteza a roupa del. E téndoa atopado, e con ela o diñeiro, que el, por desconfiado, neciamente levaba sempre encima, e obtido aquilo para o que unha de Palermo, finxíndose irmá dun peruxán, tendera o lazo, non preocupándose máis del, pechou a porta por onde el saíra cando caera.

Ao non lle responder o rapaz, Andreuccio berrou máis forte; pero non lle serviu de nada. De xeito que, posto en sospeita e cheirando xa o engano, subindo a un muro baixo que afastaba aquel calello da rúa e logo de baixar a esta, achegouse á porta da casa, que el ben recoñeceu, e chamou longo tempo en van, e moito a abalou e petou nela. Polo que, laiando como aquel que ve clara a súa desventura, exclamou:

—¡Ai coitado de min, en qué pouco tempo perdín quiñentos floríns e mais unha irmá!

E logo doutras moitas palabras, púxose de novo a bater na porta e a berrar; e tanto teimou que moitos dos veciños circundantes, espertos, non podendo sufrir a molestia, erguéronse; e unha das criadas da señora, finxíndose toda somnolenta e asomando á ventá, dixo reprobadoramente:

—¿Quen peta aí embaixo?

—Ai –dixo Andreuccio–, ¿e logo non me coñeces? Eu son Andreuccio, irmán da señora Fiordaliso.

Ao que ela respondeu:

—Bo home, se bebiches de máis, vaina durmir e volve mañá; eu non sei qué Andreuccio nin qué chacotas son esas que ti falas; vai con Deus e déixame durmir, por favor.

—¿Como? –dixo Andreuccio–. ¿Non entendes o que eu digo? Claro que entendes. Pero se os parentes de Sicilia son deste cariz, que esquecen tan axiña, devólveme alomenos a miña roupa, que deixei aí, e eu irei con Deus de boa gana.

Ao que ela, case rindo, dixo:

—Bo home, ben sei que estás a soñar.

E tras dicir tal, meterse dentro e pechar a ventá foi a mesma cousa.

De onde Andreuccio, xa certísimo do seu mal, a piques estivo, coa dor, de converter en rabia a súa grande ira, e propúxose reclamar mediante aldraxe o que non podía recuperar con palabras; e, no intre, collendo un pedrolo, deu en bater bravamente a porta con ben maiores pancadas que antes. Co cal, moitos veciños xa espertos e erguidos, crendo que era algún tipo molesto que finxía estas palabras para anoxar aquela boa muller, levados eles mesmos a anoxo por aquel batedoiro, asomados á fiestra, non doutro xeito que a un can forasteiro lle ladran os da comarca, puxéronse a dicir:

—É unha desvergoña vir a estas horas onda unhas boas mulleres falando tales chacotas; anda, vai con Deus; déixame durmir, bo home, fai o favor. E se tes algún trato con ela, volve mañá e non nos deas a roncha esta noite.

Animado tal vez por estas palabras, un que había na casa, alcaiote da boa da muller, ao cal nin vira nin oíra, asomou á ventá, e cun voceirón fero e horríbel, dixo:

—¿Quen anda aí embaixo?

Andreuccio, erguendo a cabeza a esa voz, viu un que, polo pouco que puido comprender, parecía un gran bacharel, cunha barba moura e mesta na cara e que, como saíndo do leito ou dun profundo sono, bocexaba e refregaba os ollos; ao cal el, non sen medo, respondeulle:

—Son un irmán da muller que está aí dentro.

Pero aquel non agardou a que Andreuccio acabase a resposta, senón que, aínda máis rexo ca antes, dixo:

—Eu non sei como me teño quedo e non baixo e non che dou tantos paos que non poidas moverte, burro, encordiante e borracho, que esta noite non has deixar durmir a ninguén.

E, meténdose para dentro, pechou a fiestra.

Algúns veciños, que coñecían mellor a condición del, falndo polo baixo, dixéronlle a Andreuccio:

—Por Deus, bo home, vaite con Deus, se non queres morrer aí esta noite; vaite polo teu ben.

E Andreuccio, asustado pola voz deste e polo seu cariz, e incitado polos consellos de aqueles, os cales lle parecía que falaban movidos a caridade, doído coma ninguén e sen esperanza de dar co seu diñeiro, colleu o camiño de volta á pousada por aquela banda onde seguira á criada, sen saber a onde ía. E amolado polo fedor que el mesmo desprendía, desexoso de chegar ao mar para lavarse, virou á man esquerda e subiu por unha rúa, chamada Catalá. Indo cara ao alto da cidade, viu por acaso a dous que viñan cara a el cun farol na man, e, receando non fosen da garda da corte ou xente disposta a facer o mal, para eludilos, acubillouse silandeiramente nunha casopa próxima. Pero eles, coma se mesmamente se dirixisen a aquel lugar, entraron na casopa. E un, descargando uns ferros que levaba ao lombo, púxose a miralos, e comentou varias

cousas co outro verbo deles.

E en canto falaban, dixo un:

—Recoiro. Nunca na vida me cheirou tan mal.

E, dito isto, erguendo un algo o farol, puido ver o coitado de Andreuccio, e pasmado, preguntou:

—¿Quen está aí?

Andreuccio calaba, pero eles, achegándose co lume, preguntáronlle cómo se emporcara tanto. Andreuccio contoulles polo miúdo o que lle acontecera. Eles, imaxinando onde lle podía ter ocorrido, tiveron para si: "De certo que iso foi na casa do galafate Buttafuoco".

E, volvéndose, díxolle un:

—Bo home, malia ter perdido o teu diñeiro, ben lle podes agradecer a Deus ese caso de caeres e de non poderes volver entrar na casa; pois, se non chegas a caer, está certo de que, tan logo adormeceses, matábante e, xunto co diñeiro, perdías a vida. Pero, ¿de que vale lamentarse? Ías ter o diñeiro coma as estrelas do ceo. E ben podías estar morto se el oe que deches fala.

E dito isto, aconsellándose entre si, dixeron:

—Mira, pésanos por ti; así que se queres facer connosco unha cousa, estamos certos de que che ha tocar en parte moito máis do que perdiches.

Andreuccio, como estaba tan desesperado, respondeu que estaba disposto.

Fora sepultado aquel día un Arcebispo de Nápoles, chamado micer Filippo Minutolo, e fora sepultado con riquísimos ornamentos e cun rubí no dedo, que valía máis de quiñentos floríns de ouro e que aqueles querían roubar. E así llo fixeron saber a Andreuccio, polo que, máis cobizoso que ben aconsellado, púxose en camiño canda eles. E indo cara á igrexa maior, como Andreuccio fedía moito, dixo un:

—¿Non podiamos ver maneira de que este se lavase un pouco, para que non cheire tan bravamente?

Dixo o outro:

—Si. Aquí preto hai un pozo no que adoitan estar sempre a roldana e mais un caldeiro grande; imos alí e lavámolo nun amén.

En chegando ao tal pozo, viron que estaba a soga, pero que levaran o caldeiro. Así que decidiron amarralo coa soga e metelo no pozo para que se lavase aló embaixo, e tan logo estivese limpo, tirase da soga para que eles o subisen; e tal fixeron.

Ocorreu que, téndoo metido xa dentro do pozo, uns gardas da señoría, que, ben por causa da calor ben por correren detrás de alguén, tiñan sede, foron beber ao pozo. Cando aqueles dous os viron, liscaron de contado, sen que os gardas os chegasen a ver.

Lavado xa Andreuccio no fondo do pozo, moveu a soga. Os outros, sedentos,

deixando no chan os escudos, as armas e mais as túnicas, puxéronse a tirar da soga, pensando que o caldeiro cheo de auga estaba suxeito por ela. Cando Andreuccio se viu preto do peitoril, así, ceibando a soga, agarrou nel coas mans. Os outros, ao veren isto, presos polo pánico, sen falaren nin chío, deixaron a soga e correron a máis non dar. Do cal Andreuccio se marabillou, e se non chega a estar ben suxeito, caía ao fondo de novo, non sen gran dano ou, tal vez, a morte. Pero logo de ter saído e atopado aquelas armas, que sabía que non as trouxeran os seus compañeiros, marabillouse aínda máis. Pero dubidando e non sabendo qué facer, renegando da súa fortuna, sen tocar nada, decidiu marchar de alí. E andaba sen saber a onde ir. Nestas, topou con aqueles compañeiros, que viñan sacalo do pozo. E, ao velo, preguntáronlle pasmados quen o sacara de alí. Andreuccio respondeu que non sabía e contoulles, ordenadamente, o que acontecera e o que atopara fóra do pozo.

Eles, advertindo como fora a cousa, contáronlle rindo por qué escaparan e quen foran aqueles que o sacaran. E sen dar máis fala, sendo xa media noite, foron para a igrexa maior, e entraron nela moi doadamente, e foron ao sartego, que era de mármore, e moi grande, e cos seus ferros ergueron a tapa, que era pesadísima, tanto que podía entrar un home, e esteárona.

E, feito isto, púxose un:

—¿Quen se mete?

Ao cal o outro respondeu:

—Eu non.

—Eu tampouco –dixo o primeiro–, pero que se meta Andreuccio.

—Non fago tal –dixo Andreuccio.

E, virando ambos para el, dixéronlle:

—¿Como que non te metes? Por Deus que, se non entras, habémosche dar tantos paos na cabeza cun destes ferros, que has caer morto.

Andreuccio, asustado, entrou, e, mentres entraba, tivo para si: "Estes fanme entrar para enganarme, pois, cando lles dea todo, mentres intento saír do sartego, han marchar aos seus lerios e eu hei quedar sen nada." E por iso, de primeiras, decidiu arrombar a súa parte; e lembrando o rico anel do que lles oíra falar, así que baixou, tiroullo do dedo ao Arcebispo e púxoo el; e, despois, dándolles o báculo, a mitra e mais as luvas, e espíndoo ata a camisa, deulles todo, dicindo que non había máis. Eles, afirmando que tiña que estar o anel, dixéronlle que buscase por todas partes; pero el respondeu que non o atopaba, e facendo como que o buscaba, tívoos un bo cacho á espera. Eles que, por outra banda, eran tan raposeiros coma el, ó tempo que lle dicían que, malia todo, seguise a buscar, tiraron o esteo que sostiña a tapa do sartego e, fuxindo, deixárono encerrado dentro do sartego. E sentido isto por Andreuccio, calquera pode figurarse cómo quedou.

Tentou moitas veces erguer a tapa coa cabeza e cos ombreiros, mais cansaba en van. E, vencido por forte dor, esmorecendo, caeu sobre o corpo morto do Arcebispo. Quen

daquela o vise, mal coñecería quen estaba máis morto, se o Arcebispo ou el. Pero, cando acordou, botou a chorar desconsoladamente, véndose alí chegar, sen dúbida, a un destes dous cabos: ou ben a morrer naquel sartego, se non viña ninguén abrilo, de fame e co fedor entre os vermes do corpo morto, ou, no caso de vir alguén e de atopalo alí dentro, a ser aforcado por ladrón.

E estando en semellantes pensamentos, e moi aflixido, oíu andar xente pola igrexa e falaren moitas persoas, as cales, segundo sospeitaba, viñan facer aquilo que el xa fixera cos compañeiros; polo que lle medrou o medo. Pero, cando tiveron o sartego aberto e esteado, puxéronse a porfiar sobre quen debía entrar, e ninguén quería facelo. Con todo, despois de longa tirapuxa, un crego dixo:

—¿E logo que medo tendes? ¿Coidades que vos vai comer? Os mortos non comen os homes, vou entrar eu.

E así dicindo, pondo o peito no bordo do sartego, virou a cabeza para fóra e meteu as pernas a fin de escorregar para baixo. Andreuccio, ao velo, erguéndose, colleu ao crego por unha perna e fixo como que tiraba del. O crego, ao sentir tal, botou un enorme berro e nun brinco saíu do sartego. Polo que todos os outros, abraiados, deixando o sartego aberto, tamén fuxiron, coma se os perseguisen cen mil demos.

Cando Andreuccio viu tal, ledo en contra do que esperaba, botou fóra súpeto e saíu da igrexa por onde entrara. E, riscando o día, andando ao chou co anel no dedo, chegou á mariña, e desde aquí volveu á súa pousada, onde atopou os compañeiros e mailo pousadeiro, que estiveran pendentes del durante toda a noite. Ao lles contar o que lle acontecera, pareceulle, por consello do seu hospedeiro, que debería saír de Nápoles, cousa que fixo de contado. E volveu para Peruxa, tendo investido o seu diñeiro nun anel, cando fora para mercar cabalos.

## CONTO SEXTO

*Dona Beritola, atopada nunha illa con dous corzos, logo de perder dous fillos, vai para Lugignana; aquí un dos fillos entra ao servicio do seu señor e déitase coa filla del, e é encarcerado; rebelada Sicilia contra El-Rei Carlos e recoñecido o fillo pola nai, casa coa filla do seu señor, atopa ao irmán e volven ao seu alto estado.*

Moito riran as donas e tamén os mozos dos casos de Andreuccio contados por Fiammetta, cando Emilia, vendo que o conto acabara, por orde da raíña, comezou este.

Graves e dolorosos son os movementos varios da fortuna, pois, aínda que sempre que se di algo deles, esperta a nosa mente, a cal se adormenta cos seus afagos, creo que nunca lles pode desagradar escoitalos nin aos felices nin aos malpocados, pois aos primeiros fainos precavidos e aos segundos consólaos. E por iso, aínda que antes xa se dixeron grandes cousas, quero contarvos un conto non menos certo que piadoso; no cal, mesmo tendo alegre fin, foi tanta e tan longa a súa amargura, que a penas podo crer que chegase a se adozar coa ledicia que seguiu.

Queridísimas donas, vós debedes saber que despois da morte de Federico II, foi coroado rei de Sicilia Manfredo, cabo do cal estivo en altísimo estado un xentilhome de Nápoles, chamado Arrighetto Capece, que tiña por esposa unha fermosa e xentil dama, tamén napolitana, chamada Beritola Caracciola. Este Arrighetto, tendo nas mans o goberno da illa, oíndo que El-Rei Carlos vencera e matara a Manfredo en Benevento, e que todo o reino se reviraba contra el, confiando escasamente na pouco constante fidelidade dos sicilianos, non querendo converterse en súbdito do inimigo do seu señor, dispúñase a fuxir. Pero, sabedores diso os sicilianos, de súpeto, el e moitos outros amigos e servidores de El-Rei Manfredo foron entregados como prisioneiros a El-Rei Carlos, e despois a posesión da illa. Dona Beritola, con tanta mudanza de feitos, non sabendo qué fora de Arrighetto e sempre temerosa de aquilo que acontecera, por medo ao deshonor, deixando todo, subiu a unha barca cun seu fillo que andaba nos oito anos, chamado Giuffredi, e, grávida e pobre, fuxiu a Lipari, e aquí pariu outro fillo home, ao cal chamou o Desterrado; e tomando unha ama de cría, embarcou con todos para volver a Nápoles onda os seus parentes.

Pero aconteceu de maneira distinta ao que pensara; porque a causa da forza do vento, o barco, que tiña que ir a Nápoles, foi levado ata a illa de Ponza, onde, entrando nun pequeno brazo de mar, agardaron por un tempo propicio para a súa viaxe. Dona Beritola, desembarcando na illa coma os outros e atopando nela un lugar senlleiro e remoto, completamente soa, púxose alí a laiar polo seu Arrighetto. E tendo iste por costume todos os días, sucedeu que, estando ela ocupada na súa choremia, sen que ningún mariñeiro nin ningún outro se decatase, irrompeu unha galera de corsarios, que capturou sen loita a todos, e partiu.

Dona Beritola, rematado o seu cotián lamento, ao volver á praia cabo dos seus filliños, como adoitaba facer, non atopou a ninguén; polo que primeiro marabillouse e despois, supetamente, sospeitando o que acontecera, dirixiu os ollos ao mar e viu a galera, aínda non moi afastada, tirando do barquiño; polo que optimamente soubo que, igual que ao marido, perdera os fillos. E véndose pobre e soa e abandonada, sen saber ónde podería atopar a ninguén endexamais, caeu na area. Alí non había quen que con auga fría ou con outro argumento lle recobrase as perdidas forzas, polo que os espíritos puideron vagar comodamente por onde lles prougo; pero logo que no mísero corpo as forzas perdidas volveron xunto coas bágoas e o pranto, chamou longamente polos fillos e foinos procurando moito por cada caverna. Pero ao ver que o seu traballo era van e que viña a noite, esperando e non sabendo polo qué, preocupouse de si mesma e desde a area foi para aquela caverna onde acostumara chorar e laiar.

E logo que pasou a noite con moito medo e dor incalculábel e abriu o día e pasaba xa da terza, ela, que non ceara a noite anterior, obrigada pola fame, deu en pacer na herba; e, pacendo como puido, entregouse chorando a moitos pensamentos verbo da súa vida futura. Estando neles, viu vir unha corza e entrar alí preto nunha caverna e logo dun anaco saír e marchar polo bosque; conque ela, erguéndose, entrou alí de onde saíra a corza e viu dous corciños se cadra nados nun mesmo día, os cales lle parecían a cousa máis doce e churrusqueira do mundo; e non téndoselle aínda retirado o leite do seu recente parto, colleunos con tenrura e levounos ao peito. Eles, non

rexeitando o servicio, mamaban nela como o farían na súa nai; e, de alí en diante, non fixeron distinción ningunha entre ambas. Polo que, parecéndolle á dona ter atopado naquel deserto lugar algunha compañía, pacendo na herba e bebendo na auga e chorando tantas veces cantas o marido e os fillos e a súa vida pretérita lle acordaban, estaba disposta a vivir e morrer alí, non menos familiarizada coa corza que cos seus fillos.

E estando así a xentil dona, convertida en animal bravo, ocorreu que, ao cabo duns meses, chegou tamén alí a onde ela chegara antes, por causa dunha borrasca, un barquiño de pisanos, e ficou varios días. Ía naquel barco un xentilhome chamado Currado dos marqueses de Malaspina, coa súa esposa, valorosa e santa; e viñan de peregrinación por todos os santos lugares que hai no reino de Puglia e volvían para a casa. Aquel, por combater o tedio, púxose un día a percorrer a illa canda a súa esposa, algún dos seus criados e os cans; e non moi lonxe do lugar onde estaba dona Beritola comezaron os cans de Currado a seguir os dous corzos, que, xa grandeiros, andaban a pacer; os corzos, perseguidos polos cans, a ningures fuxiron senón á caverna onde estaba dona Beritola. A cal, ao ver isto, erguéndose e collendo un pao, fixo recuar os cans; e chegando alí Currado e a súa esposa, que os cans seguían, vendo o moura, fraca e peluda que ela se volvera, marabilláronse, e ela moito máis de velos a eles. Pero logo que, a rogos dela, o home botou para atrás os cans, pregáronlle con moitas súplicas que dixese quen era e qué facía alí; a cal reveloulles en pormenor toda a súa condición, todo o seu caso e a súa arrepiante resolución. Cando Currado, que moi ben coñecera a Arrighetto Capece, oíu tal, chorou de compaixón, e con moitas palabras enxeñouse para disuadila de tan fero propósito, ofreceulle conducila ata a súa casa ou tela consigo co mesmo honor con que tería a súa irmá, e que ficase ata Deus non lle mandar unha máis alegre fortuna. E non pregándose a dama a estes ofrecementos, Currado deixou con ela a súa esposa e díxolle que mandase que lle trouxesen de comer, e que, pois estaba toda esfarrapada, a vestise con algún dos seus vestidos, e que fixese de todo para levala con eles. Ficando con ela a xentil dama, despois de ter chorado moito os seus infortunios con dona Beritola, feitos vir vestidos e alimentos, co maior traballo do mundo induciuna a aceptalos e a comer; e finalmente, logo de moitas súplicas, como ela afirmase non querer volver a onde fose recoñecida, convenceuna para partir con eles a Lugignana xunto cos dous corzos e mais coa corza que, entrementres, volvera e que, non sen grande marabilla da xentil dama, fixéralle a esta grandísima festa.

E ao chegar o momento oportuno, dona Beritola embarcou con Currado e coa súa esposa, e con eles tamén a corza e os dous corzos, e aquela, como non lle sabían o nome, foi chamada Corza; e foron con bo vento ata a foz do Magra, onde, desembarcando, subiron aos seus castelos. Alí permaneceu dona Beritola xunto á esposa de Currado, vestida de viúva, coma unha dama súa, honesta, humilde e obediente, sempre tratando con amor aos seus corzos e facéndoos criar.

Os corsarios, que pillaran en Ponza o barco onde ía dona Beritola, e que a deixaran alí por non tela visto, foron para Xénova con toda a outra xente; onde, repartida a presa entre os patróns da galera, a ama de dona Beritola e con ela dous nenos tocáronlle en

sorte a un don Guasparino Doria; o cal a levou xunto cos fillos para telos a guisa de criados no servicio da casa. A ama, doente en gran medida pola perda da súa señora e pola mísera fortuna na que caeran ela e os dous nenos, chorou ás cuncas. Mais logo que viu que as bágoas non lle servían de nada e que ela era criada xunto con eles, mesmo sendo unha pobre muller, era, con todo, sabia e cautelosa; polo que, consolándose o mellor que puido e observando onde foran dar, pensou que, se os dous nenos eran coñecidos,

poderían se cadra atopar doadamente algún atranco; e esperando ademais que, en calquera momento, podía mudar a fortuna e podían, se estivesen vivos, volver ao perdido estado, determinou non descubrir a ninguén quen eran, agás que fose o momento oportuno; e a todos os que lle preguntaban dicía que eran seus fillos. E ao máis vello chamáballe Giannotto di Procida, e non Giuffredi, e ao menor non se curou de lle mudar o nome; e con suma dilixencia explicoulle a Giuffredi por qué lle mudara o nome e o perigo que podía correr se era descuberto, e isto non unha vez, senón que moitas e moi a miúdo llo lembraba; o que o neno, que era moi espelido, facía optimamente so o adestramento da sabia ama. Así pois, os dous rapaces coa ama, mal vestidos e peor calzados, dedicados a todo vil servicio, botaron varios anos pacientemente na casa de don Guasparino.

Pero Giannotto, cumpridos xa os dezaseis anos, tendo máis azos dos que a un criado lle correspondía, desdeñando a vileza da condición servil, embarcando nunha galera que ía para Alexandría, deixou o servicio de don Guasparino e foi a moitas partes sen poder mellorar a súa condición. Ao cabo, pasados tres ou catro anos des que partira da casa de don Guasparino, sendo un garrido mozo e xa alto de estatura e tendo oído que seu pai, a quen crera morto, vivía, aínda que en prisión e en catividade, custodiado por El-Rei Carlos, errando vagabundo, case desesperado da fortuna, chegou a Lugignana; e aquí, por acaso, entrou de criado de Currado Malaspina, servíndoo con esmero e agrado. E como vía poucas veces a súa nai, que estaba coa esposa de Currado, ningunha a recoñeceu, nin ela a el; tanto a idade os transformara a partir de cómo viñan a ser a última vez que se viran.

Estando, pois, Giannotto ao servicio de Currado, sucedeu que unha filla de Currado, de nome Spina, tendo enviuvado dun Niccoló da Grignano, volveu para a casa do pai; a cal, sendo bastante fermosa e agradábel e moza de pouco máis de dezaseis anos, acertou a pór os ollos en Giannotto, e el nela, e namoráronse apaixonadamente. Amor que non careceu de efecto moito tempo e durou varios meses antes de que ninguén se decatase; polo que, confiados de máis, comezaron a obrar de maneira menos discreta da que estes casos requiren. E indo un día a moza con Giannotto por un fermoso e mesto bosque, deixada o resto da compaña, entraron máis adentro; e achando que xa lles tomaran aos outros vantaxe de abondo, descansando nun lugar deleitoso e cheo de herba e de flores e cercado de árbores, puxéronse a tomar amoroso pracer un do outro. E aínda que xa levaban sos longo tempo, facéndolles que parecese moi breve o gran deleite, foron sorprendidos, primeiro, pola nai da moza, e logo por Currado. O cal, magoado sobre maneira ao ver isto, sen dicir a razón, fixo pillar a ambos por tres serventes e conducilos atados a un seu castelo; e andaba tremendo de irritación e

carraxe, disposto a facelos morrer vilmente.

A nai da moza, aínda que estaba moi amuada e considerase que a filla era digna de cruel penitencia polo seu erro, tendo comprendido por algunha palabra de Currado cál era o seu ánimo cara aos culpábeis, non podendo soportalo, abordou o encabalgado marido e comezoulle a pregar que non se apresase furiosamente a se converter na súa vellez en verdugo da súa filla e a lixar as mans co sangue dun seu criado, e que procurase outra maneira de aplacar a súa ira, como encarceralos e facerlles sufrir e lamentar na cadea o pecado cometido. E tanto lle andou con estas e outras moitas palabras a boa da muller, que o disuadiu de matalos; e mandou que cada un fose encarcerado en distinto lugar, e alí ben vixiados e mantidos con pouca comida e moito incomodo, ata que decidise outra cousa deles; e tal se fixo.

Cal foi a vida deles en catividade e en continuas bágoas e nos máis longos xaxúns do que sería mester, cada quen pode figurarse. Levando, pois, Giannotto e mais Spina unha vida tan aflixida e pasado xa un ano sen que Currado se acordase deles, sucedeu que El-Rei Pedro de Aragón, por conxura de don Gian di Procida, sublevou a illa de Sicilia e tomoulla a El-Rei don Carlos; polo que Currado, como xibelino, fixo unha gran festa.

E ao saber isto Giannotto por algún dos seus gardiáns, lanzou un grande suspiro e dixo:

—¡Ai, coitado de min! Que hai xa catorce anos que ando polo mundo a pedir, non esperando outra cousa que esta, e agora que chegou, para que eu non agarde máis polo ben, atopoume en prisión, da que non espero saír senón morto!

—¿E logo? –preguntou o carcereiro–, ¿que che importa a ti o que fagan os altísimos reis? ¿Que tiñas que facer en Sicilia ti?

Ao que Giannotto dixo:

—Mesmo se me parte a alma lembrando o que meu pai tivo que facer alí: o cal aínda me acorda que o vin señor, vivindo El-Rei Manfredo, e iso que era un cativo cando fuxín.

Seguiu o carcereiro:

—¿E quen foi teu pai?

—Meu pai –dixo Giannotto–, xa podo con seguridade descubrilo, pois que me vexo na dolorosa situación na que temía caer revelándoo. Chamouse e aínda se chama, se vive, Arrighetto Capece, e o meu nome non é Giannotto, senón Giuffredi. E teño a absoluta certeza de que, se eu de aquí saíse e volvese para Sicilia, aínda había ter alí un altísimo grao.

O bo do home, sen ir máis adiante, tan logo tivo ocasión, contoulle todo isto a Currado. E Currado, así que tal oíu, sen lle facer ver ao carcereiro que o preocupase, indo cabo de dona Beritola, preguntoulle xentilmente se tivera algún fillo de Arrighetto que se chamase Giuffredi. A dama respondeu chorando que, se o máis vello dos dous aínda vivise, así se chamaría, e sería da idade de vinte e dous anos.

Oíndo isto Currado, pensou que debía de ser aquel, e ocorréuselle que, se así fose, podía facer unha grande obra de misericordia e, asemade, botar fóra a súa vergoña e a da súa filla dándolla por esposa a este; e, así, facendo vir en segredo a Giuffredi cabo del, preguntoulle en pormenor verbo da súa vida pasada; e atopando por moi manifestos indicios que verdadeiramente el era Giuffredi, fillo de Arrighetto Capece, díxolle:

—Giannotto, ben sabes ti cánta e cál foi a aldraxe que me fixeches na miña propia filla, cando, tratándote eu ben e amigabelmente, como se debe facer co servidor, ti debías ter procurado e feito o que redundase en honor meu e das miñas cousas; e moitos serían os que, se lles chegas a facer o que a min me fixeches, teríanche dado morte vil; o que non soportou a miña piedade. Ora, pois é tal como ti me dis, que es fillo de xentilhome e de xentil dona, teño intención de, cando ti mesmo quixeres, dar cabo ás túas angustias e tirarte da miseria e da catividade en que vives e reintegrar ao seu debido estado, a un tempo, o teu honor e o meu. Como ti sabes, Spina (a quen con amorosa, aínda que para ti e para ela inconveniente, amizade tomaches) é viúva, e o seu dote é grande e bo; cales son os seus costumes, e quen o pai e a nai, xa ben o sabes; do teu estado presente nada digo. Así que, cando quixeres, estou disposto a que, se ela foi deshonestamente a túa amiga, se converta na túa esposa e que aquí a guisa de meu fillo comigo e mais con ela vivas canto che praza.

Amolegara a cadea as carnes de Giannotto, pero o xeneroso ánimo derivado da súa orixe non diminuíra nin migalla, nin tampouco o absoluto amor que lle tiña á súa dona. E aínda que el desexase ferventemente o que Currado lle ofrecía e se vise no seu poder, non pregou nin chisco o que a grandeza do seu ánimo o empurraba a dicir, e respondeu:

—Currado, nin cobiza de poder, nin ansia de diñeiro, nin ningunha outra razón me fixo nunca argallar estrataxemas como traidor contra a túa vida nin os teus bens. Amei a túa filla e ámoa e amareina sempre, porque a considero digna do meu amor; e se eu fun con ela menos ca honesto, segundo a opinión da xentalla, cometín ese pecado que acompaña sempre á mocidade e que, de querelo eliminar, cumpriría eliminar tamén a mocidade, e o cal, se os vellos quixesen lembrar teren sido mozos e medir os defectos alleos cos seus, e os seus cos alleos, non sería tan grave como ti e moitos outros xulgan; e como amigo, non como inimigo, o cometín. O que me ofreces sempre desexei facelo; e se eu tivese crido que me sería concedido, hai moito tempo que o tería pedido; e agora ha de serme tanto máis querido canto menor é a esperanza del. Se ti non tes no ánimo o que as túas palabras demostran, non me alimentes de va esperanza; devólveme á cadea e fai aflixirme nela canto che praza, que eu amarei tanto a Spina canto te hei amar a ti por amor dela, fagas o que fagas comigo, e tereiche reverencia.

Currado, oíndo isto, marabillouse, e considerou grande o seu ánimo, e afervoado o seu amor, e máis o apreciou; e así, póndose en pé, abrazouno e beixouno e, sen máis demora, mandou que trouxesen en segredo a Spina. Ela, na prisión, virara fraca, pálida e feble, e case parecía outra muller, e Giannotto tamén outro home: e ambos, na presencia de Currado, de mutuo acordo, contraeron os esponsais segundo a nosa

usanza.

E logo que, durante varios días, sen que ninguén soubese o que acontecera, os abastou de todo o que precisaron e lles pracía, parecéndolle que chegara o momento de alegrar as nais deles, chamando a súa esposa e a Corza, díxolles así:

—¿Que diriades, señora, se eu vos fixese recuperar o voso fillo máis vello como marido dunha das miñas fillas?

Ao que a Corza respondeu:

—Eu só podería dicirvos a iso que, se eu vos puidese estar máis obrigada do que estou, tanto máis volo estaría se me devolvesedes aquilo que amo máis ca a min mesma; e devolvéndomo da maneira que dicides, fariades rexurdir en min algo da miña perdida esperanza.

E, bagoando, calou.

Entón díxolle Currado á súa esposa:

—¿E a ti que che parecería, esposa, se che dese tal xenro?

Ao que ela respondeu:

Non xa un deses que son xentilhomes, senón un baldreu me había de compracer, se vos prouguese a vós.

Daquela dixo Currado:

—Eu espero, de aquí a poucos días, alegrarvos con isto.

E cando viu que a ambos mozos xa lles volvera o aspecto de antes, vestíndoos honorabelmente, preguntoulle a Giuffredi:

—¿Canto aumentaría a túa presente ledicia se vises aquí a túa nai?

Ao que Giuffredi respondeu:

—Mal podo acreditar que as dores das súas desventuras a teñan deixado viva; pero, se así fose, moito me había de agradar, pois, polo seu consello, creo que aínda recuperaría grande parte do meu estado en Sicilia.

Entón Currado fixo que viñesen unha e mais a outra dama. E ambas as dúas fixéronlle marabillosas festas á nova esposa, pasmando non pouco da inspiración en virtude da cal Currado podía ter chegado para unila con Giannotto. Ao cal, dona Beritola, polas palabras oídas a Currado, comezou a observar, e por unha forza oculta, espertando nela un vago recordo da feitura infantil do rostro do seu fillo, sen agardar outra demostración, foille ao pescozo cos brazos abertos; e nin a sobordante piedade nin a ledicia materna lle permitiron dar fala, antes ben lle impediron calquera facultade dos sentidos, pois caeu coma morta nos brazos do fillo. O cal, aínda que moito se marabillaba, lembrando tela visto a miúdo naquel mesmo castelo sen recoñecela, non obstante coñeceu de contado o aroma materno; e reprobándose o pasado atordamento, acolléndoa nos seus brazos chorando, beixouna tenramente. E logo que dona Beritola foi axudada piadosamente pola esposa de Currado e por Spina, e con auga fría e con outras artes súas lle foron recobradas as esgarecidas forzas, volveu abrazar o fillo con

moitas bágoas e moitas doces palabras; e, chea de materna piedade, mil veces ou máis bicou nel, e el, reverentemente moito a contemplou e recibiu.

Pero despois de que as honestas e ledas acollidas foron repetidas tres ou catro veces, non sen grande relouco e pracer dos circunstantes, e un ao outro lle narrou a súa desgracia, téndolles xa declarado Currado aos seus amigos, con gran pracer de todos, o novo parentesco feito por el, e ordenada unha magnífica festa, díxolle Giuffredi:

—Currado, vós alegrástesme con moitas cousas e honrastes

longamente a miña nai. Agora, para que nada, no que vós poidades, quede por facer, prégovos que nos alegredes á miña nai, á miña festa e a min coa presencia do meu irmán, a quen ten como servo na súa casa don Guasparino Doria, o cal, como eu xa vos dixen, nos colleu pirateando; e despois, que mandedes algunha persoa a Sicilia para que se informe das condicións e do estado do país, e se poña a esculcar qué se fixo de Arrighetto, meu pai, se está vivo ou morto, e, se está vivo, en qué estado, e que volva a nós plenamente informado de todo.

Próugolle a Currado a demanda de Giuffredi, e sen máis demora, mandou discretísimas persoas tanto a Xénova como a Sicilia. O que foi a Xénova, atopado don Guasparino, pregoulle insistentemente de parte de Currado que lle mandase o Desterrado e mais a súa ama, contándolle de punta a cabo o que Currado fixera con Giuffredi e coa súa nai.

Pasmou don Guasparino cando tal oíu, e dixo:

—Abofé que, no que eu puider, faría por Currado todo o que lle prouguese; e, de certo, teño na casa, desde hai xa catorce anos, o mozo que ti me pides e a súa nai, que eu lle hei mandar de boa gana. Pero dille da miña parte que se garde de non lles dar moito creto, ou de non lles dar ningún, ás fábulas de Giannotto, que hoxe se fai chamar Giuffredi, porque é moito máis pillabán do que el pensa.

E así dicindo, facendo hospedar o valente home, mandou chamar en segredo á ama e interrogouna cautamente verbo do caso. E ela, que coñecía a revolta de Sicilia, oíndo que Arrighetto estaba vivo, botando fóra o medo que antes tivera, contoulle todo polo miúdo e explicoulle as razóns de por qué tivera aquela maneira de comportarse. Don Guasparino, ao ver que as palabras da ama cadraban optimamente coas do embaixador de Currado, comezou a acreditar nelas; e facendo inquisición deste feito por diversas vías, como home raposeiro que era, e atopando a cada momento sinais que lle daban máis creto ao caso, avergoñándose do vil trato inflixido ao mozo, en reparación diso, como tivese unha belida filla da idade de once anos, sabendo el quen fora e era Arrighetto, cun grande dote deulla por esposa. E logo de, con tal motivo, facer unha grande festa, embarcando nunha galera ben aparellada co mozo, coa filla, co embaixador de Currado e mais coa ama, foise para Lerici; onde, recibido por Currado, marchou con toda a súa compaña para un castelo de Currado non moi lonxe de alí, onde a grande festa estaba preparada.

Cal fose o relouco da nai ao volver ver o seu fillo, cal o dos dous irmáns, cal o de todos tres coa ama fiel, cal o de todos con don Guasparino e a súa filla e o deste con todos e o de todos xuntos con Currado e coa súa esposa e cos fillos e cos seus amigos,

non se podería explicar con palabras; e por iso deixo que vós, miñas donas, volo figuredes. Ao cal, para que fose completo, quixo Deus Noso Señor, xenerosísimo dador cando comeza, engadir aínda novas alegres da vida e do bo estado de Arrighetto Capece.

Pois, sendo a festa rachada e estando á mesa os convidados, mulleres e homes, aínda no primeiro prato, chegou aquel que fora a Sicilia; e entre outras cousas contou de Arrighetto que, estando en cativerio de El-Rei Carlos, cando a revolta contra El-Rei se ergueu no país, o pobo enfurecido correu á cadea e, matando os gardas, sacárono fóra, e, como capital inimigo de El-Rei Carlos, fixérono o seu capitán e seguírono para dar caza e morte aos franceses. Polo que lograra en alta medida a gracia de El-Rei Pedro, o cal lle devolvera todos os seus bens e todo o seu honor, de xeito que estaba en grande e bo estado; engadindo que el o recibira con sumo honor e que reloucara coas novas da súa esposa e o seu fillo, dos cales nada soubera despois da captura, e, ademais, mandaba por eles unha saetía con algúns xentilhomes que viñan detrás. Este foi recibido e escoitado con grande alborozo; e, prestamente, Currado, con algúns dos seus amigos foron ao encontro dos xentilhomes que viñan por dona Beritola e por Giuffredi, e recibiunos alegremente e introduciunos no seu convite, que aínda non chegara á metade.

Alí viron á dama e a Giuffredi e, á parte destes, a todos os demais, e con tal ledicia, que nunca foi oída outra semellante; e eles, antes de poñérense a comer, de parte de Arrighetto, saudaron e agradecéronlle como mellor souberon e puideron a Currado e á súa esposa o honor feito á súa esposa e ao seu fillo, e puxeron á súa disposición a Arrighetto e todo o que por medio del facer puidesen. E logo, voltos para don Guasparino, o favor do cal lles fora inesperado, dixeron estar certísimos de que cando Arrighetto soubese o que el fixera polo Desterrado, habíanlle ser rendidas gracias semellantes ou maiores. Logo despois, moi alegres, comeron na festa das dúas novas esposas e cos novos esposos.

Non só aquel día agasallou Currado ao xenro e aos seus parentes e amigos, senón moitos outros. E cando todo se foi acalmando, parecéndolles a dona Beritola e a Giuffredi e aos demais que tiñan que partir, con moitas bágoas de Currado e da súa esposa e de don Guasparino, subindo á saetía, levando consigo a Spina, partiron. E con próspero vento, chegaron axiña a Sicilia, onde tanto os fillos coma as súas esposas foron recibidos por Arrighetto en Palermo con tal festa que xamais se podería contar. E alí, despois, seica viviron felizmente durante moito tempo e, recoñecidos polo beneficio recibido, como amigos de Deus Noso Señor.

## CONTO SÉTIMO

*O sultán de Babilonia mándalle unha filla como esposa a El-Rei do Algarve, a cal, por causa de diversas desgracias, no espacio de catro anos pasa polas mans de nove homes en diversos lugares; finalmente, restituída ao pai como doncela, vai onda El-Rei do Algarve, tal ao primeiro fixera, como esposa.*

Se cadra non se tería alongado máis o conto de Emilia sen que a piedade sentida polas xoves donas ante os casos de dona Beritola non as tivese conducido ao pranto. Mais, logo que lle puxo fin, próugolle á raíña que Panfilo seguise, contando o seu; polo que el, que era moi obediente, comezou.

Dificilmente, pracenteiras donas, pode ser coñecido por nós o que nos convén, pois, como a miúdo se puido comprobar, moitos, considerando que, no caso de facerse ricos, habían de poder vivir sen preocupacións e confiados, non só llo demandaron a Deus con pregarias, senón que tamén procuraron adquirilo dilixentemente, non refugando traballo nin perigos; e aínda que o lograron, toparon cos que, por desexo de tan grande herdanza, os mataron, os cales amaban a vida deles antes de se faceren ricos. Outros, de baixo rango, a través de mil perigosas batallas, por medio do sangue dos irmáns e dos amigos, empoleirados na altura dos reinos, crendo que neles estaba a suma felicidade, sen contar as infinitas solicitudes e temores dos que a viron e sentiron chea, souberon que, non sen risco de morte, bebíase o veleno no ouro das mesas reais. Moitos houbo que a forza corporal e a beleza e certos ornamentos desexaron con ardentísimo apetito e non se decataron de ter desexado mal ata que aquelas cousas non lles foron causa de morte ou de vida dolorosa. E para non falar en pormenor de todos os desexos humanos, afirmo que ninguén pode haber que, como libre dos casos de adversa fortuna, poida ser escollido polos vivos con verdadeira perspicacia; polo que, se quixesemos obrar rectamente, deberemos dispornos a tomar e posuír o que nos dea Aquel, que é o único que coñece o que necesitamos e nolo pode dar. Pero, malia que os homes pequen ao desexar moitas cousas, vós, xeitosas donas, pecades sumamente nunha, isto é, en desexardes ser fermosas, pois, non chegándovos coa beleza que a natureza vos concedeu, aínda queredes acrecentala con marabillosa arte, e práceme contarvos o desventurada que foi unha fermosa sarracena, á cal lle aconteceu que, pola súa beleza, en case catro anos tivo que contraer novas vodas unhas nove veces.

Xa pasou ben de tempo des que houbo un sultán en Babilonia, de nome Beminedab, ao que lle aconteceron nos seus días moitas cousas conformes co seu gusto. Tiña este, entre outros moitos fillos, homes e mulleres, unha filla chamada Alatiel, a cal, segundo dicía todo aquel que a vía, era a máis fermosa muller que daquela se vise no mundo; e porque nunha gran derrota que causara a un mundo de árabes que lle caeran enriba, El-Rei do Algarve o axudara marabillosamente, a el, téndolla pedido como gracia especial, déralla por esposa; e facéndoa embarcar nunha nave ben armada e abastada, con honorábel compaña tanto de homes coma de mulleres e con moitos e ricos aparellos, mandándolla, encomendouna a Deus.

Os mariñeiros, cando viron o tempo favorábel, puxeron velas ao vento e partiron do porto de Alexandría e navegaron felizmente varios días; e, pasada xa Sardeña, cando lles parecía que a fin do seu camiño estaba próxima, erguéronse de súpeto varios ventos, os cales, sendo sobre maneira impetuosos, tanto puxeron en dificultade a nave onde ían a dona e os mariñeiros, que varias veces se tiveron por perdidos. Con todo, como homes valentes, manobrando con toda arte e toda forza, sendo combatidos por un mar moi teso, aguantaron dous días; e ao chegar a terceira noite des que comezara

a tempestade, e non cesando esta senón medrando aínda máis, ao non saber onde estaban nin podendo sabelo por medio de conxecturas de arte náutica nin pola vista, pois o ceo estaba escurísimo de nubes e de fusca noite, estando non lonxe de Mallorca, sentiron fenderse a nave.

Polo que, non vendo alí ningún remedio de salvación, pensando cada quen en si máis que nos outros, botaron ao mar unha lancha, e decidindo confiar máis nesta que na fendida nave, lanzáronse a ela os patróns; e, tras estes, lanzáronse quer un quer outro cantos homes había na nave, aínda que os que baixaran antes á lancha llelo impedisen con coitelos na man, e crendo escapar da morte toparon con ela; pois, non podendo, a causa do tempo contrario, gobernar a lancha, como fose a pique, todos pereceron. E a nave, que era impelida por impetuoso vento, anque estaba fendida e xa case anegada, non quedando nela máis persoa que a dona e as súas mulleres (e estas, vencidas todas pola tempestade do mar e polo medo, xacían sobre ela, como mortas), correndo velocisimamente, bateu nunha praia da illa de Mallorca. E foi tanto e tan grande o seu ímpeto que case toda afincou na area, como a un tiro de pedra da beira; aquí, polo mar combatida, ficou toda a noite sen que puidese movela o vento.

Ao clarexar, e acalmada un algo a tempestade, a dona, que estaba media morta, ergueu a cabeza e, feble como estaba, comezou a chamar por un e por outro da súa servidume, pero chamou en van: os chamados ficaban lonxe de máis. Polo que, non oíndo responder nin vendo a ninguén, pasmou moito e comezou a ter moitísimo medo; e erguéndose como mellor puido, viu xacer as mulleres que estaban na súa compaña e as outras, e apalpando ben a unha ben a outra, logo de chamar moito por elas, ben poucas atopou que desen sinais de vida, pois unhas morreran de mal de mar e outras de medo; polo que lle foi á dona o medo a maiores. Con todo, apertada pola necesidade dun pronto remedio, xa que se vía de todo soa, non recoñecendo nin sabendo onde estaba, tanto reanimou ás que estaban vivas, que as fixo erguer; e atopando que estas non sabían onde foran os homes e vendo a nave encallada e alagada, botou a chorar con elas dolorosamente. E xa era a hora nona sen que pola beira ou noutra parte visen ninguén de quen puidesen recibir algunha piadosa axuda. Contra a nona, volvendo por acaso dun lugar de seu, pasou por alí un xentilhome, de quen o nome era Pericone da Visalgo, con moitos criados a cabalo; o cal, ao ver a nave, de repente imaxinou o que pasara, e mandou a un dos criados que, sen demora, procurase subir a ela e lle contase o que houbese alí. O criado, aínda que con traballo, subiu; e atopou a xentil moza con aquela pouca compañía que tiña, agochada baixo o bico da proa da nave, toda medrosa. Elas, cando viron a este, chorando, pedíronlle piedade moitas veces, pero ao ver que non eran entendidas, amañáronse para mostrar con acenos a súa desventura. O criado, observada cada cousa o mellor que puido, contoulle a Pericone o que había alí. O cal, facendo sacar prestamente as donas e as cousas máis prezadas que había e que se puidesen levar, marchou con elas para un seu castelo; e aquí, reconfortadas as donas con viandas e lecer, comprendeu polas ricas pertenzas que a dona que atopara tiña que ser unha xentil dama, e comprobouno axiña polo honor que vía facérenlle as outras a ela soa. E mesmo estando a dona lourida e desamañada pola fatiga do mar, a súa feitura parecíalle belísima a Pericone; polo que decidiu de súpeto, se non tiña marido, tomala por esposa, e se por esposa non a

puidese tomar, obter a súa amizade.

Era Pericone home de brava fasquía e moi rexo; e logo de ordenar que se servise optimamente a dona durante algúns días, e estando ela por iso toda reconfortada, atopándoa belísima alén

de toda consideración, pesaroso sobre maneira de que ela non o puidese entender, nin el a ela, e, por tanto, de non poder saber quen era, aceso desmesuradamente pola súa beleza, non obstante, con acenos amábeis e amorosos, enxeñouse para inducila a cumprir sen violencia o seus desexos. Pero era en van: ela rexeitaba por completo a súa familiaridade; e, mentres, máis se inflamaba o ardor de Pericone. Ao ver isto a dona, e xa levando alí algúns días, advertindo que estaba entre cristiáns e nun lugar onde darse a coñecer, de ter sabido, pouco lle aproveitaría, pensando que, co tempo, por forza ou por amor lle había de convir satisfacer os desexos de Pericone, propúxose, con grandeza de ánimo, calcar a miseria da súa fortuna. E ás súas mulleres, que non lle quedaban máis que tres, mandoulles que nunca descubrisen a ninguén quen eran, agás que se atopasen nun lugar onde advertisen axuda manifesta para a súa liberdade; amais disto, aconsellounas vivisimamente que conservasen a súa castidade, afirmando que se propuxera que, salvante o seu marido, ninguén gozaría dela. As mulleres gabárona por isto e dixeron que, no que puidesen, habían de seguir o seu mandamento.

Pericone, inflamándose máis de día en día, e tanto máis canto máis próxima vía a cousa desexada e máis negada, e vendo que os seus afagos non lle valían, puxo en obra o enxeño e a arte, reservando a forza para a fin. E como advertira algunha vez que a dona gustaba do viño, como non estaba afeita a bebelo por causa da súa lei, que o prohibía, con el, como ministro de Venus, pensou podela pillar; e finxindo non teimar naquilo no que ela se mostraba esquiva, arranxou unha noite a modo de solemne festa unha cea magnífica, á cal foi a dona. E nela,

alegrada a cea con moitas cousas, argallou con aquel que a servía que lle dese de beber moitos viños mesturados. O que el fixo optimamente; e ela que disto non se gardaba, arrastrada pola pracer da bebida, bebeu máis do que lle había convir á súa honestidade, polo que ela, esquecendo toda pasada adversidade, púxose contenta, e, como vise que algunhas bailaban ao xeito de Mallorca, ela bailou á maneira alexandrina. Visto isto por don Pericone, pareceulle estar veciño aquilo que desexaba; e continuando a cea con máis abundancia de comida e de bebida, prolongouna ata moi entrada a noite.

Finalmente, partidos os invitados, entrou na alcoba só coa señora; a cal, máis aquecida polo viño que temperada da honestidade, coma se Pericone fose unha das súas mulleres, espíndose sen ningún pudor na súa presencia, entrou no leito. Pericone non vacilou en seguila, senón que, apagadas todas as luces, prestamente se lle deitou á beira, pola outra banda e, tomándoa nos brazos sen ningunha oposición, con ela comezou amorosamente a folgar. E logo que ela o sentiu, non sabendo nunca antes con qué corno os homes cotean, case arrepentida de non ter asentido aos afagos de Pericone, sen esperar a ser invitada a noites tan doces, a si mesma a miúdo se invitaba, non con palabras, que non sabía facerse entender, senón cos feitos.

A este grande pracer de Pericone e dela, a fortuna, insatisfeita de, sendo a esposa dun rei, tela convertido en amiga dun castelán, amañoulle unha amizade máis cruel. Tiña Pericone un irmán da idade de vintecinco anos, garrido e fresco coma unha rosa, de nome Marato; o cal, logo de vela e de lle agradar inmensamente, parecéndolle, segundo podía ver polos seus xestos, que lle caera en gracia, e estimando que o que dela desexaba nada llo podía quitar senón a grande custodia con que a tiña Pericone, caeu nun cruel pensamento; e ao pensamento seguiu sen demora o malvado efecto.

Había entón por ventura no porto da cidade unha nave, a cal estaba cargada de mercadoría para ir a Clarencia, en Romania, e da que eran patróns dous mozos xenoveses, e xa izara a vela para, cando soprase vento bo, poder partir. Confabulándose Marato con estes, argallou cómo o habían de recibir coa dona, á noite vindeira. E feito isto, ao empardecer, tendo disposto con eles o que había que facer, á casa de Pericone, o cal de nada se gardara, marchou ás agachadas con algúns dos seus fieis compañeiros, aos cales requirira para aquilo que tentara facer, e, conforme ao plano disposto, escondeuse na casa. E, pasada unha parte da noite, revelándolles aos compañeiros a cámara onde Pericone durmía coa dona e abríndolles esta, mataron a Pericone mentres durmía e, ameazándoa de morte se armaba ruído, apresaron a esperta e xemente dona. E con gran parte das cousas máis prezadas de Pericone, sen seren sentidos, marcharon prestamente para a ribeira, e aquí, sen demora, embarcaron Marato e mais a dona, e os compañeiros volveron.

Os mariñeiros, con bo e fresco vento, fixéronse ao mar. A dona doeuse moi amargamente da primeira desgracia e desta segunda; pero Marato, co santo Crece na man que Deus nos deu, comezouna a confortar de tal maneira, que a ela, familiarizándose con el, xa lle esquecera Pericone; e xa lle parecía estar ben cando a fortuna lle aparellou unha nova tristura, como non contenta coas pasadas. Polo que, sendo ela de feitura belísima, como xa dixemos repetidas veces, e de maneiras moi loábeis, tanto se namoraron dela os dous mozos patróns da nave que, esquecéndose de todo, fixeran mentes de servila e compracela, gardándose de que Marato non se decatase do propósito.

E apercibindo un no outro este amor, conversaron o segredo verbo diso e acordaron lograr aquel común amor, como se amor se puidese partir coma as mercadorías ou os gaños. E véndoa moi gardada por Marato, e, polo tanto, coutada a súa intención, navegando a nave un día a toda vela e estando Marato na popa e mirando para o mar, sen reparar en absoluto neles, foron de consún e, agarrándoo prestamente por detrás, botárono ao mar; e percorreron máis dunha milla antes de que ninguén advertise que Marato caera ao mar. E a dona, cando o soubo, non vendo a maneira de podelo recuperar, comezou, na nave, un novo dó.

Ao conforto da cal, acudiron de contado os dous amantes; e con doces palabras e grandísimas promesas, malia que pouco entendese, a ela, que non choraba tanto o seu perdido Marato canto a súa desventura, amañábanse en sosegar. E logo de empregar con ela unha e outra vez moitos razoamentos, parecéndolles que xa case a deran consolada, puxéronse a dirimir sobre cal deles se había deitar primeiro con ela. E querendo cada un ser o primeiro e non podendo atopar verbo diso ningunha

conformidade, primeiro comezaron con graves palabras a dura liorta, e acesos de ira con ela, levando as mans aos coitelos, botáronse un ao outro furiosamente, e non podendo separalos os que estaban na nave, déronse moitos golpes; polos cales un caeu morto de contado e o outro, gravemente ferido en moitas partes do seu corpo, ficou con vida; o que desgustou moito á dona, pois que se vía alí soa sen axuda nin consello de ninguén e tiña moito medo de que caese sobre ela a ira dos parentes e dos amigos de ambos os dous patróns; pero os rogos do ferido e a presta chegada a Clarenza librárona do perigo de morte. Alí descendeu a terra co ferido; e, ficando con el nunha pousada, rapidamente correu pola cidade a fama da súa beleza, e chegou a oídos do príncipe de Morea, o cal estaba entón en Clarenza. Polo que el a quixo ver, e des que a viu, achándoa moito máis fermosa do que a fama propagara, tan afervoadamente se namorou, que non podía pensar en máis nada: e tendo oído de que guisa chegara alí, pensou que podería doadamente posuíla. E buscando a maneira, ao sabéreno os parentes do ferido, sen esperar máis mandáronlla de contado; o que ao príncipe lle foi sumamente grato, e á dona tamén, pois pareceulle saír dun grande perigo.

O príncipe, ao vela, amais de fermosa, adornada de rexios costumes, non podendo saber doutro modo quen era, estimou que debía ser nobre dona, e, así, o seu amor por ela redobrouse; e, téndoa moi honrosamente, non a trataba a guisa de amiga, senón como a súa propia esposa. Polo que, confrontando a dona aquilo cos males pasados e parecéndolle que estaba ben, toda consolada e feliz, tanto floreceron as súas belezas, que parecía que de ningunha outra cousa tiña de que falar a Romania.

Polo que ao duque de Atenas, mozo xeitoso e destemido, amigo e parente do príncipe, viñéronlle desexos de vela; e facendo que ía visitalo, como ás veces adoitaba facer, con magnífica e honrosa compaña veuse para Clarenza, onde foi honorabelmente recibido e con grande festa. E de alí a uns días, entrando en conversa verbo da beleza daquela dona, o duque preguntou se era algo tan admirábel como se dicía.

Ao que o príncipe respondeu:

—¡Moito máis! Pero diso quero que os teus ollos che dean fe e non as miñas palabras.

E pedíndollo o duque ao príncipe, foron os dous onda ela. A cal, como tivese oído antes a súa chegada, recibiunos con nobres maneiras e alegre rostro. E facéndoa sentar no medio deles, non puideron compracerse coa súa conversa, pois ela pouco ou nada entendía daquela lingua; polo que cada un a miraba como cousa marabillosa, e sobre todo o duque, o cal a penas podía crer que ela fose cousa mortal; e, sen reparar, mirándoa, no amoroso veleno que el cos ollos bebía, crendo que, mirándoa, satisfacía o seu pracer, envurullouse miseramente a si mesmo, namorándose ardentisimamente. E logo que partiu de onda ela xunto co príncipe, e tivo tempo para poder cavilar, xulgaba ao príncipe máis feliz ca ninguén, por ter á súa disposición algo tan fermoso; e logo de moitos e variados pensamentos, pesando máis o seu fogoso amor cá súa honestidade, decidiu, pasase o que pasase, privar ao príncipe desta felicidade e, no que puidese, facerse a si mesmo feliz con ela.

E sentindo que debía apurar, deixando de cada banda toda razón e toda xustiza, dispuxo todo o seu pensamento para os enganos; e un día, segundo o plano ruín

argallado por el, xunto cun secretísimo camareiro do príncipe, que tiña por nome Ciuriaci, fixo arranxar secretisimante todos os seus cabalos e mailas súas cousas, a fin de partir, e á noite seguinte, xunto cun compañeiro, foi introducido a furto na cámara do príncipe polo dito Ciuriaci. O cal viu que, por causa da gran calor, mentres a dona durmía, el estaba completamente nu xunto á fiestra que daba á ribeira, a recibir unha araxe que viña daquela banda. Polo que, tendo informado antes ao compañeiro sobre o que tiña que facer, foi quedamente a través da cámara ata a fiestra, e aquí, ferindo ao príncipe nos riles cun coitelo, atravesouno de banda a banda e, prestamente, guindouno pola fiestra. O palacio estaba sobre o mar, e moi alto, e aquela fiestra, na que estivera antes o príncipe, sobranceaba de certas casas derrubadas pola forza do mar, ás cales poucas veces ou nunca ía ninguén; polo que, tal como o duque previra, ocorreu que a caída do príncipe por ninguén foi nin puido ser oída.

O compañeiro do duque, ao ver que aquilo estaba feito, demostrando finxidamente algún afecto por Ciuriaci, prestamente botoulle á gorxa un cabestro que trouxera para iso e tirou ata que Ciuriacci non puido armar ruído ningún; e, ao chegar o duque, esganárono e chimpárono coma ao príncipe. E feito isto, sabendo manifestamente non teren sido oídos pola dona nin por ninguén, colleu o duque un facho coa man e levouno ao leito, e, en silencio, á dona, que durmía profundamente, toda destapou; e, contemplándoa, gabouna sumamente, e, se vestida gustara dela, núa, gustou alén de toda consideración. Polo que, inflamado de máis cálido desexo, non asustado polo pecado que acabara de cometer, coas mans aínda ensanguentadas, deitouse á súa beira e con ela, que estaba toda somnolenta e que pensaba que era o príncipe, folgou.

Mais, logo que estivo con ela un tempo con grandísimo pracer, erguéndose e chamando algúns dos seus compañeiros, fixo coller a dona de xeito que non armase ruído e por unha porta secreta, pola que el entrara, sacándoa e poñéndoa sobre un cabalo, emprendeu o camiño cos seus o máis quedamente que puido e volveu para Atenas. Pero como tiña esposa, non en Atenas, senón nun lugar que tiña fóra da cidade, sobre o mar, deixou a señora, aflixida como ningunha, téndoa alí escondida e facéndoa honorabelmente servir do que necesitaba.

Á mañá seguinte, os cortesáns do príncipe esperaran ata a hora de nona a que o príncipe se erguese; pero, non oíndo nada, empurrando as portas da cámara, que só estaban achegadas, e non atopando alí ninguén, pensando que fora para algures ás agachadas a fin de se divertir algúns días con aquela súa fermosa dona, non lle deron importancia. E nestas, sucedeu que, ao outro día, un tolo, entrado que foi nas ruínas onde estaban o corpo do príncipe e mais de Ciuriaci, tirou de Ciuriaci polo cabestro e levábao arrastrando. O cal, non sen gran marabilla, foi recoñecido por todos, e estes, facéndose levar con afagos polo tolo ata alí de onde o sacara, atoparon o cadáver do príncipe con grande mágoa de toda a cidade, e, honorabelmente, sepultárono; e investigando sobre os que cometeran tan grande exceso e vendo que o duque non estaba en Atenas, senón que partira furtivamente, consideraron, tal como era, que el debía ter feito aquilo e que levara a dona. Polo que, substituíndo prestamente o seu príncipe por un irmán do príncipe morto, encirrárono con todo o seu poder á vinganza; el, confirmando por outros indicios que a cousa fora tal como imaxinaran,

requiridos amigos e parentes e servidores de diversos lugares, prestamente congregou unha magnífica e grande e poderosa hoste, e dispúxose a facerlle a guerra ao duque de Atenas.

O duque, cando tal oíu, aparellou igualmente todo o seu exército para a súa defensa, e na súa axuda viñeron moitos señores, entre os cales, mandados polo emperador de Constantinopla, estaban o seu fillo Constancio e o seu sobriño Manovello, con boa e numerosa xente. Os cales foron recibidos con honor polo duque e mais pola duquesa, pois era a súa irmá.

Achegándose as cousas á guerra de día en día, a duquesa, no momento oportuno, mandounos vir a ambos á súa cámara, e aquí con moitas bágoas e palabras contoulles toda a historia, explicándolles a razón daquela guerra; confesoulles a aldraxe que o duque lle fixera por mor daquela dona, que cría que tiña oculta, e, doéndose moito, pregoulles que para o seu consolo e para o honor do duque puxesen remedio como mellor puidesen. Xa sabían os mozos como fora todo o feito; e por iso, sen preguntar moito, confortaron a duquesa como mellor souberon, enchéndoa de boas esperanzas; e informados por ela de onde estaba a dona, partiron.

E tendo oído moitas veces loar a dona pola súa marabillosa beleza, desexaron vela e pregáronlle ao duque que llela mostrase. O cal, lembrando mal aquilo que lle ocorrera ao príncipe por terlla mostrado a el, prometeu que o faría; e facendo arranxar nun fermosísimo xardín, que estaba no lugar onde a dona moraba, un magnífico xantar, á mañá seguinte, levounos, cuns poucos compañeiros, a xantar con ela. E sentado Constancio ao seu carón, comezouna a mirar cheo de asombro, afirmando para si que nunca vira cousa tan fermosa e que, certamente, debía darse por escusado o duque ou calquera outro que, por ter unha cousa tan fermosa, fixese traizón ou algo deshonesto. E mirando para ela unha e outra vez, e loándoa cada vez máis, ocorreulle non doutro xeito que ao duque. Polo que, partindo namorado dela, toda a idea da guerra abandonando, deu en cismar en cómo quitarlla ao duque, ocultando absolutamente a todos o seu amor.

Pero, mentres el ardía neste lume, chegou o tempo de marchar contra o príncipe, que xa se achegaba ás terras do duque; polo que o duque e Constancio e todos os outros, seguindo o plano establecido en Atenas, foron combater a certas fronteiras para que o príncipe non puidese avanzar. E, demorando aquí varios días, tendo sempre Constancio o ánimo e mais o pensamento naquela dona, imaxinando que, agora que o duque non a tiña preto, ben podería cumprir o seu desexo, para ter ocasión de volver a Atenas, finxiu estar moi indisposto; polo que, con licencia do duque, delegando todo o seu poder en Manovello, volveu para Atenas canda a irmá. E aquí, ao cabo duns días,

poñéndose a falar tocante á aldraxe que do duque lle parecía recibir por causa daquela dona que tiña con el, díxolle que, se ela quería, ben a podería axudar niso, sacándoa de alí onde estaba e levándoa. A duquesa, pensando que Constancio facía aquilo por amor dela e non da dona, díxolle que lle pracía moito, a condición de que se fixese de maneira que o duque non soubese nunca que ela consentira. O que Constancio prometeu plenamente, polo que a duquesa consentiu que el obrase como mellor lle parecese.

Constancio aparellou en segredo unha barca lixeira, e unha noite mandouna onda o xardín onde moraba a dona, tendo informado a algúns dos seus fieis do que tiñan que facer; e despois foi con outros ao palacio onde estaba a dona, onde foi recibido alegremente polos que estaban ao servicio dela, e tamén pola dona, que, acompañada polos seus servidores e polos compañeiros de Constancio, tal como el quería, saíu con eles ao xardín.

E facendo como quererlle falar á dona de parte do duque, foi con ela cara a unha porta que daba ao mar; e tendo sido xa aberta por un dos seus compañeiros e chamada a barca co sinal acordado, facéndoa prestamente apresar e poñer sobre a barca, volto para os servidores dela, dixo:

—Que ninguén se mova nin fale, se non quere morrer, porque eu non pretendo roubarlle a muller ao duque, senón borrar a aldraxe que lle fai a miña irmá.

A isto ninguén ousou responder; polo que Constancio, embarcando cos seus e achegándose á dona que choraba, mandou que desen os remos á auga e que partisen. E eles, non vogando, voando, na alba do outro día chegaron a Exina.

Aquí, xa en terra e descansando, Constancio folgou coa dona, que choraba a súa desventurada beleza; despois, volvendo á barca, aos poucos días chegaron a Quíos, e aquí, por medo á reprensión do seu pai e a que lle quitasen a dona roubada, próugolle a Constancio, como lugar seguro, ficar; onde a fermosa dona chorou moitos días a súa desventura, mais, reconfortada logo por Constancio, como xa outras veces fixera, comezou a coller pracer de aquilo que a fortuna lle puña diante.

Mentres as cousas andaban desta guisa, Osbech, entón rei dos turcos, o cal estaba en guerra continua co emperador, neste tempo veu por acaso para Esmirna; e sabedor aquí de que Constancio estaba en Quíos sen precaución ningunha en vida lasciva cunha súa dona, a cal roubara, foi alí con algúns barquiños armados e desembarcando a furto coa súa xente, sorprendeu a moitos nos leitos antes de se decataren da chegada dos inimigos; e finalmente, mataron algúns que, espertando, correran ás armas; e incendiada toda a cidade, embarcados botín e prisioneiros, volveron para Esmirna. Chegados aquí, Osbech, que era home novo, atopando a linda moza ao revisar o botín, e sabendo que era esta a que fora presa na cama mentres durmía con Constancio, púxose sumamente contento ao vela; e, sen máis demora, fíxoa a súa esposa e celebrou as vodas e xaceu con ela varios meses.

O emperador, que, antes de que isto acontecese, fixera un tratado con Bassano, rei de Capadocia, para que baixase coas súas tropas sobre Osbech por unha banda, mentres el subía coas súas pola outra, e aínda non o puidera concluír plenamente, porque non quixera facer algunhas cousas que Bassano pedía, por ser pouco proveitosas, sabedor do que lle ocorrera ao fillo, magoado sobre meaneira, fixo sen máis demora o que o rei de Capadocia pedía, e solicitoulle como mellor puido que atacase a Osbech, mentres el se dispuña a atacalo pola outra banda. Osbech, ao tal oír, reunindo o seu exército, antes de ser pillado no medio polos dous potentísimos señores, marchou contra El-Rei de Capadocia, deixando en Esmirna, gardada por un servidor fiel e amigo, a fermosa dona; e, enfrontándose logo dun tempo a El-Rei de Capadocia,

combateu e foi morto na batalla e o seu exército derrotado e disperso. Polo que Bassano, victorioso, comezou a avanzar sen atrancos cara a Esmirna; e, ao velo, todos lle obedecían como vencedor.

O servente de Osbech, do que o nome era Antíoco, a quen a bela dona lle fora confiada, aínda que xa era home refeito, ao vela tan fermosa, sen lle ter lei ao seu amigo e señor, namorouse dela; e, sabendo a súa lingua (o que era moito do agrado desta, pois durante varios anos tivera que vivir case como xorda e muda, pois ninguén a entendera nin ela entendera a ninguén), incitado polo amor, comezou a coller tanta confianza con ela en poucos días que, non moito despois, sen ningunha consideración polo seu señor, que estaba en armas e en guerra, fixeron que a confianza se volvese non só amigábel, senón tamén amorosa, pillando un do outro baixo as sabas marabilloso pracer.

Pero ao saber eles que Osbech fora vencido e morto e que Basano viña pillando todo, tomaron xuntos a decisión de non esperalo alí; e, apañando grandísima parte das riquezas que eran de Osbech, partiron a furto para Rodas, e aquí non ficaron moito tempo, que Antíoco enfermou de morte. E estando por acaso cabo del un mercador chipriota, moi amado e grandísimo amigo, sentindo que lle chegaba a fin, fixo mentes de lle deixar non só as súas cousas, senón tamén a dona.

E xa estando á morte, chamou por ambos e díxolles:

—Ben sei que vou a menos sen remedio; o que me doe, porque nunca me prougo tanto vivir como agora. E o certo é que, por unha cousa, morro contentísimo, pois, aínda tendo que morrer, véxome morrer nos brazos das dúas persoas que eu amo máis ca ningunha outra no mundo, isto é, nos teus, e nos desta muller, a quen eu amei máis ca a min mesmo des que a coñecín. E o certo é que me pesa que, ao morrer eu, fique aquí forasteira e sen axuda nin consello, e máis me había de pesar aínda se eu non che oíse dicir que has coidar dela por amor de min como coidarías de min mesmo; e por iso prégoche de corazón que, se acontece que eu morra, que as miñas cousas e mais ela che sexan destinadas, e que dunha e das outras fagas o que coides bo para a consolación da miña alma. E a ti, queridísima muller, prégoche que, despois da miña morte, non me esquezas, para que me poida gabar no alén de ter sido amado aquí pola dona máis fermosa que nunca formou a natureza. Se destas dúas cousas me dades enteira esperanza, sen ningunha dúbida partirei confortado.

O amigo mercador, e tamén a dona, oíndo estas palabras, choraban; e tendo el dito, consolárono e prometéronlle pola súa fe que farían o que el lles pregaba, se por un caso morría. E, de alí a pouco, finou e foi feito sepultar por eles honorabelmente.

Logo, poucos días despois, tendo rematado o mercador chipriota todos os seus negocios e querendo volver para Chipre nunha coca de cataláns que alí había, preguntoulle á fermosa dona qué era o que quería facer, cómo queira que el debía volver para Chipre. A dona respondeulle que, se lle pracía, partiría con el de boa gana, esperando que por amor de Antíoco había de ser tratada e considerada por el como unha irmá. O mercador respondeu que achaba ben o que ela gustase; e a fin de que a puidese defender de calquera inxuria que lle sobreviñese antes de chegaren a Chipre,

dixo que era a súa esposa. E embarcados na nave, como lles desen un camarote na popa, para que os feitos non parecesen contrarios ás palabras, durmía con ela nun catre moi pequeno. Polo que aconteceu aquilo que nin un nin a outra fixeran mentes ao partiren de Rodas: isto é, que incitándoos a escuridade e a comodidade e mais a quentura do leito, do que as forzas non son pequenas, esquecendo a amizade e mailo amor do defunto Antíoco, como arrastrados por un mesmo apetito, comezando a se furgar entre eles, antes de chegaren a Pafos, de onde era o chipriota, xa se fixeran parentes; e, chegados a Pafos, ficou moito tempo cabo do mercador.

Sucedeu por ventura que chegou a Pafos por mor dalgún negocio un xentilhome, que tiña por nome Antígono, de moita idade, mais tamén de moito siso, e de poucas riquezas, porque, téndose enredado en tratos con El-Rei de Chipre, fóralle a fortuna adversa. O cal, pasando un día por diante da casa onde moraba a fermosa dona, tendo partido o mercador para Armenia coa súa mercadoría, acertou a ver a dona nunha fiestra da casa; e, como era tan feita, púxose a mirar para ela a fite e comezou a facer memoria de tela visto algunha vez, pero ónde, de ningunha maneira o podía lembrar. A bela dona, que fora longamente xoguete da fortuna, achegándose o termo no que as súas desgracias debían ter fin, cando viu a Antígono, ben se lembrou de telo visto en Alexandría ao servicio do seu pai, en non baixo estado; polo que, animada por unha súpeta esperanza de poder aínda volver ao seu estado real polo seu consello, vendo que non estaba o seu mercador, así que puido, fixo chamar a Antígono. Ao cal, chegado xa ante ela, preguntoulle con vergoña se el era Antígono de Famagosta, tal como ela coidaba.

Antígono respondeu que si, e, ademais, dixo:

—Señora, paréceme que vos coñezo, pero de ningunha maneira acerto a lembrar de ónde; polo que vos prego que, se non vos resulta enfadoso, me traiades á memoria quen sodes.

A dona, cando oíu que era el, chorando fortemente botoulle os brazos ao pescozo; e, ao cabo dun anaco, preguntoulle a el, que pasmara de todo, se non a vira en Alexandría. E ao oír tal pregunta, Antígono recoñeceu de contado que aquela era Alatiel, a filla do sultán, a cal cría que morrera no mar, e quixo facerlle a debida reverencia; pero ela non o consentiu, e pregoulle que sentase un anaco con ela. E Antígono, facendo tal, preguntoulle respectuosamente cómo e cándo e de ónde viñera ata alí, como queira que por toda a terra de Exipto se tiña por certo que, desde había varios anos, afogara no mar.

Ao que a dona dixo:

—Ben quererría eu que fose así, antes que ter levado a vida que levei, e sei que meu pai había querer o mesmo, de chegalo a saber.

E, así dicindo, escachou en pranto.

Polo que, Antígono díxolle:

—Señora, non vos desconsoledes antes de que sexa necesario; se vos prace, narrádeme as vosas desgracias e a vida que levastes; se cadra a cousa poderá andar de

xeito que, coa axuda de Deus, lle poidamos atopar remedio.

—Antígono –dixo a dona belida–, cando te vin, pareceume ver o meu pai; e, movida por aquel amor e por aquela tenrura que a el lle debo, podéndome ocultar, mostreime a ti. E poucas persoas tería acertado a ver e recoñecer, das cales eu estivese tan contenta, como estou por terte visto e recoñecido antes que a ningún outro; e por iso, o que na miña malvada fortuna mantiven sempre oculto, a ti, como pai, heicho mostrar. Se ves, logo de o oíres, algún modo de me devolver ao meu prístino estado, prégoche que o fagas; se non o ves, prégoche que a ninguén digas terme visto nin ter oído cousa de min.

E, dito isto, sempre chorando, contoulle o que lle acontecera desde o día que encallara en Mallorca ata arestora; polo que Antígono, compadecido, rompeu a chorar; e logo de cavilar un pouco, dixo:

—Señora, posto que nos vosos infortunios ficou oculto quen sodes, heivos devolver sen falta, máis querida que nunca, a voso pai, e despois, como esposa, a El-Rei do Algarve.

E, ao lle preguntar ela cómo, explicoulle polo miúdo o que tiña que facer; e para que ninguén puidese intervir con algún atranco, Antígono volveu de contado para Famagosta e foi onda El-Rei, a quen dixo:

—Meu Señor, se vos é de grado, podedes facervos grandísimo honor e, asemade, a min, que son pobre por causa vosa, un gran favor sen grande esforzo.

El-Rei preguntou cómo. Entón Antígono dixo:

—A Pafos chegou a linda moza, filla do sultán, de quen tanto correra a fama de ter morto afogada; e, para conservar a súa honestidade, sufriu grandes molestias durante longo tempo, e no presente está en mal estado e desexa volver xunta o pai. Se vos prouguer enviarlla baixo a miña custodia, sería para vós grande honor e para min grande ben; e coido que tal servicio endexamais lle había esquecer ao sultán.

El-Rei, movido por rexia magnanimidade, respondeu de contado que lle pracía; e mandando por ela

honorabelmente, fíxoa vir a Famagosta, onde foi recibida por el e pola raíña con festa inestimábel e magnífico honor. Despois, preguntada polo rei e a raíña referente aos seus casos, respondeu e contou todo segundo o amestramento dado por Antígono. E poucos días despois, cando ela llo pediu, El-Rei, con magnífica e numerosa compaña de homes e mulleres, so a custodia de Antígono, devolveuna ao sultán; do cal ninguén pregunte se foi recibida con festa, e igualmente Antígono con toda a súa compaña. E, logo que descansou algo, quixo o sultán saber cómo era que estaba viva, e ónde morara tanto tempo sen lle ter feito saber nada sobre a súa situación.

A dona, que lembraba optimamente os amestramentos de Antígono, faloulle a seu pai así:

—Meu pai, contra o vixésimo día da miña partida de vós, fendida a nosa nave por brava tempestade, bateu en certas areas, alá no Poñente, próximas dun lugar chamado

Acuamorta, unha noite; e qué foi dos homes que ían na nosa nave, eu non o sei nin o souben xa nunca. Só recordo que, ao abrir o día e case rexurdindo da morte á vida, sendo a arruinada nave vista xa polos paisanos e correndo estes desde toda a bisbarra a roubar nela, eu e mais dúas das miñas mulleres fomos postas, primeiro, na area. E, de contado, apresadas por uns mozos, os cales, cunha por alí, e con outra por alá, fuxiron. O que foi delas nunca máis o souben; pero, prendéndome a min, que me opuña, dous mozos, e tirándome polas trenzas, mentres eu choraba fortemente, ocorreu que, ao pasar estes que me levaban a rastro por unha estrada para entrar nun grandísimo bosque, nesa altura pasaban por alí catro homes a cabalo: e cando os que me arrastraban os viron, ceibándome no intre, liscaron. Os catro homes, que pola fasquía parecían señores, cando tal viron, correron onda min, e preguntáronme moito, e eu moito falei, mais nin por eles fun entendida nin eu os entendín. Eles, despois de longo consello, subíndome nun dos seus cabalos, leváronme a un mosteiro de donas, segundo a súa relixión; e aquí, non sei o que lles dixeron que fun benignisimamente recibida e honrada por todas, e con elas en gran devoción servín a San Crece in Valcava, a quen as donas daquel país lle queren moi ben. Pero logo que fiquei con elas un tempo, e tendo aprendido xa un algo da súa lingua, como elas me preguntasen quen e de ónde era eu, e sabendo eu de onde era e temendo que se dicía verdade podía ser expulsada como inimiga da súa relixión, respondín que era filla dun xentilhome de Capri, e que, ao mandarme a Creta para casar, a causa dunha tempestade foramos arrastrados por acaso a aquel lugar e naufragaramos. E moitas veces en moitas cousas, por medo ao peor, seguín os seus costumes; e preguntándome a máis vella daquelas donas, que elas chaman abadesa, se quería volver para Chipre, respondín que nada desexaba tanto. Pero ela, gardiana da miña honra, non me quixo confiar a ninguén que fose para Chipre, ata que, haberá dous meses, como chegasen alí algúns homes bos de Francia coas súas esposas, dos cales algún era parente da abadesa, e sabedora esta que ían visitar o Santo Sepulcro en Xerusalén, onde teñen a aquel que foi sepultado como Deus logo de ser morto polos xudeus, encomendoume e pregoulles que me entregasen en Chipre a meu pai. Cánto me honraron e alegremente me recibiron estes xentilhomes xunto coas súas esposas sería historia longa de contar. Así pois, embarcados, ao cabo de varios días chegamos a Pafos, e véndome chegar alí, sen coñecer a ninguén e sen saber qué lles dicir aos xentilhomes que me querían entregar a meu pai, segundo lles fora imposto pola reverenda dona, Deus, que se cadra tiña piedade de min, emparelloume na area a Antígono no intre en que desembarcabamos en Pafos; ao cal chamei de contado, e na nosa lingua, para non ser entendida polos xentilhomes nin polas donas, díxenlle que me recibise como filla. El entendeume prestamente; e facéndome grande festa, honrou como puido aqueles nobres e aquela dona, e levoume a El-Rei de Chipre o cal me recibiu con tal honor e mandoume a vós como nunca por min podería ser contado. Se algunha cousa ficou por dicir, Antígono, que moitas veces me oíu contar a miña fortuna, cónteo.

Entón, Antígono, volto para o sultán, dixo:

—Meu señor, tal como ela me falou moitas veces e os nobres, cos cales ela veu, me dixeron, volo contou. Só unha parte deixou de contarvos, e considero que o fixo porque non lle acae ben a ela; e isto é todo canto aqueles nobres e damas cos que veu

falaron da honesta vida que levou coas donas relixiosas e da súa virtude e dos seus loábeis costumes, e das bágoas e do pranto que fixeron as damas e os homes cando, devolvéndoma a min, se afastaron dela. Se eu tivese que falar plenamente das cousas que eles me dixeron, non había de chegarnos, non xa o presente día, senón tampouco a noite seguinte; quero que abonde con soamente ter dito diso que, segundo mostraban as súas palabras e o que, ademais, eu puiden ver, podédesvos gabar de ter a filla máis fermosa e honesta e valorosa que teña ningún outro señor que hoxe leve coroa.

Por todo isto fixo o sultán marabillosísima festa e pregou moitas veces a Deus que lle concedese a gracia de poder render dignos favores a todo aquel que honrara a súa filla, e sobre todo a El-Rei de Chipre, por quen honrosamente lle fora enviada; e logo dalgúns días, facendo aparellar grandísimos dons para Antígono, deulle licencia para volver a Chipre, rendendo grandísimas gracias a El-Rei mediante cartas e embaixadores especiais polo que fixera pola filla. Despois, querendo que o que comezara tivese efecto, isto é, que fose esposa de El-Rei do Algarve, fixo a este sabedor de todo, escribíndolle, ademais, que, se lle pracía tela, mandase por ela. Do que moito se folgou El-Rei do Algarve; e, mandando honorabelmente por ela, recibiuna con ledicia. E ela, que con oito homes case dez mil veces xacera, deitouse á súa beira como doncela, e fíxolle crer que o era; e logo viviu moito tempo con el como raíña. E por iso din: "Boca bicada non perde ventura; aínda máis: anóvase, como fai a lúa".

## CONTO OITAVO

*O conde de Anveres, falsamente acusado, parte para o exilio; deixa a dous fillos en diversos lugares de Inglaterra; e el, ao volver de Escocia sen ser coñecido, atópaos en bo estado; vai como mozo de cabalos no exército de El-Rei de Francia, e, recoñecida a súa inocencia, regresa ao seu primeiro estado.*

Moito suspiraron as donas polos diversos casos da fermosa dama; pero, ¿quen sabe a razón que movía os seus suspiros? Se cadra había quen suspiraba non menos por desexo de tan frecuentes vodas que por piedade dela. Mais deixando isto polo de agora, tendo algunha rido coas últimas palabras de Panfilo e vendo a raíña que, con aquelas, o conto acabara, virándose para Elisa, mandoulle que seguise a orde cun dos seus. A cal, facéndoo, alegremente, comezou.

Amplísimo campo é este polo cal andamos hoxe, e ninguén hai que non puidese librar nel moi doadamente, non xa unha xusta, senón dez, tan abondoso o fixo Fortuna en cousas insólitas e graves; e por iso, disposta a contar algunha delas, que son infinitas, digo:

Que, ao pasar o imperio romano dos franceses aos alemáns, xurdiu entre ambas nacións grandísima inimizade e unha acerba e continua guerra, polo que, ben por defender o seu país, ben por levar a ofensiva contra os outros, o rei de Francia e un seu fillo, con todo o aprestamento militar do seu reino e xunto con cantos amigos e parentes puideron, organizaron un grandísimo exército para ir contra os inimigos. E antes de procederen a iso, para non deixar o reino sen goberno, coñecendo que Gualtieri, conde de Anveres, era home xentil e sabio e moi fiel amigo e servidor, e

que, malia estar moi adestrado na arte da guerra, lles parecía máis apto para as delicadezas que para as fatigas, deixárono a el no seu lugar como vigairo xeral para toda a administración do reino de Francia, e puxéronse en camiño. Comezou, pois, Gualtieri con siso e orde o traballo encomendado, sempre consultando cada cousa coa raíña e a súa nora; e aínda que foran deixadas baixo a súa custodia e xurisdicción, non embargante, como a súas señoras e superiores as honraba. Era o dito Gualtieri moi ben feito de corpo e andaba por volta de corenta anos, e tan agradábel e cortés canto máis o puidese ser calquera outro xentilhome; e, amais de todo isto, era o máis xeitoso e o máis delicado cabaleiro que se coñecese naquel tempo, e o que máis enfeitaba a súa persoa.

Ora, sucedeu que, estando El-Rei de Francia e mais o seu fillo na devandita guerra, tendo morto a esposa de Gualtieri, e deixándoo só cun fillo home e unha nena cativos, como frecuentase el a corte das ditas donas e falase a miúdo con elas das necesidades do reino, puxo nel os ollos a esposa do fillo de El-Rei e, considerando con grandísima afección a súa persoa e os seus costumes, inflamouse de oculto amor por el; e sabéndose moza e fresca e que el non tiña muller ningunha, pensou que o seu desexo se había de cumprir doadamente, e pensando que nada se opuña a iso senón a vergoña, determinou manifestarllo por enteiro e escorrentar esta. E estando un día soa e parecéndolle o momento oportuno, coma se quixese falar doutras cousas, mandou chamar por el.

O conde, o pensamento do cal ficaba moi lonxe do da dona, foi cabo dela sen demora; e sentados sobre un leito, os dous sos nunha cámara, téndolle preguntado o conde xa dúas veces pola razón da súa chamada e tendo ela calado, empurrada finalmente polo amor, enrubescendo toda de vergoña, case chorando e toda tremente, con palabras entrecortadas comezou a falar así:

—Ben querido e doce amigo e meu señor, vós podedes, como home sabio, coñecer facilmente o grande que é a fraxilidade tanto dos homes coma das mulleres, e, por distintas razóns, meirande nunhas que noutras; polo que, debidamente, perante un xusto xuíz, un mesmo pecado non debe recibir unha mesma pena en distintas castes de persoas. ¿E quen podería dicir que, no caso de ser estimulados por Amor e o seguisen, non debían ser máis dignos de censura un pobre home ou unha pobre muller, aos que lles cumprise gañar co seu traballo o que a vida lles esixise, que unha dona á que, rica e folgada, nada lle faltase para compracer os seus desexos? Abofé que ninguén, coido eu. Pola cal razón eu estimo que as devanditas cousas deben servir, en altísima medida, de escusa a prol daquela que as posúe, se, por acaso, se entregase ao amor; e o resto deba ser que escollese un sabio e valoroso amante, se tal fixo aquela que ama. Como ambas as cousas, para o meu parecer, se dan en min, e, amais destas, outras que me deben inducir a amar, como son a miña xuventude e o afastamento do meu marido, cómpre agora que sexan por vós consideradas no meu servicio, en defensa do meu fogoso amor; e, no caso de que obtiveren o resultado que deberían, xulgando sabiamente, eu prégovos que me prestedes consello e axuda naquilo que vos pida. A verdade é que, non podendo polo afastamento do meu marido oporme aos estímulos nin á forza do amor, os cales son tan poderosos que aos fortísimos homes,

non xa ás tenras mulleres, moitas veces venceron e vencen cada día, estando eu na comodidade e a folganza en que me vedes, deixeime levar a secundar os praceres do amor e a me namorar. E posto que eu sei ben que tal cousa, se fose sabida, non é honesta, con todo, sendo e estando agachada non a xulgo en absoluto deshonesta, que Amor me foi tan favorábel que non soamente non me privou do debido entendemento para escoller o amante, senón que nisto outorgoume moito máis, mostrándome a vós digno de poder ser amado por unha muller semellante a min; que, segundo a miña opinión, vos teño polo máis aposto, o máis agradábel, o máis garrido e o máis sabio cabaleiro que no reino de Francia se poida atopar; e do mesmo xeito que eu podo dicir que me vexo sen marido, así vós tamén sen esposa. Polo que vos prego que, por tanto amor como eu vos teño, non me neguedes o voso e que se acrecente coa miña mocidade, a cal, verdadeiramente, coma o xeo ao lume, se consome por vós.

Tras destas palabras, advíronlle as bágoas en tal abundancia que ela, que aínda pretendía facer máis rogos, non puido seguir falando, senón que, baixando o rostro e chorando case vencida, no seo do conde deixou caer a cabeza. O conde, que era legalísimo cabaleiro, comezou a reprender acerbamente un amor tan insensato e a rexeitala, que xa ao pescozo se lle quería botar, e a afirmar con xuramentos que el antes sufriría ser despezado que consentir en si ou noutros tal cousa contra a honra do seu señor.

A dona, cando tal oíu, esquecendo de súpeto o amor, e inflamada en brava carraxe, dixo:

—Daquela, cabaleiro ruín, ¿vou ser eu deste modo escarnecida por vós no meu desexo? Non queira Deus que, pois me queredes matar, eu vos dea a morte ou vos faga prender.

E así dicindo, levando as mans aos cabelos, esguedellándoos e descompoñéndoos todos, e rachando logo os vestidos polo peito, deu en berrar fortemente:

—¡Socorro, socorro, que o conde de Anveres quere forzarme!

O conde, vendo isto e receando máis da envexa cortesá que da súa conciencia, e temendo non se dese máis creto á maldade da dona ca á súa inocencia, ergueuse o máis axiña que puido da cámara e saíu do palacio e fuxiu para a súa casa, onde, sen outro pensamento, puxo os seus fillos a cabalo, e montando el tamén como mellor puido, partiu para Calais.

Ao balbordo da dona acudiron moitos, os cales, ao vela e tras escoitar a razón dos seus berros, non só lle deron creto ás súas palabras, senón que engadiron que a gallardía e as adornadas maneiras do conde foran longamente usadas para atinxir o tal fin. Correron, pois, con furia onda as casas do conde para arrestalo; pero, non o atopando, primeiro rapináronas todas e logo fixéronas derrubar ata os alicerces. A nova, consonte torpemente se contaba, chegou onda o rei e o fillo, nas hostes; os cales, moi turbados, condenárono a perpetuo exilio a el e mais os seus descendentes, prometendo grandísimas recompensas a quen llelo presentasen vivo ou morto.

O conde, apesarado de que, ao fuxir, de inocente se convertera en culpábel, chegando a Calais cos seus fillos sen darse a coñecer nin ser recoñecido, pasou de contado a

Inglaterra e, vestido pobremente, foi para Londres. E alí, antes de entrar, adoutrinou aos dous filliños e principalmente en dúas cousas: primeira, que soportasen pacientemente o pobre estado ao que, sen culpa súa, a fortuna os levara xunto con el; e, despois, que, con toda cautela, se gardasen de manifestar a ninguén de onde viñan nin de quen eran, se amaban a vida. Era o fillo, chamado Luigi, de por aí nove anos, e a filla, de nome Violante, tiña uns sete; os cales, conforme a súa tenra idade lles permitía, comprenderon moi ben as instruccións do seu pai e demostrárono logo cos feitos. E a fin de que aquilo se fixese da mellor maneira, pareceulle que debía cambiarlles os nomes, e tal fixo; ao home chamoulle Perotto e á nena Giannetta. E entrando en Londres pobremente vestidos, a guisa de como vemos que fan eses esmoleiros franceses, puxéronse a andar pedindo esmola.

E estando por acaso unha mañá en tal tarefa nunha igrexa, sucedeu que unha gran dama, a cal era esposa dun dos mariscais de El-Rei de Inglaterra, viu ao saír da igrexa a este conde cos dous fillos, a pedir; ao cal lle preguntou de onde era e se aqueles eran fillos seus. Respondeulle que era de Picardía e que, por delicto do galopín dun seu fillo máis vello, tivera que partir con aqueles dous, que eran seus. A dama, que era piadosa, puxo os ollos na cativa e gustoulle moito, pois era moi feitiña, de nobre e xentil fasquía e agraciada, e dixo:

—Bo home, se ti te avés a deixar vir canda min esta túa filliña, como ten bo cariz, eu tomareina de bo grado; e se é virtuosa, casareina no tempo oportuno, de maneira que estea ben.

Ao conde prestoulle moito esta demanda e de contado respondeu que si, e deulla entre bágoas e recomendoulla moito. E tendo así a filla colocada e sabendo ben a quen, determinou non se demorar máis tempo alí; e, a pedir, cruzou a illa e con Perotto chegou a Gales non sen grande traballo, pois non estaba este afeito a camiñar. Alí había outro dos mariscais de El-Rei, o cal tiña unha gran posición e moita servidume, o patio do cal el e mais o fillo frecuentaban para pedir. E estando nel algún fillo do dito mariscal e outros nenos de nobres a xogar correndo e brincando, Perotto comezou a se mesturar con eles e a facer tan destramente, ou máis, que algúns dos outros fixese, cada proba que entre eles se facía. E vendo isto algunha vez o mariscal, e gustando moito da feitura e dos modos do rapaz, preguntou quen era el. Foille dito que era fillo dun pobre home que, por veces, pedía esmola por alí; ao cal o mariscal fíxollo pedir. E o conde, que non pregaba a Deus outra cousa, concedeullo sen atrancos, por máis que lle fose penoso afastarse del. Tendo, pois, o conde ao fillo e á filla arranxados, pensou non demorar máis tempo en Inglaterra, e como mellor puido pasou a Irlanda; e, ao chegar a Strangford, entrou de criado do vasalo dun conde campesiño, facendo todas as cousas que son propias dun criado ou mozo. E aquí, sen ser recoñecido por ninguén, con moito anoxo e traballo, ficou longo tempo.

Violante, chamada Giannetta, coa xentil dona en Londres foi medrando en anos, feitura e beleza, e en tanta gracia da esposa e do marido, e do resto da casa e de calquera que a coñecía, que era cousa marabillosa de ver; e non había quen, ao reparar nas súas maneiras e costumes, non dixese que non era digna de todo grandísimo ben e honor. Polo que a xentil dona que a recibira do pai, sen nunca ter podido saber quen

era senón polo que a el lle oíra dicir, propúxose casala honorabelmente, segundo a condición da que cría que era. Mais Deus, xusto protector dos méritos alleos, coñecendo que ela era muller nobre e que levaba sen culpa a penitencia do pecado alleo, dispuxo doutro modo; e para que a xentil dona non caese en mans dun home vil, debemos crer que o que aconteceu permitiuno El pola súa benevolencia.

Tiña a xentil dona, coa que Giannetta moraba, un só fillo do seu marido, ao que tanto ela coma o pai amaban sobre maneira, non só por ser o fillo, senón tamén porque por virtude e valía o tiña merecido, xa que era cortés, valoroso e ben feito coma ningún outro. O cal, tendo seis anos máis ca Giannetta e véndoa fermosísima e xeitosa, namorouse tan fortemente que para alá dela nada vía. E como el imaxinaba que debía de ser de baixa condición, non soamente non ousaba pedírllela aos pais como esposa, senón que, temendo ser reprendido por ter ido amar tan baixamente, ocultaba o seu amor canto podía; polo que o atormentaba moito máis que se o tivese manifestado. De onde ocorreu que, por exceso de mágoa, enfermou, e gravemente; e chamados, para a súa curación, moitos médicos e observados un síntoma tras doutro sen poderen coñecer en absoluto a súa doenza, ningún deles tiña ningunha esperanza de salvalo. Do que o pai e a nai tiñan tan grande dor e melancolía, que maior non se podería ter; e a miúdo preguntábanlle pola razón do seu mal con rogos piadosos, aos cales ou daba por resposta suspiros ou que se sentía esmorecer.

Sucedeu un día que, sentando cabo del un médico moi novo, pero na ciencia moi profundo, e téndoo polo brazo nesa parte onde eles buscan o pulso, Giannetta, que, por respecto á súa nai, servíao solicitamente, por algunha razón entrou na cámara onde o mozo estaba deitado. E cando a viu, sen dar fala nin facer aceno ningún, sentiu no corazón máis fortemente o amoroso ardor, polo que o pulso lle comezou a bater máis que de costume; o que o médico sentiu de contado, e pasmou, e estivo quedo para ver cánto duraba aquel bater. Cando Giannetta saíu da cámara, minguaron os latexos, polo que o médico creu saber en parte a razón da doenza do mozo; e, de alí a un pouco, coma se quixese preguntarlle algunha cousa a Giannetta, sempre tendo ao enfermo polo brazo, mandouna chamar, e ela veu de contado; tan logo entrou na cámara, volveulle ao mozo o bater do pulso, e, ao marchar ela, cesou este.

Polo que, crendo o médico ter a plena certeza, erguéndose el e levando á parte o pai e a nai do mozo, díxolles:

—A cura do voso fillo non está na axuda dos médicos, senón que mora nas mans de Giannetta, á que, segundo eu manifestamente coñecín por certos síntomas, o mozo ama afervoadamente, aínda que ela non se decata, polo que vexo. Xa sabedes o que tendes que facer, se amades a súa vida.

Ao tal oíren, o home e a súa esposa puxéronse contentos, por canto atopaban algún modo para a salvación do mozo, por máis que lles pesase que aquilo que temían fose verdade, isto é, teren que lle dar Giannetta ao seu fillo por esposa.

Así pois, ido o médico, foron cabo do enfermo; e a dama díxolle así:

—Meu fillo, nunca eu pensaría que me ocultases algún desexo teu, e sobre todo sentíndote devecer por non alcanzalo; pois debías estar certo, e debes, de que nada hai

que para o teu contento facer puidese, aínda que non fose de todo honorábel, que non o fixese como para min mesma. Pero, posto que o fixeches, ocorreu que Deus Noso Señor se compadeceu de ti máis ca ti mesmo, e, para non morreres desta doenza, fíxome sabedora da razón do teu mal, a cal non é outra que o excesivo amor que gardas por algunha moza, sexa ela cal for. E en verdade non debías de te avergoñar de confesalo, pois que a túa idade o require; e se ti non estiveses namorado, eu habíate de ter en ben pouco. Así que, meu fillo, non te gardes de min e descúbreme confiadamente todo o teu desexo; e bota para fóra o cadillo e a melancolía que tes e que proceden desa doenza, e consólate, e está certo de que nada haberá que ti me impoñas para a túa satisfacción que non o faga no que eu poida, pois que te amo máis cá miña vida. Bota fóra a vergoña e o medo, e dime se podo facer algo polo teu amor. E se non atopas que me mostro solícita nin que logre tal efecto, considérame a máis cruel nai que ten parido un fillo.

O mozo, así que oíu as palabras da nai, primeiro acorou; logo, pensando que ninguén mellor ca ela podería satisfacer o seu pracer, botando fóra a vergoña, díxolle:

—Miña señora, nada me fixo tervos agochado o meu amor senón decatarme de que a maior parte das persoas, logo que entran en anos, non se queren lembrar de que foron novas. Pero, xa que vexo que niso sodes discreta, non só non negarei que é verdade aquilo que dicides ter advertido, senón que tamén vos hei revelar de quen; con esta condición: que cumprades a vosa promesa no que puiderdes, e así estarei san para vós.

Ao que a dama, receando demasiado que aquilo lle había de resultar tal como ela tiña para si, respondeu abertamente que lle confiase todo o seu desexo, que ela, sen máis demora, poría en obra o que a el lle prouguese.

—Señora –dixo entón o mozo–, a gran beleza e as maneiras, dignas de toda loanza, da nosa Giannetta, e non poder facer que reparase no meu amor, non xa que se compadecese, e non ter ousado nunca manifestarllo a ninguén, conducíronme a onde vós me vedes; e se o que me prometestes non se cumpre dun modo ou doutro, estade certa de que a miña vida será breve.

A señora, a quen o momento lle parecía máis axeitado para o consolo que para a reprensión, dixo:

—¡Ai, meu fillo, ¿e logo foi por iso que te deixaches enfermar? Consólate e déixame facer a min, logo que esteas curado.

O mozo, cheo de boa esperanza, en brevísimo tempo deu sinais de grandísima melloría; polo que a señora, moi contenta, dispúxose a ver a maneira de cumprir o que lle prometera. E, chamando un día a Giannetta, preguntoulle chanceando e moi amabelmente se tiña algún amante.

Giannetta, toda acorada, respondeu:

—Miña señora, a unha doncela pobre e expulsada da casa, como eu son, e que vive ao servicio dos outros, como fago eu, non se lle pide nin lle acae atender ao amor.

Ao que a señora dixo:

—Pois se vós non o tendes, nós queremos darvos un, do que viviredes toda gozosa, e deleitarédesvos máis coa vosa beldade, pois non é conveniente que tan bela doncela coma vós fique sen amante.

Ao que Giannetta respondeu:

—Miña señora, vós criástesme como filla, tirándome da pobreza do meu pai, e por iso debería compracervos en todo; mais nisto nos vos hei de compracer, e creo que fago ben. Se a vós vos prace darme un marido, a el fago mentes de amar, pero non a outro; pois da herdanza dos meus devanceiros nada me ficou senón a honestidade, e pretendo gardala e conservala mentres viva.

Estas palabras parecéronlle á dama moi contrarias ao obxecto que se propuña lograr para cumprir a promesa feita ao seu fillo, aínda que, como dama discreta, moito estimase nos seus adentros á doncela; e dixo:

—E logo, Giannetta, se o noso señor El-Rei, que é un xove cabaleiro, sendo ti fermosísima doncela, quixese algún pracer do teu amor, ¿habíasllo negar?

Ao que, de súpeto, respondeu a moza:

—El-Rei podería forzarme, pero co meu consentimento, agás o que fose honesto, nada de min podería obter.

A dama, comprendendo cal fose o seu ánimo, calou e pensou en poñela a proba; e, así, díxolle ao fillo que isto faría, cando estivese bo: había de meter nunha cámara a Giannetta con el, e que se amañase para obter dela o seu pracer, dicindo que lle parecía deshonesto que ela, a guisa dunha alcaiota, suplicase polo fillo e rogase á súa doncela. Co cal o mozo non cadrou conforme en ningún modo e foi moito a peor. E a dama, ao velo, manifestoulle o seu propósito a Giannetta. Pero atopándoa máis firme que nunca, contándolle ao marido o que fixera, aínda que grave lles parecese, de mutuo consentimento determinaron darlla por esposa, preferindo o fillo vivo, con esposa non conveniente, a morto sen ningunha. E logo de moito baduar, así fixeron. Do que Giannetta moito se folgou e con devoto corazón agradeceulle a Deus non tela esquecido; aínda que non por iso deixou de se ter por filla dun picardo. O mozo curou e celebrou as vodas máis ledo que home ningún e comezou a levar boa vida con ela.

Perotto, que ficara en Gales co mariscal de El-Rei de Inglaterra, igualmente medrando, obtivo a gracia do seu señor e chegou a ser moi ben feito de persoa e valente coma ningún outro na illa, mentres que nin nos torneos nin nas xustas nin en ningún outro feito de armas había no país ninguén que valese o que el; polo que, chamado por todos Perotto o picardo, era coñecido e afamado. E igual que Deus non esquecera a súa irmá, así tamén demostrou que o tiña en mentes, pois, chegada a aquela bisbarra unha pestilente mortaldade, case levou consigo a metade da xente e, para máis, unha grandísima parte da restante fuxiu co medo para outras bisbarras, polo que a terra toda parecía abandonada. Na cal mortaldade, o seu señor o mariscal, a súa esposa, un seu fillo e sobriños e parentes, todos morreron, e só ficou unha súa doncela, xa en tempo de casar, e, con algúns outros familiares, Perotto. Ao cal, cesando un algo a peste, a doncela, como era home honrado e valente, con gusto e consello dalgúns poucos paisanos que quedaron vivos, tomou por marido, e de todo

aquilo que por lei lle tocara en herdanza fíxoo señor; e non pasou moito tempo que, oíndo El-Rei de Inglaterra que o mariscal morrera e coñecendo a valía de Perotto o picardo, púxoo no lugar do defunto e fíxoo o seu mariscal. E así, en poucas palabras, aconteceu cos dous inocentes fillos do conde de Anveres, abandonados crendo telos perdido.

Xa pasara o ano décimo oitavo des que o conde de Anveres, fuxido, partira de París, cando, morando en Irlanda, tendo pasado por moitas cousas en abondo mísera vida, véndose xa vello, entráronlle arelas de saber, se puidese, o que fora dos fillos. Polo que, véndose mudado no aspecto que adoitaba ter e sentíndose polo longo exercicio máis baril que cando, mozo, vivía folgado, partindo moi pobre e mal vestido de onde botara tanto tempo, veuse para Inglaterra, e foi para onde deixara a Perotto; e atopou que era mariscal e gran señor, e viuno san e baril e aposto; o cal lle agradou moito, pero non quixo darse a coñecer en tanto non soubese o que fora de Giannetta. Polo que, poñéndose en camiño, non parou ata chegar a Londres; e aquí, preguntando cautamente pola dama con quen deixara a súa filla e polo seu estado, atopou a Giannetta esposa do fillo, o que moito lle prougo, e reputou pequena toda a súa pasada adversidade, posto que atopara os fillos vivos e en bo estado. E desexoso de podela ver, comezou como pobre a aconchegarse á casa dela, onde, ao velo un día Giachetto Lamiens, que tal era o nome do esposo de Giannetta, sentindo por el compaixón, posto que o viu pobre e vello, mandou a un dos seus criados que o levase para a casa e lle fixese dar de comer por amor de Deus. O que o criado fixo de bo grado.

Giannetta tivera de Giachetto varios fillos, o máis vello dos cales non pasaba de oito anos, e eran os máis riquiños e xeitosos nenos do mundo; os cales, cando viron ao conde comer, todos se lle puxeron arredor e comezaron a facerlle gracias, coma se, movidos por oculta virtude, tivesen oído que el era seu avó. O cal, sabendo que eran seus netos, comezou a demostrarlles amor e a facerlles garatuxas; polo que os nenos non querían afastarse del, por máis que o que atendía ao seu goberno chamase por eles. Polo que Giannetta, oíndo isto, saíu dunha cámara e veu a onde estaba o conde e ameazounos con bater fortemente neles se non facían o que o mestre quería. Os nenos comezaron a chorar e a dicir que querían estar cabo daquel home bo, que os amaba máis có seu mestre; do que tanto a dona coma o conde riron. Erguérase o conde, non como pai senón como home pobre, para cumprimentar á filla como señora, e, ao vela, sentira na alma marabilloso pracer; pero ela nin agora nin logo o coñeceu en nadiña, pois mudara sobre maneira de cómo adoitaba ser, de xeito que o que fora vello, cano e barbudo, convertérase en fraco e moreno, e parecía máis ben un home distinto do conde. E vendo a dona que os nenos non querían arredarse del, senón que, ao velo partir, choraban, díxolle ao mestre que os deixase ficar un anaco.

Estando, pois, os nenos con aquel bo home, sucedeu que volveu o pai de Giachetto e polo mestre soubo do caso; e el, que desprezaba a Giannetta, dixo:

—Déixaos estar coa mala ventura que Deus lles dea, que son o retrato de aquilo de onde naceron; eles son, pola nai, descendentes de vagabundos, e por iso non é marabilla que queiran estar con vagabundos.

Oíu o conde estas palabras e moito lle doeron; pero, encollendo os ombros, sufriu aquela aldraxe como sufrira outras moitas. Giachetto, que oíra a festa que os fillos ao bo do home, isto é, ao conde, lle facían, por máis que lle desgustaba, con todo, queríalles tan ben que, antes que velos chorar, mandou que, se o bo do home quería ficar alí como servente, que o admitisen. O cal respondeu que ficaba de bo grado, pero que só sabía coidar dos cabalos, o que adoitara facer durante toda a vida. Asignándolle, pois, un cabalo, logo de acomodalo, andaba a brincar cos nenos.

Mentres a fortuna, desta guisa que vai descrita, conducía ao conde de Anveres e aos seus fillos, sucedeu que El-Rei de Francia, logo de moitas treguas cos alemáns, morreu, e no seu lugar foi coroado o fillo, do cal era esposa aquela pola que o conde fora expulsado. Este, rematada a última tregua cos alemáns, proseguiu a moi áspera guerra; e na súa axuda, como novo súbdito, mandou El-Rei de Inglaterra moita xente baixo o mando do seu mariscal Perotto, e de Giachetto Lamiens, fillo do outro mariscal; co cal foi o bo home, isto é, o conde, que, sen ser recoñecido por ninguén, demorou no exército por un bo tempo a guisa de mozo de cabalos; e alí , como home valioso, tanto con consellos coma con feitos, axudou moito máis do que se lle requiría.

Ocorreu durante a guerra que a raíña de Francia enfermou gravemente; e sabendo ela mesma que estaba á morte, arrepentida de todos os seus pecados, confesou devotamente co arcebispo de Ruán, o cal era considerado por todos santísimo e valente home, e, entre outros pecados, contoulle aquel polo que o conde Anveres sufrira tan grande mal. E non só se contentou con dicirllo a el, senón que diante de moitos homes bos contou cómo fora todo, pregándolles que actuasen ante El-Rei para que o conde, se estaba vivo, e, senón, algún dos seus fillos, fosen devoltos ao seu estado; e non tardou moito que, xa finada, foi sepultada honrosamente.

Tal confesión, referida a El-Rei, logo dun magoado suspiro polas aldraxes feitas ao valente home, moveuno a publicar por todo o exército, e, ademais, noutras moitas partes, un bando: que quen lle amosase o conde de Anveres ou algún dos seus fillos, sería por el altamente recompensado por cada un, como queira que el o consideraba inocente de aquilo polo que partira para o exilio, pola confesión que fixera a raíña, e entendía devolvelo ao estado que tiña ou maior. O conde, cando, con figura de mozo, oíu estas cousas, sentindo que así era en verdade, supetamente foi onda Giachetto e pregoulle que fose con el onda Perotto, pois el quería mostrarlles o que El-Rei andaba a procurar.

Xuntos, pois, os tres, o conde, que xa fixera mentes de se descubrir, díxolle a Perotto:

—Perotto, Giachetto, que está aquí, é o esposo da túa irmá e nunca recibiu dote ningún; e, por iso, para que a túa irmá non estea sen dote, pretendo que el, e non outro, obteña este beneficio, que El-Rei promete tan grande, por ti, e te recoñeza fillo do conde de Anveres, e por Violante, túa irmá e súa esposa, e por min, que son o conde Anveres e voso pai.

Perotto, ao tal oír, mirándoo en fite, recoñeceuno súpeto; e, chorando, botóuselle aos pés e abrazouno dicindo:

—¡Meu pai, sede moito benvido!

Giachetto, oíndo primeiro o que o conde dixera e vendo despois o que facía Perotto, foi sorprendido no intre por tanta marabilla e tanta ledicia, que mal sabía o que debía facer. Pero, dándolles creto ás palabras e avergoñándose moito das palabras inxuriosas ditas por el contra o conde mozo de cabalos, deixouse caer aos seus pés chorando e humildemente pediu perdón pola pasada aldraxe; o cal o conde moi benignamente, póndoo en pé, lle concedeu. E logo que todos tres se contaron os varios casos de cada un, bagoando e reloucando moito xuntos, querendo Perotto e Giachetto revestir ao conde, de ningunha maneira o sufriu, mais quixo que, tendo primeiro Giachetto a certeza de obter o galardón prometido, llo presentase a El-Rei tal como estaba e con aquel vestido de mozo de cabalos, a fin de avergoñalo máis.

Giachetto, pois, foi co conde e con Perotto onda El-Rei e ofreceuse a presentarlle ao conde e aos seus fillos, coa condición de que, de acordo co bando, o galardoase. El-Rei, prestamente, fixo que trouxesen o marabilloso galardón aos ollos de Giachetto e mandou que o levase, se en verdade mostraba o conde e os fillos, tal como prometía. Giachetto, entón, virándose e pondo diante ao conde mozo e a Perotto, dixo:

—Meu señor, velaquí o pai e mailo fillo; a filla, que é miña esposa e non está aquí, coa axuda de Deus verédela axiña.

El-Rei, cando tal oíu, mirou para o conde; e aínda que moito mudara de como adoitaba ser, con todo, despois de telo mirado un pouco, recoñeceuno, e case con bágoas nos ollos, a el, que estaba axeonllado, púxoo en pé, e beixouno e abrazouno; e recibiu amigabelmente a Perotto, e mandou que, de contado, o conde fose provisto de criados, de cabalos e de armas, como a súa nobreza requiría; o cal foi feito no intre. Amais disto, El-Rei honrou moito a Giachetto e quixo saber todo verbo dos seus casos pretéritos; e cando Giachetto tomou os altos galardóns por terlle mostrado ao conde e aos fillos, díxolle o conde:

—Toma estes galardóns da magnificencia do noso señor El-Rei, e lémbrate de lle dicir ao teu pai que os teus fillos, os seus, e os meus netos, non son, por parte de nai, nados de vagabundo.

Giachetto tomou os dons e fixo vir de París a esposa e maila sogra, e veu a esposa de Perotto; e alí, en grandísima festa, estiveron co conde, a quen El-Rei devolveu todos os seus bens, e engrandeceuno máis que nunca; logo, coa súa licencia, volveu para a casa. E, ata a súa morte, viviu en París, e nunca máis gloriosamente.

## CONTO NOVENO

*Bernabó de Xénova, enganado por Ambruogiuolo, perde o seu e manda dar morte á súa inocente esposa; esta sálvase e, vestida de home, serve ao sultán; volve atopar co enganador e conduce a Bernabó a Alexandría e, castigado o enganador, volvendo vestir roupa feminina, regresa co marido para Xénova, e ambos ricos.*

Logo de ter cumprido Elissa o seu deber co seu tristeiro conto, a raíña Filomena, a cal era fermosa e alta de estatura, e de cara máis ca outra pracenteira e risoña,

reconcentrándose, dixo:

—Cómpre respectar o pacto con Dioneo, de maneira que, quedando só el e mais eu para contar, eu contarei primeiro o meu, e el, que o pediu de gracia, será o derradeiro que conte.

E, dito isto, comezou así.

Adoita o vulgo dicir con frecuencia este proverbio: que o enganador fica ao pé do enganado; o cal non se pode demostrar que sexa certo, digo eu, se non se demostrase polos casos que se dan. E por iso, seguindo o asunto proposto, ao mesmo tempo, fago mentes, queridísimas donas, de mostrarvos como iso que se di é certo; e non vos será desagradábel telo oído, para que dos enganadores vos saibades gardar.

Había en París, nunha pousada, algúns importantes mercadores italianos, cal por un negocio, cal por outro, segundo era costume; e unha noite, logo de cearen alegremente, comezaron a parolar sobre diversas cousas, e, pasando dunha parola a outra, puxéronse a falar das súas esposas, ás cales deixaran na casa.

E, de brincadeira, veu dicir un:

—Eu non sei cómo fai a miña; pero eu ben sei que cando me cae de xeito algunha rapaza que me prace, deixo de man o amor que lle teño á miña esposa e collo da moza todo o pracer que podo.

O outro respondeu:

—E eu fago o mesmo, porque se creo que a miña esposa procura algún pracer, é que o fai, e, se penso que non, faino igualmente; así que, quen tal fixo tal pague, onde as dan tómanas.

Ao falar, o terceiro chegou á mesma idea. E, en breve, todos pareceron estar de acordo en que as esposas deixadas soas non querían perder o tempo.

Só un, que se chamaba Bernabó Lomellin de Xénova, dixo o contrario, afirmando que el, por especial gracia de Deus, tiña por esposa a muller máis adornada, quizais, entre todas as donas que houbese en Italia, de todas as virtudes que debe ter unha dona, e mesmo un cabaleiro, ou escudeiro; porque era fermosa de corpo e bastante nova aínda, e lizgaira, e robusta, e nada había propio de dona, como bordar labores de seda e cousas semellantes, que ela non fixese mellor que ningunha outra. E, amais diso, dicía que non había ningún escudeiro, ou servidor por así dicir, que servise a mesa dun señor como servía ela, tan cortés era, tan sabia e discreta. E, xunto a iso, loou dela que sabía mellor cabalgar un cabalo, ter dun falcón, ler e escribir e facer contas que se fose un mercador; e disto, logo doutras moitas gabanzas, chegou a aquilo do que se falaba, afirmando baixo xuramento que non se podería atopar outra máis honesta nin máis casta ca ela; polo que el cría con certeza que se el permanecese dez anos, ou mesmo sempre, fóra de casa, ela non se había de enredar con outro home en lerias coma esas.

Había entre estes mercadores que así parolaban, un mozo mercador chamado Ambruogiuolo de Piagenza, o cal comezou a facer a maior burla do mundo desta

última loanza que Bernabó fixera da súa esposa; e, chanceando, preguntoulle se o emperador lle concedera este privilexio sobre o resto dos homes. Bernabó, un algo turbado, dixo que o emperador non, mais que, Deus, que podía un pouco máis có emperador, concedéralle esta gracia.

Entón dixo Ambruogiuolo:

—Bernabó, eu non dubido en absoluto que creas dicir verdade, pero, ao meu parecer, tiveches pouco en conta a natureza das cousas, porque, de ter reparado, non te creo tan basto de mente para non coñeceres nela certas cousas que che farían falar máis moderadamente verbo desta materia. E para que non penses que nós, que falamos das nosas esposas moi libremente, cremos ter unha esposa distinta da túa, pero que o dixemos movidos por unha convicción natural, quero falar un pouco contigo sobre este asunto. Eu teño entendido que o home é o animal máis nobre que, entre os mortais, foi creado por Deus, e logo a muller; pero o home, tal como polo regular se cre e ve polas obras, é máis perfecto; e, tendo maior perfección, sen dúbida ten que ter máis firmeza, e, de feito, tena, pois polo regular as mulleres son máis volúbeis, e o porqué poderíase demostrar por moitas razóns naturais, as cales quero deixar agora de man. Se o home, pois, é de meirande firmeza e non se pode dicir que non poida condescender, xa non digamos a unha que lle pregue, a non desexar unha que lle praza, e, a máis do desexo, a facer o que poida para estar con ela, e se tal lle ocorre, non unha vez ao mes, senón miles ao día, ¿que esperas ti que unha muller, volúbel por natureza, non poida facer ante os rogos, os afagos, os agasallos, e os milleiros de maneiras que empregue un home sagaz que a ame? ¿Coidas que ela poida resistir? Certamente, aínda que o afirmas, coido que non o cres; e ti mesmo dis que a túa esposa é muller, e que é de carne e óso, como son as outras. Pois, se así é, os mesmos desexos deben de ser os seus e as súas forzas as mesmas que as outras teñen para resistir estes naturais apetitos; polo que é posíbel que, mesmamente sendo honestísima, faga o que as outras fan, e nada se pode negar con tal rotundidade, nin afirmar o contrario, como ti fas.

Ao que Bernabó, respondendo, dixo:

—Eu son mercador e non filósofo, e como mercador vou responder. E digo que sei que o que ti dis que lles pode ocorrer ás babecas, que non teñen vergoña ningunha; pero as que son sabias teñen tanta solicitude pola súa honra que se tornan máis fortes cós homes, que non curan dela, para gardala; e, entre as que son así, está a miña.

Dixo Ambruogiuolo:

—Certamente, se de cada vez que elas se ocupan nestas angueiras lles nacese un corno na testa, o cal dese testemuño do que fixeron, penso que poucas eran as que se ocupaban; pero non é que o corno non naza, é que, ás que son espelidas, non lles aparece nin rastro nin pegada del, e a vergoña e o estrago do honor non existe senón nas cousas manifestas; porque, cando poden, fano ás agachadas, ou déixano por necidade. E ten isto por certo: que soamente é casta aquela que nunca foi pregada por alguén, ou, se ela pregou, non foi oída. E aínda que eu saiba que así debe ser por razóns naturais e certas, non falaría tan convencido, se non tivese feito a proba moitas

veces e con moitas. E eu dígoche que, se chegase a estar xunto a esa túa esposa tan santísima, coido que en breve anaco de tempo había de levala ao que xa teño levado outras.

Bernabó, alporizado, respondeu:

—Debater con palabras podería estenderse demasiado; ti dirías, eu diría, e, ao cabo, nada adiantabamos. Mais, posto que dis que todas son tan volúbeis e que a túa agudeza é tanta, a fin de que eu te convenza da honestidade da miña esposa, estou disposto a que me sexa tallada a cabeza se ti es capaz de levala con tal acto á cousa que che praza; e se non podes, eu non quero que perdas máis que mil florín de ouro.

Ambruogiuolo, xa aceso na disputa, respondeu:

—Bernabó, eu non sei o que había de facer co teu sangue, se che gañase; pero se queres ter unha proba do que acabo de defender, xoga cincocentos florín de ouro dos teus, que che deben de ser menos queridos cá cabeza, contra mil dos meus; e se non me pos ningún límite de tempo, eu quero obrigarme a ir a Xénova e, ao cabo de tres meses desde que parta de aquí, a ter feito coa túa esposa a miña vontade, e en sinal diso traer comigo algunhas das súas cousas máis queridas e tales feitos e indicios, que ti mesmo has de confesar que é verdade, sempre que, naturalmente, me prometas polo teu honor non ires a Xénova nese tempo nin lle escribires nada a ela sobre este asunto.

Bernabó dixo que lle pracía moito; e por máis que os outros mercadores que alí estaban lidaron para impedir este trato, coñecendo que podía ocasionar grande mal, estaban tan acesos os ánimos de ambos os dous mercadores que, malia a vontade dos outros, obrigáronse un ao outro apertando as súas mans.

E, feito o trato, Bernabó ficou e Ambruogiuolo, o máis axiña que puido, marchou para Xénova; e ficando algúns días e informándose con moita cautela do nome do arrabalde e dos costumes da dona, oíu dicir todo aquilo, e máis aínda, que

lle oía a Bernabó; polo que lle pareceu ter iniciado unha empresa desatinada. Con todo, tendo coñecido a unha pobre muller que ía moito por aquela casa e a quen a dona lle quería ben, ao non podela inducir a outra cousa, subornouna con diñeiro e nunha arca construída para o caso fixo que o levasen por mediación dela non só á casa, senón mesmo á cámara da xentil dona; e aquí, como se ela quixese ir para algures, a boa da muller, segundo a orde dada por Ambruogiuolo, confioulla por algúns días.

Ficando, pois, a arca na cámara e chegada a noite, cando Ambruogiuolo pensou que a dona durmía, abríndoa con certos mecanismos que tiña, saíu quedamente á cámara, na cal había unha luz acesa; polo que comezou a observar e a gardar na memoria a forma e a disposición da cámara, as pinturas e cada cousa notábel que nela había. Logo, achegándose ao leito e vendo que a dona e unha rapaciña durmían profundamente, destapándoa toda de vagar, viu que era tan fermosa núa como vestida, pero non lle viu sinal ningún para poder contalo, fóra dun que tiña debaixo da teta esquerda, que era unha pinta ao redor da cal había algúns peliños louros coma ouro; e, visto tal, volveuna cubrir de vagar, aínda que, ao vela tan fermosa, lle entrase o desexo de poñer en risco a súa vida e deitarse á súa beira. Con todo, tendo oído que era tan crúa

e ríspeta neses asuntos, non se arriscou. E pasando a maior parte da noite pola cámara como quixo, tirou dun cofre seu unha bulsa, unha garnacha, uns aneis e un cinto, e, poñéndoo todo na súa arca, volveu tamén para ela e pechouna tal como estaba; e así fixo dúas noites sen que a dona se decatase de nada. Ao terceiro día, segundo a orde dada, a mulleriña volveu pola súa arca e levouna alí de onde a trouxera; e saíndo dela Ambruogiuolo, e pagada a muller conforme o prometido, o máis axiña que puido volveu para París con esas cousas antes do prazo acordado.

Alí, chamados aqueles mercadores que estiveran presentes nas conversas e nas apostas, presente Bernabó, dixo ter gañado a aposta que fixeran, porque cumprira aquilo de que se xactara; e para demostrar que era certo, primeiramente debuxou a forma das cámaras e as súas pinturas, e despois amosou as cousas que levara consigo, afirmando telas obtido dela. Confesou Bernabó que a cámara era tal como dicía e, ademais, recoñeceu que aquelas cousas foran da súa esposa; pero dixo que el podía ter sabido as propiedades da cámara por algún dos criados e ter obtido as cousas de maneira semellante; polo que, se non lle dicía máis, non lle parecía que isto chegase para dalo por gañador.

Ao que Ambruogiuolo dixo: —Abofé que debería chegar; mais, posto que queres que eu diga máis aínda, heino dicir. Dígoche que dona Zinevra, túa esposa, ten debaixo da teta esquerda unha pinta ben grandeira, arredor da cal hai uns seis peliños louros coma ouro.

Cando Bernabó tal oíu, pareceulle que lle deran cun coitelo no corazón, tanta dor sentiu; e, con todo o rostro demudado, mesmo sen piar, deu sinal manifesto de ser verdade o que Ambruogiuolo dicía; e, de alí a un pouco, dixo:

—Señores, o que di Ambruogiuolo é verdade; e, por tanto, tendo gañado el, veña cando lle praza e será pago. E, ao outro día, Ambruogiuolo foi totalmente pago.

E Bernabó, partindo de París, co ánimo cheo de carraxe contra a súa esposa, foi para Xénova. E, apesarándose, non quixo entrar nela, senón que ficou afastado unhas vinte millas, nunha herdanza de seu; e a un criado, no cal confiaba moito, con dous cabalos e con cartas, mandouno para Xénova, escribíndolle á súa esposa que volvera e que viñese cabo del; e ao criado ordenoulle secretamente que, cando estivese coa dona no lugar que mellor lle parecese, a matase sen ningunha compaixón e volvese onda el.

Chegado, pois, o criado a Xénova, e dadas as cartas e feito o seu recado, foi recibido pola dona con grande alborozo; e, á mañá seguinte, montando co criado a cabalo, colleu camiño para á súa herdanza. E camiñando xuntos e falando de diversas cousas, chegaron a un val moi fondo e senlleiro e choído por altas penas e árbores; e achando o criado que aquel era o lugar axeitado para cumprir sen perigo a orde do seu señor, sacando o coitelo e agarrando a dona polo brazo, dixo:

—Miña señora, encomendade a vosa ánima a Deus, porque, sen seguir máis adiante, tedes que morrer.

A dona, ao ver o coitelo e escoitar as palabras, toda espantada, dixo:

—¡Piedade, por Deus! Antes de me matar, dime en qué te ofendín para teres que

matarme.

—Miña señora –dixo o criado– a min non me ofendestes en nada; mais en qué ofendestes ao voso marido eu non o sei, salvante que el me mandou que, sen ningunha compaixón, vos dese morte neste camiño; e ameazoume con facerme aforcar se non o cumpría. Ben sabedes a lei que lle teño e cómo non podo negarme a nada do que el me mande; ben sabe Deus que sinto compaixón por vós, mais non podo facer outra cousa.

Ao que a dona, chorando, dixo:

—¡Ai, piedade, por Deus! Non queiras facerte homicida de quen nunca te ofendeu, para servir a outro. Deus, que todo o coñece, sabe que eu nunca fixen cousa pola cal deba recibir tal pago do meu marido. Pero deixemos iso agora; ti podes, de quereres, compracer asemade a Deus, ao teu señor e a min, da seguinte maneira: colle estes meus vestidos e dáme só o teu xibón e un capucho, e volve con eles onda o teu señor, e meu, e dille que me mataches; e eu xúroche pola saúde que ti me habías de dar que me hei afastar e marcharei a onde nunca xamais, nin a el, nin a ti, nin a esta bisbarra chegue nova ningunha de min.

O criado, que a mataba mal de seu grado, facilmente se compadeceu; polo que, tomando as súas roupas e dándolle un xibonciño seu e mais un capucho e deixándoa con algún diñeiro que ela levaba, pregándolle que se arredase daquelas bisbarras, deixouna no val a pé e foi a onda o seu señor, ao cal lle dixo que a súa orde non só fora cumprida, senón que o cadáver dela o deixara entre varios lobos. Bernabó, logo dalgún tempo, volveu para Xénova e, ao saberse o que fixera, foi fortemente recriminado.

A dona, ficando soa e desconsolada, ao caer a noite, disimulando o mellor que puido, foi para un pequeno rueiro próximo; e alí, adquirindo dunha vella o que precisaba, arranxou o xibón á súa medida, e acurtándoo e facendo coa súa camisa un par de bragas, e cortando o pelo e transformándose toda nun mariñeiro, foi para o mar, onde, por acaso, atopou cun xentilhome catalán, de nome señor En Cararh, o cal dunha nave súa, que estaba algo lonxe de alí, desembarcara en Alba para se refrescar nunha fonte. Co cal, entrando en conversa, acomodouse como servidor e embarcou, facéndose chamar Sicurano da Finale. Alí, vestido de novo polo xentilhome con mellores panos, comezouno a servir tan ben e con tanta dilixencia, que lle caeu sobre maneira en gracia. Ocorreu de alí a pouco que este catalán navegou a Alexandría coa súa carga e levoulle algúns falcóns peregrinos ao sultán, cos que o agasallou; e como o sultán lle dese algunha vez de comer e observase as maneiras de Sicurano, que sempre o andaba a servir, e collendo gusto del, pediullo ao catalán, e este, mal de seu grado, deixoullo.

Sicurano, en breve tempo, coa súa dilixencia, conquistou a gracia e o amor do sultán non en menor grao cá do catalán; polo que, co paso do tempo, ocorreu que, debéndose celebrar en certa época do ano, a guisa de feira, unha grande xuntanza de

mercadores, cristiáns e sarracenos, en Acre (a cal estaba baixo o señorío do sultán), para que os mercadores e as mercadorías estivesen seguros, adoitaba enviar o sultán, amais dos seus oficiais, algúns dos seus homes bos con xente que atendese á garda;

para a cal necesidade, ao chegar o momento, determinou mandar a Sicurano, que xa coñecía a lingua optimamente; e tal fixo.

Chegado, pois, Sicurano a Acre como señor e capitán da garda dos mercadores e da mercadoría, e facendo ben e solicitamente o que pertencía ao seu oficio, e andando observando á toa, como vise moitos mercadores sicilianos, pisanos, xenoveses, venecianos e outros italianos, mesturábase gustosamente con eles, por lle lembraren a súa bisbarra. E ocorreu que, tendo desembarcado certa vez nun almacén de mercadores venecianos, acertou a ver, entre outras xoias, unha bulsa e un cinto que el, de contado, recoñeceu teren sido súas, e marabillouse; pero, sen amosar pasmo ningún, preguntou amabelmente de quen eran e se as querían vender.

Chegara alí Ambruogiuolo de Piacenza con moita mercadoría, nunha nave de venecianos; o cal, cando oíu que o capitán da garda preguntaba de quen eran aquelas cousas, adiantouse e, rindo, dixo:

—Señor, as cousas son miñas e non as vendo; pero, se vos pracen, eu dóuvolas de boa gana.

Sicurano, ao velo rir, sospeitou que o recoñecera por algún xesto; pero, co rostro impasíbel, dixo:

—Ti ris, se cadra, porque me ves a min, home de armas, preguntando por cousas de mulleres.

Dixo Ambruogiuolo:

—Señor, eu non río diso, senón de cómo as gañei.

Ao que Sicurano dixo:

—Veña, así Deus te salve; se non é vergoñoso, di como as gañaches.

—Señor –dixo Ambruogiuolo– deumas, con algunha outra cousa, unha xentil dona de Xénova, chamada dona Zinevra, esposa de Bernabó Lomellin, unha noite que me deitei con ela, e pregoume que eu as tivese polo seu amor. E eu rin porque iso lembroume a necidade de Bernabó, o cal foi tan tolo que xogou cinco mil floríns de ouro contra mil a que eu non arrastraba a súa esposa ao meu pracer; cousa que fixen, e gañei a aposta; e el, que pola súa bestialidade debía terse castigado a si mesmo antes que a ela, que fixo o que fan todas as mulleres, volvendo de París para Xénova, seica a fixo matar.

Sicurano, ao que tal oíu, comprendeu cál fora a razón da ira de Bernabó e soubo claramente quen era a causa de todo o seu mal; e fixo mentes de non deixalo impune. Finxiu, pois, Sicurano, ter gustado moito daquel caso, e, con astucia, tomou con el unha estreita familiaridade, tanto que, polos seus consellos, Ambruogiuolo, rematada a feira, con el e con todas as súas cousas, partiu para Alexandría, onde Sicurano lle outorgou un almacén e lle puxo nas mans moito do seu diñeiro; polo que el, vendo que lle viña moita ganancia, ficaba de bo grado. Sicurano, disposto a demostrarlle a súa inocencia a Bernabó, non acougou ata que, coa axuda dalgúns grandes mercadores xenoveses que estaban en Alexandría, argallando estrañas razóns, fixo que aquel

viñese; e, estando el en precaria situación, fixo que o recibise ocultamente algún amigo seu, ata que parecese chegado o tempo de facer o que pretendía.

Fixéralle xa contar Sicurano a Ambruogiuolo o caso diante do sultán, e lograra que ao sultán lle prouguese; pero, tan logo viu alí a Bernabó, pensando que non conviña demorar o caso, aproveitando unha ocasión oportuna, pediulle ao sultán que fixese vir a Ambruogiuolo e Bernabó, e que, en presencia de Bernabó, se non se podía polas boas, se arrincase polas malas de Ambruogiuolo a verdade de cómo fora aquilo do que el se oufanaba da esposa de Bernabó. Polo que, chegados Ambruogiuolo e Bernabó, o sultán, en presencia de moitos, mandoulle con rostro severo a Ambruogiuolo que dixese cómo lle gañara a Bernabó cinco mil floríns de ouro; e estaba presente alí Sicurano, no que Ambruogiuolo máis confiaba, o cal, con rostro máis demudado aínda, ameazábao con grandísimos tormentos se non o dicía. Polo que Ambruogiuolo, asustado por unha e outra parte, e mesmo algo obrigado, en presencia de Bernabó e de moitos outros, non esperando máis castigo que a restitución dos cinco mil floríns de ouro e das outras cousas, contou claramente todo, tal como acontecera.

E logo que Ambruogiuolo falou, Sicurano, case como executor do sultán naquel intre, volvéndose para Bernabó, dixo:

—¿E ti que lle fixeches á túa esposa por esta mentira?

Ao que Bernabó respondeu:

—Eu, preso da ira pola perda do meu diñeiro e da vergoña pola aldraxe que cría ter recibido da miña esposa, fixen que un meu criado a matase; e, segundo este me contou, foi devorada axiña por moitos lobos.

Ditas estas cousas en presencia do sultán e por este escoitadas todas e entendidas, sen aínda saber qué era o que Sicurano, que tal dispuxera e pedira, pretendía lograr, díxolle Sicurano:

—Meu señor, xa podedes agora coñecer con toda claridade cánto aquela boa muller pode oufanarse de amante e marido; que o amante a priva da honra con mentiras, lixando a súa fama, e, asemade, arruína ao marido; e o marido, máis crédulo das falsidades alleas que da verdade que podía ter coñecido tras longa experiencia, faina matar e ser comesta dos lobos; e, por riba, téñenlle tanto agarimo e tanto amor o amigo e mailo marido, que, logo de moraren longamente con ela, ningún deles a recoñece. Pero, posto que vós sabedes optimamente o que cada un deles merece, se me concededes a gracia especial de mandar castigar ao enganador e perdoar ao enganado, eu farei que ela veña aquí ante a vosa presencia.

O sultán, disposto nisto a compracer a Sicurano en todo, dixo que lle pracía e que mandase vir á dona. Marabillábase en grande maneira Bernabó, o cal a daba firmemente por morta; e Ambruogiuolo, xa adiviño do seu mal, algo peor temía que pagar diñeiro, e non sabía qué esperar nin qué temer máis, polo feito de que a dona aparecese alí, pero esperaba, abraiado, a súa chegada.

Feita, pois, a concesión do sultán a Sicurano, este, chorando e botándose de xeonllos ante o sultán, case a un tempo separou a voz masculina e o non querer parecer home,

e dixo:

—Meu señor, eu son a mísera e desventurada Zinevra, que andei seis anos pasando traballos polo mundo con feitura de home, vituperada falsa e criminalmente por este traidor de Ambruogiuolo, e entregada á morte por este home inicuo e cruel a un dos seus criados e a ser comesta dos lobos.

E rachando os vestidos e amosando o peito, fíxolle manifesto ao sultán e a todos os outros que era muller, e logo, revolvéndose para Ambruogiuolo, preguntoulle con inxurias cándo, conforme el se oufanaba, se deitara con ela; e el, xa recoñecéndoa e case mudo de vergoña, non falaba.

O sultán, que sempre por home a tivera, vendo e oíndo isto, ficou tan abraiado, que coidou moitas veces que aquilo que vía e oía era máis soño que realidade. Nembargantes, así que cesou o pasmo, coñecendo a verdade, loou sobre maneira a vida, a constancia, os costumes e mais a virtude de Zinevra, ata entón chamada Sicurano. E facéndolle vir honrosísimas vestiduras femininas e mulleres que lle fixesen compaña, segundo a demanda feita por ela, perdooulle a merecida morte a Bernabó. O cal, recoñecéndoa, botouse aos pés dela chorando e pediulle perdón que, malia ser indigno del, lle concedeu, e fíxoo erguer tenramente, abrazándoo como marido seu.

O sultán, despois, mandou que de contado, nalgún lugar da cidade, Anbruogioulo fose atado ao sol a un pao e untado con mel, e que non o levasen de alí en tanto que el por si mesmo non caese; e tal se fixo. Despois, mandou que o que fora de Ambruogiuolo lle fose dado á dona, que non era tan pouco para non valer menos de dez mil dobras; e, facendo arranxar unha magnífica festa, na cal honrou a Bernabó como marido de dona Zinevra e a dona Zinevra como valerosísima dona, e regaloulles quer en xoias, quer en vaixelas de ouro e prata, quer en diñeiro, o que valería máis doutras dez mil dobras. E facendo que lles aparellasen un barco, logo de celebrada a festa, deulles licencia para poderen volver a Xénova, se querían; a onde volveron riquísimos e con gran ledicia, e foron recibidos con sumo honor, especialmente dona Zinevra, a quen todos daban por morta; e sempre, mentres viviu, foi moi considerada e de grande virtude.

Ambruogiuolo, o mesmo día que o ataron ao pao e untaron de mel, con grandísima angustia, foi non soamente morto, senón tamén polas moscas, as avespas e os tabáns, nos que aquel país é moi abondoso, devorado ata os ósos, que logo ficaron brancos e colgando dos tendóns longo tempo, sen seren movidos do sitio, e deron testemuña da súa maldade a calquera que os viu. E así o enganador ficou aos pés do enganado.

## CONTO DÉCIMO

*Paganino de Mónacoróuballe a esposa a don Riccardo di Chinzica; o cal, sabendo onde está, colle e faise amigo de Paganino; pídella, e el, sempre que ela queira, concédella; ela non quere volver con el e, morto don Riccardo, convértese na esposa de Paganino.*

Toda a honesta compaña celebrou sumamente por fermoso o conto contado pola raíña, e maximamente Dioneo, o único que quedaba por contar na presente xornada. O cal, logo de facer moitas gabanzas de aquela, dixo.

Fermosas donas, unha parte do conto da raíña fíxome mudar de opinión sobre contarvos un, que tiña no ánimo, e ter que contarvos outro: e aquela foi a bestialidade de Bernabó, por máis que a el lle saíse ben, e a de todos os que se dan a crer o que el manifestaba que cría; isto é, eses que, andando polo mundo folgando quer con unha quer con outra, imaxinan que as mulleres que quedan na casa están cos brazos cruzados, coma se nós, que nacemos, medramos e estamos con elas, non saibamos o que elas desexan. E con este conto, mostrareivos ao mesmo tempo canta é a necidade de todos estes, e canto é maior aínda a daqueles que, estimándose máis poderosos cá natureza, cren con andrómenas poder o que non poden, e tratan de levar aos outros a ser o que non son, sen que o soporte a natureza de quen é arrastrado.

Houbo en Pisa, pois, un xuíz, máis dotado de enxeño que de forza corporal, de nome el Riccardo di Chinzica, o cal crendo que satisfacía as mulleres coas mesmas obras que empregaba para os estudios, sendo moi rico, procurou con non pouca dilixencia obter por esposa unha dona nova e belida, cando dunha cousa e mais da outra, de ter sabido aconsellarse a si mesmo como facía cos outros, debía ter fuxido. E o tal veulle dado porque don Lotto Gualandi deulle por esposa unha filla, o nome da cal era Bartolomea, unha das máis belas e máis doces mozas de Pisa, aínda que ben poucas hai alí que non semellen lagartas rabudas. E levándoa o xuíz para a casa con grandísimo gozo, e feitas unhas vodas moi belas e magníficas, conseguiu por acaso a primeira noite consumar o matrimonio tocándolle unha soa vez, pero por pouco non fixo táboas; e, logo á mañá, como era fraco e seco e de pouco espírito, houbo que devolvelo ao mundo con garnacha e con doces restauradores e con outros remedios.

Ora, este señor xuíz, calculando as súas forzas mellor que antes, púxose a ensinarlle un calendario, bo para os nenos que aprenden a ler e que tal vez fora feito en Ravena. Porque, segundo lle mostraba, ningún día había no que non só houbese unha festa, senón moitas, e para respectalas explicaba que, por diversas razóns, home e muller debían absterse de semellantes axuntamentos, engadindo a isto xaxúns, catro témporas, vixilias dos apóstolos e doutros mil santos, e sextas feiras e sábados e días santos e a coresma toda, e certas fases da lúa e outras moitas excepcións, pensando que se cadra conviña facer festa coas mulleres no leito como el facía ás veces cos preitos. E tal costume mantivo longo tempo, non sen grave melancolía da esposa, á que só lle tocaba unha vez ao mes, gardándoa sempre ben, non fose alguén aprenderlle os días laborábeis como el lle aprendera os festivos.

Ocorreu que, indo moita calor, a don Riccardo veulle o desexo de irse distraer a un lugar de seu, moi fermoso, preto de Monte Nero, e demorar aquí algúns días para tomar o ar, e levou consigo a linda esposa. E estando aquí, para lle dar algunha diversión, mandou un día ir pescar, e en dúas barquiñas, el nunha cos pescadores e ela noutra con outras donas, foron mirar; e, levados polo deleite, entraron no mar de fóra varias millas sen se decataren. E, cando máis atentos estaban a mirar, de súpeto, sobreveu unha galeota de Paganino da Mare, daquela moi famoso corsario, e, ao ver

as barcas, dirixiuse a elas; as cales non puideron fuxir tan axiña sen que Paganino non atinxise aquela onde ían as donas; e, ao ver nela a belida esposa, sen querer máis nada, á vista de don Riccardo, que xa estaba en terra, subíndoa á gaelota, partiu. Visto o cal por o señor xuíz, que era tan celoso que receaba mesmo do ar, quedou tan magoado que non fai falla preguntalo. E, sen proveito, tanto en Pisa coma noutros sitios, doeuse da maldade dos corsarios, sen saber quen lle quitara a esposa nin para ónde a levara.

Paganino, cando a viu tan linda, coidou ter feito ben; e non tendo esposa, pensou quedar con ela para sempre, e, como choraba moito, comezouna docemente a consolar. E, cando empardeceu, téndolle caído a el o calendario do cinto, e esquecéndolle toda feira ou festa, púxose a consolala con feitos, ao ver que, de día, de pouco lle valeran as palabras; e tanto a consolou, que, antes de chegaren a Mónaco, así o xuíz como as súas leis xa lle esvaeceran da memoria e comezou a vivir moi alegremente con Paganino; o cal, levándoa para Mónaco, amais dos consolos que de día e noite lle daba, tíñaa honorabelmente como a súa esposa.

Despois dun certo tempo, como chegase a oídos de don Riccardo ónde estaba a súa esposa, con ardentísimo degaro, pensando que ninguén sabía facer o que se precisaba para aquilo, determinou ir el mesmo por ela, disposto a gastar polo seu rescate calquera cantidade de diñeiro; e, facéndose ao mar, foi para Mónaco, e aquí viuna, e ela a el, a cal díxollo á noite a Paganino e informouno das súas intencións. Á mañá seguinte, don Riccardo, como vise a Paganino, achegouse a el e en pouco tempo colleron moita confianza e amigaron, facendo Paganino coma que non o coñecía e agardando a ver o que se propuña; polo que, cando a don Riccardo lle pareceu o momento, descubriulle como mellor e máis amabelmente soubo a razón pola que viñera, pregándolle que tomase o que quixese e lle devolvese a esposa.

Ao que Paganino, con rostro alegre, respondeu:

—Señor, sede benvido, e respondendo brevemente, dígovos: é verdade que eu teño unha moza na casa, que non sei se é a vosa esposa ou a doutro, pois a vós non vos coñezo, nin tampouco a ela, fóra de que morou algún tempo comigo. Se vós sodes o seu marido, como dicides, posto que me parecedes xentilhome amábel, hei de levarvos onda ela, e estou certo de que ela vos ha coñecer ben. Se ela di que é tal como dicides e quere partir convosco, por mor da vosa amabilidade, darédesme como rescate o que vós mesmo queirades; pero, se así non fose, fariádesme vilanía por quererma quitar, pois eu son mozo e podo, coma calquera outro, ter muller, e especialmente ela, que é a máis agradábel que nunca vin.

Dixo entón don Riccardo:

—É a miña esposa, abofé, e se ti me levas onda ela, veralo axiña: háseme botar de contado ao pescozo; e por iso non pido senón o que ti mesmo propuxeches.

—Daquela –dixo Paganino–, imos.

Indo, pois, para a casa de Paganino e estando nunha súa sala, Paganino mandouna chamar; e ela, vestida e composta, saíu dunha cámara e veu para onde don Riccardo estaba con Paganino, e fíxolle tanto caso a don Riccardo como lle tería feito a

calquera forasteiro que viñese cabo de Paganino. Do que o xuíz, que esperaba ser recibido por ela con grandísima festa, moito se marabillou, e tivo para si: "Tal vez a melancolía e a longa dor que sentín ao perdela tanto me desfiguraron, que ela non me recoñece".

Polo que dixo:

—Señora, ben caro me custa levarte a pescar, pois nunca se sentiu mágoa semellante á que sentín despois de te perder, e agora seica non me recoñeces, tan rabudamente me tratas. ¿Non ves que eu son o teu don Riccardo, vindo aquí para pagar o que quixer este xentilhome na casa do cal estamos, para te recuperar e levarte comigo, e que el, pola súa mercé, devólvete a min polo que queira darlle?

A dona, virando para el, sorrindo un chisco, dixo:

—Señor, ¿faládesme a min? Mirade ben de non tomarme por outra, que, no que a min respecta, eu non lembro tervos visto nunca.

Dixo don Riccardo:

—Mira o que dis, mírame ben: se ben te acordas, ben verás que eu son o teu Riccardo di Chinzica.

A dona dixo:

—Señor, perdoádeme; se cadra non é para min cousa honesta mirarvos moito, como vos podedes figurar, e, con todo, mireivos tanto, que estou certa de que nunca vos vin.

Imaxinou don Riccardo que ela facía isto por medo a Paganino, non querendo confesar na súa presencia que o coñecía; polo que, de alí a un cacho, pregoulle a Paganino poder falar con ela a soas na cámara. Paganino dixo que lle pracía, sempre que non a bicase contra o gusto dela; e mandoulle á dona que fose canda el á cámara e oíse o que el quixese dicir e que cómo lle prouguese lle respondese.

Indo, pois, á cámara a dona e don Riccardo, así que sentaron, don Riccardo púxose:

—¡Ai, meu corazón, doce alma miña, miña esperanza, ¿e logo non recoñeces o teu Riccardo, que te ama máis ca a si mesmo? ¿Como pode ser isto? ¿Tanto teño mudado? ¡Ai, lume destes ollos meus, mírame un pouco!

A dona comezou a rir e, sen deixalo seguir, dixo:

—Ben sabedes que eu non son tan estúpida como para non saber que vós sodes Riccardo di Chinzica, o meu marido; pero, mentres eu estiven convosco, mostrastes coñecerme moi mal, pois, se erades sabio ou o sodes, como queredes que se vos considere, ben deberades ter tanto coñecemento como para ver que eu era moza, fresca e gallarda, e saber, por tanto, aquilo que as mulleres novas, a máis do vestir e do comer, requiren, aínda que non o digan por vergoña; e como o faciades, vós o sabedes. E se vos era máis de agrado o estudio das leis ca a esposa, non deberades tela tomado; aínda que a min nunca me parecestes xuíz, senón que me pareciades un pregoeiro de feiras e festas, tan ben as sabiades, e xaxúns e vixilias. E dígovos que se lles tiverades feito cumprir tantas festas aos labregos que traballan nos vosos herdos como llas faciades cumprir a aquel que debía labrar a miña leira, nunca recolleriades

nin un só gran. Batín con este que Deus quixo, como piadoso observador da miña mocidade, con quen estou nesta cámara, na cal non se sabe qué cousa é festa, falo desas festas que vós, máis devoto de Deus que de servir ás donas, tanto celebrabades; nin nunca entrou por esa porta sábado nin sexta feira nin vixilia nin catro témporas nin coresma, que é tan longa, senón que se traballa día e noite e cárdase a la; e des que esta noite tocaron a matíns, ben sei como foi a cousa unha vez máis. Polo tanto, con el pretendo ficar e traballar mentres sexa nova, e as festas e as romaxes e os xaxúns heinos reservar para cando for vella; e vós partide o máis axiña que poidades, e facede sen min as festas que queirades.

Don Riccardo, oíndo estas palabras, sufría unha dor insoportábel, e, logo que viu que ela calaba, dixo:

—Ai, doce alma miña, ¿que palabras son esas? ¿Acaso non respectas o honor dos teus parentes e mais o teu? ¿Prefires estar aquí como barregana deste e en pecado mortal a estar en Pisa como miña esposa? Este, cando lle sexas aborrecida, hate botar fóra con gran vituperio de ti mesma; eu heite querer sempre ben, e sempre, aínda que eu non o queira, has de ser señora da miña casa. ¿Debes ti, por este apetito desordenado e deshonesto, deixar a túa honra e a min, que te amo máis ca á miña vida? ¡Anda, miña querida esperanza, non fales máis así, vente comigo; de aquí en diante, posto que xa coñezo o teu desexo, heime de esforzar; pero, meu doce ben, cambia o teu pensar e vente comigo, que non sentín ben ningún des que te me levaron.

Ao que a dona respondeu:

—Da miña honra non sei quen poderá ocuparse senón eu, agora que xa é tarde; ¡oxalá o tivesen feito os meus parentes cando me entregaron a vós! Que, se non se ocuparon entón da miña, non entendo como o hei de facer agora coa súa; e se eu estou agora en pecado mortal, heino de estar mentres machuque a súa man: non vos curedes de min. E dígovos que aquí me parece que son a esposa de Paganino e que en Pisa me parecía ser a vosa barregana, pensando que segundo as fases da lúa e as cuadraturas da xeometría cumpría entre vós e min unirmos os planetas, mentres que aquí Paganino me ten toda a noite nos seus brazos e apértame e trábame, e como me maza, que Deus volo diga por min. Dicides tamén que vos esforzaredes, pero, ¿en que? ¿En empatar en tres bazas ou endereitala a paos? ¡Eu sei que vos convertestes nun cabaleiro de prol desde que non vos vin! Ide, e esforzádevos por vivir, pois, do contrario, parece que esteades neste mundo de alugamento, tan fraquiño e tristeiro me parecedes. E aínda vos digo máis: que cando este me deixe, ao que non parece disposto mentres eu queira ficar, non fago mentes de volver a vós, de quen, mesmo preméndovos todo, non se sacaba nin un unha escudela de mollo, pois, para o meu dano e con pago dun gravoso interese, xa estiven unha vez; polo que buscaría o gaño noutro sitio. Así que vos digo de novo que aquí onde eu pretendo quedar non hai festa nin vixilia; e, por iso, o máis axiña que poidades, ide con Deus, senón berrarei que me queredes forzar.

Don Riccardo, vendo que saíra mal parado e recoñecendo só entón a súa loucura de ter collido muller moza sendo impotente, saíu da cámara triste e aflixido e díxolle moitas palabras a Paganino, as cales de nada serviron. E, finalmente, sen lograr nada, deixando a muller, volveu para Pisa; e caeu en tal loucura a causa da dor, que, indo

por Pisa, a todo aquel que o saudaba ou lle preguntaba algo, nada lle respondía senón: "O mal furo non quere festa"; e ao cabo de pouco tempo, morreu.

E sabedor Paganino e coñecendo a lei que a dona lle tiña, tomouna por lexítima esposa, e sen gardar nunca festa nin vixilia nin a coresma, traballaron e xoldaron ben, mentres as pernas lles rexeron. Polo que, miñas queridas donas, coido que don Bernabó, porfiando con Ambruogiuolo, cabalgaba unha cabra contra o precipicio.

Tanto fixo rir este conto a toda a compañía, que ninguén había a quen non lle doesen as queixadas; e, de común acordo, todas as donas dixeron que Dioneo falaba verdade e que Bernabó fora unha besta. Mais logo que o conto rematou e os risos acalmaron, tendo reparado a raíña en que xa era hora avanzada e que todos xa contaran o seu conto, e que chegara á fin do seu mandato, segundo o costume establecido, quitando a grilanda da cabeza, púxoa sobre a testa de Neifile con alegre cara, dicindo:

—Desde agora, querida compañeira, sexa teu o goberno deste pequeno pobo –e volveu sentar.

Neifile arrubiou un pouco polo honor recibido, e o seu rostro volveu como unha fresca rosa de abril ou de maio se mostra ao riscar o día, cos ollos doces e faiscantes tal matutina estrela, un pouco baixos. Mais logo que o conforme alboroto dos presentes, no que mostraban alegremente o seu favor cara a raíña, acalmou e ela renovou o ánimo, sentando un algo máis alta do que adoitaba, dixo:

—Pois así é que eu son a vosa raíña, sen arredarme da maneira observada polas que o foron antes de min, o goberno das cales loastes obedecendo, heivos facer manifesto o meu parecer, e se é loado pola vosa opinión, ese seguiremos. Como sabedes, mañá é sexta feira e, pasado mañá, sábado, días, polas comidas que se acostuman neles, un algo aburridos para a maioría; á parte que a sexta, considerando que nela sufriu a paixón Aquel que morreu pola nosa vida, é digna de reverencia, polo que reputaredes como cousa xusta e moi

honesta que, en honor a Deus, que atendesemos antes a oracións que a contos. E, ademais, o sábado é usanza das mulleres lavaren a cabeza, quitaren o po e toda a sucidade causada polo traballo de toda a semana; e moitas, en honor da Virxe, nai do Fillo de Deus, adoitan tamén xaxuar, e de aí en diante, por respecto ao domingo seguinte, descansar de todo traballo; polo que, non podendo seguir plenamente neses días a orde de vida adoitada por nós, tamén estimo axeitado que ese día nos absteñamos de contar. Despois, como levaremos aquí catro días, se queremos evitar que veña xente nova, acho oportuno mudármonos de aquí e irmos para outro lugar; e a ónde eu xa o pensei e prevín. Alí, cando nos xuntemos o domingo despois da sesta, tendo o tema de hoxe concedido amplo argumento para contar, tanto porque teredes máis tempo para pensar como porque ha de ser aínda máis bonito restrinxirmos a liberdade dos asuntos e falarmos tocante a un dos moitos casos de fortuna, eu pensei que este será: de quen con enxeño lograse algunha cousa moi desexada ou, perdida, a recuperase. Sobre isto pense cada un en dicir algo que lle poida ser útil ao grupo ou, cando menos, deleitoso, quitando sempre o privilexio de Dioneo.

Todos loaron as falas e a proposta da raíña, e decidiron que así fose. Ela, de seguido,

facendo chamar o seu mordomo, expúxolle e ordenoulle ónde debía poñer á noite as mesas e qué debía facer durante o tempo do seu reinado; e feito tal, poñéndose en pé coa compañía, deulles licencia para que cada un fixese o que lle prouguer.

Colleron camiño, pois, as donas e os homes cara a un xardinciño, e alí, logo de se distraeren un pouco, chegada a hora da cea, cearon con ledicia e pracer; e erguéndose, cando quixo a raíña, guiando Emilia a carola, respondendo as outras, foi cantada por Pampinea a seguinte canción:

¿Que dona ha de cantar se non son eu,
que satisfixen o desexo meu?
Ven, pois, Amor, razón do meu contento,
e da miña esperanza e meu lecer;
imos xuntos cantar,
non de suspiros nin de sufrimento
que máis doce me fan o teu pracer,
senón do claro fogo
no que en festas ardendo vivo e xogo,
onde te adoro como propio deus.
Ti puxéchesme aos ollos, Amor,
tan logo no teu fogo penetrei
un mancebiño tal
que en beldade, ousadía e máis valor
nunca outro maior atoparei,
nin sequera outro igual:
del tanto me inflamei que, moi xovial,
canto agora, señor, ao lado teu.
E o que nisto me é sumo pracer
é que eu lle agrado canto el me agrada,
Amor, por túa mercé;
polo que neste mundo o seu querer
posúo, e no outro sosegado
estarei pola fe
que lle teño. E Deus, que isto ve,
ha concedernos o reino do ceu.

Despois desta, cantáronse outras moitas e bailáronse máis danzas, e soaron diversas arias; pero estimando a raíña que eran horas de irse deitar, precedidos polos fachos, foi cada un para a súa cámara. E ocupándose os dous días seguintes daquelas cousas que dixera a raíña, esperaron arelantes polo domingo.